O pasado 24 de maio de 2022 procedeuse á inauguración oficial da denominada Cidade da Xustiza de Vigo, malia que xa se advertía que a infraestrutura non estaba rematada, nin en condicións de ser utilizada. A rehabilitación e acondicionamento para usos xudiciais, do que na altura foi o denominado Hospital Xeral Cíes – Vigo, cuxo custe superou os 40 millóns de euros e con sobreprezos superiores ao 30% do orzamento inicial e que motivaron distintos requirimentos de información e documentación, aínda sen cumprimentar pola Xunta de Galiza; fica pendente de conclusión.

Xa na data da inauguración oficial diversas organizacións sindicais e políticas advertían da existencia de eivas en tan importante infraestrutura que atinxían a aspectos tan elementais como os arquivos, sobre os que apreciaba falla de espazo.

Iniciado o traslado á denominada Cidade da Xustiza dos case 40 xulgados, dependencias da Audiencia Provincial e Fiscalía, xa se están a apreciar algunha das advertencias realizadas no seu día e respecto das que a Xunta de Galiza fixo caso omiso.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así como consecuencia das choivas producidas o pasado mes de decembro resultaron afectados diversos expedientes xudiciais, denunciándose tanto a situación como a carencia de medios para paliar os efectos das mesmas. Non só a ausencia de espazo para albergar os expedientes xudiciais, senón tamén a inexistencia de deshumidificadores e calefactores que permitan a conservación e coidado da documentación xudicial.

Xa que logo resulta sorprendente a tanto a falla de previsión, como a precipitación nun traslado para o que o acontecido non se están a adoptar as medidas axeitadas para a protección, cando menos, de instrumentos esenciais para o funcionamento da administración de xustiza.

E por iso que se formulan as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Como consecuencia das choivas rexistradas na cidade de Vigo no pasado mes de decembro producíronse filtracións na denominada Cidade da Xustiza de Vigo?

Cal foi a razón das filtracións e que actuacións se realizaron para evitar que se podan reproducir?

No seu caso, as filtracións afectaron a expedientes xudiciais?

Ten constancia a Xunta de Galiza do número de expedientes afectados?

Que medidas se adoptaron para a recuperación total dos expedientes prexudicados? Utilizouse para tal fin e como indican distintos medios de comunicación “papel de baño”?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Existe a previsión de espazo na Cidade da Xustiza de Vigo para custodiar máis de 100.000 caixas de expedientes xudiciais ou, no seu caso, cal será o destino desta documentación?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Alexandra Fernández Gómez

Carmela González Iglesias

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/01/2023 14:01:13

Carmela González Iglesias na data 04/01/2023 14:01:17

Alexandra Fernández Gómez na data 04/01/2023 14:01:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa á protección de humidais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os humidais son espazos de grande valor e ambiental, elementos clave da conservación da biodiversidade e o uso sustentábel do territorio, e teñen tamén un papel central na loita contra a emerxencia climática.

Por outra parte, teñen tamén moita importancia na regulación do ciclo hidrolóxico e na preservación dos recursos hídricos, un ben esencial para o presente e o futuro dos ecosistemas, das comunidades locais e do planeta no seu conxunto.

Malia o seu alto valor ecolóxico, son ambientes que sofren diversos tipos de ameazas e agresións por causa de aterros, drenaxes, construción de infraestruturas, instalacións de equipamentos, plantacións forestais, etc.

Para garantir a protección destes espazos, existen instrumentos de ámbito internacional, estatal e galego que prevén a súa protección, conservación e xestión. Ademais da normativa derivada do convenio de Ramsar e das directivas e comunicacións europeas, cómpre ter en conta o previsto na lei estatal sobre patrimonio natural e biodiversidade (2007), no Decreto 435/2004 polo que se regula o Inventario Nacional de zonas húmidas, na lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade de Galiza, e no Decreto 127/2008 polo que se desenvolve o rexime xurídico e se crea o Inventario de humidais de Galiza. Por outra parte, o Plan Estratéxico para a Diversidade Biolóxica 2011-2020 e as propias Metas de Aichi





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

(CBD, 2010) establecen o marco para reformular e asegurar os obxectivos de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade.

Malia este corpus legal, a realidade é que a maior parte dos humidais galegos de importancia internacional non contan con plan de conservación. E malia que no ano 2003 se publicou o Inventario de humidais de Galiza no que se recollen un total de 1.131 humidais, a inmensa maioría deles non están protexidos nin contan con instrumentos de conservación e xestión. Actualmente Galiza conta con só 6 humidais de importancia internacional (Ría de Ortigueira e Ladrado, Complexo Intermareal do Grove-Umia, Complexo Dunar de Corrubedo, Carregal e Vixán, Lagoa e Areal de Valdoviño, Ría do Eo e Parque das Illas Atlánticas), sen que nos últimos 26 anos se engadise ningún novo espazo a esta figura máxima de protección. Unha situación que contrasta coa doutras comunidades, que incrementaron substancialmente os humidais Ramsar.

Os 1.131 espazos do inventario de humidais de Galiza distribúense do seguinte xeito:

- Humidais mariños e costeiros: 133 (13,3% do total) e unha superficie de 20.677 ha. (28,7% do total).
- Humidais continentais: 659 (58,4% do total), superficie de 34.441 ha (48,8%)
- Humidais subterráneos: 7 (0,6% do total), superficie de 0,6 ha
- Humidais artificiais: 312 (27,6% do total), superficie de 15.965,8 ha (22,7%)

Do total dos humidais, 380 están incluídos total ou parcialmente e 751 están excluídos da Rede Natura, de maneira que unha grande parte non contan con figuras específicas de protección. A este respecto hai que ter en conta, por unha parte, a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

esixencia da Comisión Europea de ampliación da Rede Natura (con especial atención a turbeiras e queirogais húmidos) que deu lugar ao inicio en 2008 e 2012 de senllos procesos que foron abortados polo goberno da Xunta do PP, e, por outra, o procedemento aberto pola Comisión en 2015 a respecto da insuficiencia do Plan Director da Rede Natura (2014) como instrumento de protección e xestión destes espazos e en consecuencia a obriga de aprobar plans específicos de xestión para cada un dos espazos integrados na Rede.

Por outra parte, existe un problema no acceso á información sobre os humidais, sobre todo a partir da desaparición en 2016 do Sistema de Información Territorial da Biodiversidade de Galicia (SITEB), polo que non existe ningún enderezo web no que se poida acceder de maneira directa á información sobre os humidais que integran o Inventario de humidais de Galiza. E no Inventario Español de Zonas Húmidas, non aparecen os humidais de Galiza.

Con respecto ao estado de conservación dos humidais, existe un estudo do ano 2017, publicado polo IDADER (“Conservación e xestión de humidais”), que alerta sobre o deterioro e mal estado de conservación destes espazos. Dos 29 tipos do Inventario, só 3 teñen un estado de conservación bo, 1 ten un estado regular, e o resto (25) teñen un estado de conservación deficiente. Dos clasificados como deficientes, 8 teñen un estado de conservación “malo”, 11 teñen un estado “moi malo” (nas que se inclúen as turbeiras altas e os queirogais húmidos), e 6 tipos de humidais teñen un estado de conservación “crítico”. A citada publicación inclúe unha listaxe de 60 humidais galegos que deberían ter a consideración de “humidais protexidos” e, deles, 14 propostas de Humidais de importancia internacional (Ramsar).

Na Lei 5/2019 do patrimonio cultural e a biodiversidade inclúese nos “espazos naturais protexidos” a categoría de “zona húmida protexida” e prevese que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

se inclúan todos os espazos declarados nesta categoría no Inventario das zonas húmidas de Galiza.

Recentemente o Consello da Xunta aprobou o Plan Hidrolóxico Galiza Costa para o período 2021-2027, que inclúe entre as medidas a adoptar a protección dos humidais incluídos no Inventario, así como outras zonas húmidas de interese. Cómpre polo tanto actuar de xeito áxil para garantir a protección destes espazos, que están ameazados por diversos proxectos de explotación industrial dos montes galegos. E ademais é necesario que os dous departamentos da Xunta con competencias na materia, Augas de Galicia e Patrimonio Natural, actúen de maneira coordinada para garantir tanto a protección legal, a inclusión no rexistro oficial e o desenvolvemento dun plan de recuperación e rexeneración de zonas húmidas degradadas ou deterioradas.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Que valoración fai o goberno galego sobre o estado de conservación dos 1.131 humidais de Galiza?

Que opinión lle merece ao goberno galego o feito de que unha parte importante dos humidais teñan un estado de conservación deficiente, segundo se desprende do estudo publicado polo IBADER?

Que medidas ten previsto poñer en marcha o goberno galego para reverter esta situación?

Ten previsto a Xunta de Galiza desenvolver un plan de protección e conservación dos humidais galegos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten previsto o goberno galego declarar zonas húmidas potexidas e facer unha proposta de ampliación dos humidais de importancia internacional (RAMSAR)?

Cando prevé a Xunta de Galiza activar o Inventario Galego do Patrimonio Natural e a Biodiversidade?

Como valora a Xunta de Galiza o impacto de infraestruturas de enerxía e plantacións forestais nos humidais de montaña considerados espazos prioritarios pola UE?

Que medidas vai desenvolver a Xunta para garantir a protección efectiva dos humidais incluídos no Inventario de humidais de 2003 e para levar a cabo unha actualización e ampliación que teña en conta a nova información dispoñíbel e as achegas de colectivos cidadáns e ecoloxistas?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2023 16:32:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tanto a administración do Estado como a Xunta están ocupando de maneira ilegal o dominio público marítimo terrestre na Xunqueira do Alba, no concello de Pontevedra. Ningunha das instalacións alí existentes neste espazo natural, declarado ENIL no ano 2012, ten concesión en vigor, tal como se informou nunha resposta parlamentar do goberno central ao BNG.

No caso da administración do Estado, está ocupando de maneira ilegal parte do ENIL e o dominio público coas edificacións e instalacións da Dirección Xeral de Tráfico (Centro de Exames de Conducir), Parque Móvil do Estado e Dirección Xeral de Protección da Costa e do Mar. En relación con esta materia, o BNG xa presentou no Congreso iniciativas dirixidas ao goberno central.

No que atinxe á administración autonómica, está ocupando de maneira ilegal dúas parcelas do dominio público marítimo terrestre, xa que as concesións remataron no ano 2018 e non se solicitou ningunha prórroga. A Axencia Galega de Infraestruturas ten alí unha edificación e unha zona de estacionamento e depósito de materiais pertencente ao Centro de Conservación e Vialidade Invernal. A Consellaría de Medio Rural ten tamén unha edificación de talleres e base de bombeiros forestais, que segundo información dada polo Director Xeral de Defensa do Monte en sede parlamentar van ser





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

substituídos por ubicacións alternativas previstas en Botos (Lalín) e no Campiño (Pontevedra).

Mentres a Deputación de Pontevedra está a levar a cabo un ambicioso proxecto de rexeneración ambiental do espazo ocupado polo parque de maquinaria e da imprenta provincial, con un investimento de máis de 3,6 millóns de euros, nada se sabe das previsións, prazos e investimentos da Xunta para deixar libres os espazos do ENIL, levar a cabo a demolición das edificacións e rexenerar o espazo.

Tendo en conta a próxima tramitación dos orzamentos autonómicos do 2023, estamos diante dunha grande oportunidade para comezar a cumprir a lei, para respectar o dominio público marítimo terrestre e para gañar un gran espazo verde e de lecer nun ámbito que a Estratexia Galega de Infraestrutura Verde considera de interese prioritario.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. En que prazo prevé a Xunta abandonar os terreos de dominio público que está a ocupar de maneira ilegal na Xunqueira do Alba (Pontevedra)?

. Que previsións e prazos ten a Xunta en relación co traslado e novo emprazamento das instalacións de Infraestruturas e Medio Rural que actualmente están no ENIL da Xunqueira do Alba?

. Ten previsto a Xunta elaborar os correspondentes proxectos de demolición e rexeneración ambiental dos terreos que está ocupando de maneira ilegal na Xunqueira do Alba?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten previsto o goberno galego incluír nos orzamentos de 2023 unha partida para contratar os proxectos de demolición e rexeneración ambiental dos terreos que ocupa a Xunta na Xunqueira do Alba?

. Que previsións ten a Consellaría de Infraestruturas en relación co traslado das instalacións que ten a Axencia Galega de Infraestruturas na Xunqueira do Alba?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Manuel Lourenzo Sobral
Alexandra Fernández Gómez
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 04/01/2023 16:39:46

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2023 16:39:52

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 04/01/2023 16:39:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a sobre mortalidade de gaivotas no encoro de Vilagudín.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos véñense producindo episodios recorrentes de mortes de gaivotas, unha situación que se dá con especial virulencia no encoro de Vilagudín, situado nos concellos de Ordes, Tordoia e Cerceda. Presumíbelmente esta mortalidade está causada por un gromo de botulismo, provocado pola bacteria *Clostridium botulinum*. Segundo datos de Adegá, a maior parte das aves afectadas son gaivotas patiamarelas, especie que experimentou un declive moi importante nas súas poboacións en Galiza.

Como consecuencia destas mortes, a Xunta decretou a prohibición da pesca no encoro de Vilagudín, mentres non se coñezan as causas deste episodio e as súas causas. Mais trátase dunha medida insuficiente e tardía, xa que estas mortes lévanse producindo desde fai cando menos 7 anos e estanse dando tamén noutras zonas do noso país.

Estamos diante dun problema grave, que pode estenderse a outras especies de animais e constituír un risco para a saúde pública. Por iso debe ser obxecto dunha investigación rigorosa e exhaustiva, que inclúa a inspección dos vertedoiros nos que se alimentan as aves. Esta inspección debe centrarse no vertedoiro de Areosa polas súas dimensións e porque, pola proximidade con Vilagudín, é a principal zona de alimentación das gaivotas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Desde cando ten coñecemento a Xunta dos episodios de mortaldade de gaivotas patiamarelas?

. Que datos existen sobre a baixada da poboación destas gaivotas?

. Que medidas adoptou a Xunta en relación coa mortaldade de gaivotas patiamarelas?

. Esta levando a cabo o goberno galego unha investigación sobre estas mortes?

. Levou a cabo o goberno galego inspeccións nos vertedoiros próximos a Vilagudín para coñecer as causas da morte de gaivotas e outras aves?

. Ten datos a Xunta sobre a posibilidade de extensión deste gromo a outras especies?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 04/01/2023 16:42:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2023 16:42:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente veñen de cumprirse dous meses da parada da actividade de ENCE debido á situación de prealerta no río Lérez e á escaseza de auga na presa de Bora. A fábrica de Lourizán ten un consumo de auga moi elevado, uns 12 millóns de m³/ano, que capta no cauce do río Lérez en Bora.

Tendo en conta que a presa do río é a principal fonte de abastecemento de auga aos concellos da ría considerando que o actual contexto de seca non é unha situación conxuntural, cómpre avaliar o actual emprazamento da fábrica, as súas necesidades de consumo de auga e a compatibilidade co abastecemento de auga á poboación.

A administración autonómica debe facer unha avaliación exhaustiva das necesidades de consumo de auga das grandes instalacións industriais, e analizar os escenarios presentes e futuros que se derivan do actual contexto de seca e de escaseza de auga. Un dos aspectos importantes a ter en conta é a análise da compatibilidade entre as necesidades de consumo de auga da gran industria e as necesidades de consumo da poboación. No caso de ENCE parece clara a incompatibilidade, constituíndo un factor máis para a procura de alternativas de ubicación deste complexo industrial que está situado no dominio público marítimo terrestre.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Realizou a Xunta algún estudio territorial sobre as necesidades de consumo de auga das grandes instalacións industriais e a incidencia do actual contexto de seca?

. Que escenarios e medidas contempla o goberno galego para garantir o abastecemento de auga nas zonas máis afectadas pola seca?

. Realizou a Xunta algún estudo sobre a incidencia do consumo de auga da fábrica de ENCE en Lourizán nas necesidades de abastecemento de auga á poboación?

. Considera o goberno galego compatíbel o consumo de auga de ENCE coa garantía de abastecemento á poboación no actual contexto de seca e nos escenarios futuros de escaseza de auga?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Manuel Lourenzo Sobral

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2023 16:45:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 04/01/2023 16:45:03

Alexandra Fernández Gómez na data 04/01/2023 16:45:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ao contrato actualización censo do lobo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de maio de 2021 a Xunta adxudicou o contrato para a realización dun estudo poboacional do lobo ibérico en Galiza. O contrato, cunha dotación económica de 63.000 euros, tiña un prazo de execución de 10 meses.

Segundo o anuncio de licitación “O obxecto desta contratación é a mellora e actualización periódica do coñecemento sobre as poboacións de lobo en Galicia, principalmente no relativo á súa evolución e tendencia (os últimos datos do censo de lobo ibérico en Galicia correspóndense ao período 2013- 2015), o que permitirá levar a cabo un mellor seguimento sobre a especie e a aplicación destes coñecementos á zonificación e xestión da mesma”.

Transcorrido un ano e tres meses desde a adxudicación do contrato non hai ningunha información ao respecto, o que chama poderosamente a atención pola hiperactividade da consellaría de medio ambiente na súa campaña contra o lobo.

Desde o BNG consideramos de máximo interese coñecer a información deste estudo, pola súa relevancia na toma de decisións en relación co plan de xestión, a estratexia e as axudas polos danos provocados polo lobo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Cando ten previsto a Xunta facer público o estudo poboacional do lobo cuxo contrato foi asinado en maio de 2021 e que tiña un prazo de execución de 10 meses?

Esta facilitando a Xunta, xunto con outras CCAA, a aprobación da Estratexia Estatal para a Convivencia das Actividades do medio Rural co Lobo (*Canis lupus*) e a súa Conservación?

Vai impulsar un novo plan de xestión do lobo desenvolvendo como primeira medida un estudo sobre o grao de cumprimento e os resultados do plan anterior?

Vai demandar do goberno central e da UE o incremento das dotacións orzamentarias de fomento da gandaría en extensivo e da dinamización do rural, de maneira que recoñeza, valore e compense as súas funcións sociais, económicas, culturais e ecosistémicas. Neste contexto, a Xunta demandará a transferencia de partidas extraordinarias e suficientes para a conservación do lobo, e para medidas de prevención e indemnización por danos ao gando?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 04/01/2023 16:48:15

Paulo Ríos Santomé na data 04/01/2023 16:48:20

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2023 16:48:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa as medidas que debe adoptar o Goberno galego para reverter a situación, xa agravada, de caos e incumprimentos no servizo de transporte público de Galiza á volta do verán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste comezo de curso atopámonos co agravamento dos incumprimentos e caos co que se desenvolve o sistema público de transporte por estrada de Galiza. Son moitos os casos e puntos do país nos que nos últimos días se veñen recollendo queixas dos usuarios e usuarias do servizo, con autobuses que non chegan ás paradas e nos horarios indicados e tamén moitas persoas que non poden acceder ao servizo por falta de prazas.

Isto, sen dúbida, acontece por unha mala planificación e falta de recursos por parte das empresas concesionarias dos contratos de transporte ante unha Xunta de Galiza que ven permitindo estas prácticas e situacións no pasado recente e no presente.

O transporte público debe ser unha peza chave no desenvolvemento dun país como Galiza, cunha forma de habitar o territorio particular que precisa dunhas conexións útiles e áxiles para que os usuarios e usuarias deste servizo poidan utilizalo no desenvolvemento normal da súa vida, sexa para acudir a aulas, postos de traballo, citas médicas ou para a realización de calquera procedemento administrativo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Son moitas as queixas recollidas nos últimos anos por parte dos usuarios e usuarias, que demandan que as empresas concesionarias cumpran cos contratos que teñen asinados coa administración pública, e que esta tome medidas para garantir este cumprimento.

Moitos tamén son os exemplos que se poden poñer, onde os incumprimentos sistemáticos por parte das empresas concesionarias están a producir molestias e prexuízos nos usuarios e usuarias do transporte público.

O camiño que comezou a Xunta de Galiza cara unha situación de monopolio neste servizo tradúcese nun peor servizo e unhas peores condicións no servizo de transporte público. A propia Xunta de Galiza, nas análises do novo Plan Estratéxico de Galiza 2022-2030 poñen de manifesto esta cuestión, facendo referencia á ameaza e debilidade que supón a falta de competencia neste servizo, xa que na práctica atopámonos coa facilitación dun comportamento monopolístico cunha empresa que sistematicamente incumpe as condicións dos contratos.

Lonxe de solucionar a situación, a Xunta de Galiza, ven esixindo diferentes reforzos alá onde a presión popular foi suficiente para que isto acontecese, mais estes reforzos non veñen a solucionar os problemas, xa que nin son reais, nin fan que se cheguen ás cotas que marcan os contratos e nin moito menos se habilitan mecanismos para superalas alá onde sería necesario.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión

2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. É consciente a Xunta de Galiza das deficiencias no servizo público de transportes agravadas co inicio do curso?
2. Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para esixirlles ás empresas concesionarias o cumprimento rigoroso dos contratos en vigor?
3. Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para favorecer a competencia no sector?
4. É coñecedora a Xunta de Galiza do número de queixas dos usuarios e usuarias do servizo de transporte público?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2023 17:07:07

Paulo Ríos Santomé na data 04/01/2023 17:07:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a continuación da autoestrada AG-31 ate a fronteira portuguesa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 31 de agosto de 2022 representantes de diferentes institucións de Galiza e do Norte de Portugal asinaron unha comunicación na que, por consideralo de grande importancia para o desenvolvemento económico e social da euro-rexión Galiza-Norte de Portugal, solicitaban a mellora viaria entre IC/28/Arcos de Valdevez/Ponte da Barca coa fronteira portuguesa e desta con Celanova.

A referida comunicación dirixida a autoridades de ambos Estados estaba asinada por representantes das Cárteras Municipais de Melgaço, Ponte da Barca, Ponte da Lima, Viana do Castelo e da Deputación Provincial de Ourense e de Concellos como os de Vereá, Bande, Lobios, Lobeira, Entrimo, Calvos de Randín... Demanda que se unía á formulada no seu día por asociacións de empresarios e comerciantes de Ourense.

A ampliación da AG-31 entre Celanova e a fronteira con Portugal, prevista no seu día, permitiría reducir os tempos de conexión entre Ourense e importantes núcleos de poboación como Porto e Braga facilitando as posibilidades de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

influencia comercial, turística e industrial de Galiza, conformando un importante eixe vertebrador da Euro-rexión.

Malia a importante demanda social e institucional, a Xunta de Galiza ven amosando unha contumaz resistencia a terminación de tan importante infraestrutura para o desenvolvemento económico e social da Eurorrexión, especialmente necesaria para a parte ourensán que ano tras ano vai perdendo poboación, servizos e tecido industrial, a pesares de contar con capacidades abundas para reverter a situación.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Considera a Xunta de Galiza estruturante a conexión entre Celanova e a fronteira portuguesa?

Entende a Xunta de Galiza que o estado actual da rede viaria entre Celanova e a fronteira portuguesa facilita a conexión económica e social de Galiza con núcleos de poboación tan importantes como Porto ou Braga?

A continuación da AG-31 ate a fronteira portuguesa ou a construción dunha vía de alta capacidade ou prestacións constituiría un eixe vertebrador da eurorrexión Galiza -Norte de Portugal permitindo o desenvolvemento económico e social do territorio?

Que xestións realizou a Xunta de Galiza para obter fondos europeos que contribúan ao financiamento de tan demandada infraestrutura?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións realizou a Xunta de Galiza en relación co proxecto de construción da AG-31 até a fronteira portuguesa ou dunha vía de análogas prestacións?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/01/2023 17:11:10

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2023 17:11:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª,** instando ao Goberno galego a tomar as medidas para o fomento do sistema de transporte público por estrada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo de carácter público é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén unha labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa comunicación, poidan tela.

Alén de este valor, o transporte público é de vital importancia á hora de facer máis sustentábel o desprazamento de persoas por estrada, polo que un bo servizo público de transporte axudará a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións.

Hoxe máis ca nunca se pon de manifesto a importancia do transporte público, cunha crise enerxética, económica e social que dificulta os desprazamentos continuados no transporte privado.

Segundo o INE, unhas 150.000 persoas desprázanse diariamente entre diferentes concellos galegos, xa sexa por traballo, estudos ou xestións de calquera tipo. A maioría destes desprazamentos son realizados en vehículos particulares, xa que, tal e como





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sinalan expertas da UDC, o servizo de transporte público non é útil para a maior parte destes desprazamentos, por falta de horarios, itinerarios e paradas.

Dende a instauración do último plan de transporte de Galiza, son milleiros as queixas de persoas usuarias, colectivos e traballadores ante este novo modelo no deseño das licitacións públicas e da súa execución ou posta en práctica.

Este novo plan de transporte está a deixar unha Galiza peor comunicada e un servizo máis precarizado, con eliminación de horarios, itinerarios e paradas, cuestión que repercute negativamente na vida diaria da sociedade galega.

Concretamente, o transporte de viaxeiros por estrada camiña cara un comportamento monopolístico do Grupo Monbus facilitado pola administración pública, onde foron desaparecendo as pequenas e medianas empresas de transporte ao non ser quen de competir nas mesmas condicións que este grupo nas licitacións propostas pola Xunta de Galiza debido ao seu propio deseño e confección, o cal favorece ás empresas máis grandes.

Esta situación de connivencia tradúcese na vulneración sistemática dos dereitos tanto de usuarios como de traballadores deste grupo unha vez se poñen en funcionamento os servizos licitados.

O noso futuro como sociedade debe pasar por un transporte público forte, que xogue un papel indiscutíbel en canto á vertebración do noso territorio, que funcione tamén como un elemento que garanta a igualdade de oportunidades para todas as galegas e galegos e que nos achegue tamén á redución das emisións contaminantes cara unha sociedade máis limpa.



Para que isto sexa así é necesario fomentar o uso do transporte público, non limitándose a facer pasar por medidas esenciais as complementarias, que sendo estas positivas, non resolven os problema fundamental. Segundo o estudo antes citado, unha parte importante da sociedade galega non utiliza o transporte público porque non o ve atractivo, ou en outras palabras, non lle é útil ou está moi lonxe de cubrir as súas necesidades.

Polo tanto, un dos grandes retos no fomento do transporte público é que este último sexa útil para o máximo número de persoas posíbel e que cubra as súas necesidades en canto á mobilidade.

Isto conséguese actualmente cun reforzo en itinerarios e horarios, facendo que se cumpran as condicións do servizo e que este sexa accesíbel economicamente para as usuarias. Medidas como as anunciadas para o período entre setembro e decembro, cunha bonificación do 50% non é unha medida real para o fomento do transporte público.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. É coñecedora a Xunta de Galiza das continuadas queixas das usuarias do transporte público por estrada no conxunto do país?
2. Cre a Xunta de Galiza que o actual modelo de transporte público por estrada cubre as necesidades da poboación?
3. Cal é o compromiso da Xunta de Galiza co papel social, democratizador e ambiental que debe cumprir o servizo de transporte público por estrada?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Que medidas ten pensado adoptar a Xunta de Galiza para fomentar o transporte público por estrada?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**
Alexandra Fernández Gómez
Luis Bará Torres
Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2023 17:14:57

Paulo Ríos Santomé na data 04/01/2023 17:15:01

Alexandra Fernández Gómez na data 04/01/2023 17:15:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as verteduras detectadas nos ríos Barxa e Eifonso no marco das sondaxes xeotécnicas para a variante da A-52 en Bembrive.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto da variante da A-52 que atravesaría varias parroquias do periurbano vigués é unha obra que, de realizarse, tería unha afectación e un impacto enorme nesta contorna, tanto a nivel urbanístico como ambiental, por iso conta co rexeitamento da veciñanza.

Estes días xa se puideron apreciar algúns impactos, estando apenas nunha fase de estudo. En concreto a afectación detectouse no tramo correspondente á zona onde iría o túnel de Chan da Cruz, en Bembrive con máis de 3 km de lonxitude.

Os veciños e veciñas atoparon neste enclave e durante os últimos días, verteduras nos ríos Barxa e Eifonso. Son verteduras que proveñen dos sondeos de prospección xeotécnica que se están a facer no marco da campaña xeeotécnica desta infraestrutura. Máis en concreto, no lugar de Palames, perto do muíño do Cristiano. Segundo os datos recollidos pola veciñanza os residuos desta actuación están sendo vertidos directamente ao curso fluvial.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o BNG solicitamos a Augas de Galiza que facilite información sobre a actuación e as verteduras detectadas, e por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

- Tiña constancia Augas de Galicia desta actuación xeotécnica?
- Tiña a empresas a autorización ou permisos necesarios de Augas de Galicia para facer estas verteduras?
- É coñecedora Augas de Galicia das verteduras detectadas pola veciñanza?
- Realizou Augas de Galicia algunha actuación de inspección na zona?
- Vai tomar medidas Augas de Galicia fronte a esta actuación?
- Considera que a empresa actuou de forma correcta?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Carme González Iglesias

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 04/01/2023 17:19:17

Carmela González Iglesias na data 04/01/2023 17:19:21

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2023 17:19:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois dos numerosísimos incidentes provocados pola descordinación e polo recorte de servizos no transporte escolar e no de viaxeiros, agora, co comezo das clases após as vacacións do nadal e coa entrada en vigor do contrato de transporte escolar á empresa Monbus, continúan os problemas e, o que é máis grave, continúa a redución de servizos, sobre todo nas zonas rurais do noso país.

Nomeadamente, no Concello de Outes, nenos e nenas de varios lugares veñen de asistir á desaparición de servizos e ao empeoramento noutros casos. Un termo municipal que conta cun único CEIP após o peche definitivo do “Emilio Navasqües”, que a Consellaría de Educación publicitou como unha “fusión” entre os dous centros que existían naquel momento e que non foi máis que unha escusa para pechar de novo un centro de ensino.

O transporte escolar, que debiera realizar unha indubidábel labor social, sobre todo nas zonas rurais, volve ser considerado pola Xunta de Galiza como unha vía de redución de custos e de aforro económico sen ter en conta os graves problemas que crea a súa desaparición ou a súa redución.

Neste caso, viña existindo unha liña entre os lugares de Tarás, Coiradas e Entíns para ir ao IES “Poeta Añón”, que agora vén de eliminarse.



Os nenos e nenas deses lugares que cursan ensino obrigatorio, e tamén os do lugar de Cuns, quedan sen un autobús escolar nunha liña que a Consellaría fixa agora dende o lugar de Cando, que dista 4 Km. de Cuns.

Por un lado, pois, deixa sen autobuses escolares e sen liña regular a Cuns, paradoxalmente candidata a aldea modelo no ano 2019 e co compromiso da Consellaría de Medio Rural de “facen os investimentos que sexan necesarios para pór en marcha actividades agrogandeiras”. E, por outro, obriga ao desprazamento ata a parada máis próxima, que dista 4 Km.

O que debería ser a liña lóxica Cuns-Cando-Pontenafonso-Ribademar-IES “Poeta Añón”, acabou sendo un circuíto entre Cando-Pontenafonso-Ribademar para dar a volta na entrada da Serra e subir a Tarás-Coiradas-Entíns- IES “Poeta Añón”, o que está a provocar que nenos e nenas de 12 anos teñan que facer un percorrido de case unha hora para chegar ao IES que está ubicado a escasos 5 Km.

Somos coñecedores de que nestes momentos non hai nenos e nenas no lugar de Cuns que acudan ao IES, e tamén de que, a raíz da presión social e da do propio IES e ANPA, modificáronse nos últimos días algúns traxectos que, dende logo, non resolven o problema principal: A eliminación de cada vez máis servizos e os atrancos e dificultades de contar cun transporte, escolar e regular, que facilite os desprazamentos nas zonas rurais e con poboación dispersa.

A inexistencia de nenos e nenas en Cuns que viaxen ao IES neste curso, non significa que non os vaia haber nos vindeiros e que sexa razón para deixar ao resto das persoas sen ese servizo. E as últimas modificación introducidas no traxecto tampouco evitan un longuísimos percorrido ata o IES e que o alumnado destas zonas siga chegando ao centro educativo despois da hora de comezo das clases.

Os argumentos da Consellaría chocan frontalmente coa propaganda habitual da Xunta de Galiza a respecto dun suposto incremento de servizos no rural que facilitaría





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fixar poboación en determinadas zonas que o único que reciben son impedimentos e dificultades por parte da Administración autonómica. Uns argumentos que cada vez máis sonan a hipocrísia e a engano en moitos lugares e aldeas do noso país.

Ademais, non só o ensino obrigatorio está a ser vítima das políticas de recorte da Xunta de Galiza. Nesta mesma comarca, en Outes pero tamén en Esteiro, no concello de Muros, onde moitos alumnos e alumnas teñen como referencia os IES de Noia e, aínda así, as liñas habituais de Monbus non son compatíbeis cos horarios deses centros.

Prodúcese deste xeito non só un agravio comparativo entre alumnos e alumnas - que se verían na obriga de chegar con case unha hora de antelación á entrada nos IES e de agardar o mesmo tempo á saída para poder empregar o transporte público-, senón tamén a exclusión deses mozos e mozas das vantaxes da “tarxeta xoven”. Unha falla de atención que non é propia do século XXI e que mesmo provoca que nalgúns casos as nais teñan que deixar os seus traballos para achegar aos seus fillos e fillas a unha oferta educativa que non é nin próxima nin moito menos ten garantida a igualdade ao seu acceso.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1.- Que valoración fai a Xunta de Galiza do funcionamento do transporte escolar nas zonas rurais do noso país?

2.-Que razóns levaron á Xunta de Galiza a eliminar servizos de transporte escolar nos lugares de Tarás, Coiradas, Entíns e Cuns, todos eles no concello de Outes?

3.- Que valoración fai de que o alumnado deses lugares teña que facer agora un percorrido no bus escolar de case unha hora para chegar ao IES, do que distan apenas 5





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Km.? Que valoración fai de que ese percorrido sexa a causa fundamental da súa impuntualidade ás clases?

4.- É coñecedor o Goberno galego da situación e dos horarios do transporte público que utiliza o alumnado de ensino post obrigatorio de Outes e Esteiro, no concello de Muros, para chegar aos IES de Noia nos que estudan? Considera que se poden levar a cabo modificacións neses servizos para compatibilizar os horarios escolares cos das liñas habituais?

5.- Está disposta a Xunta de Galiza a levar a cabo a reposición das liñas de transporte escolar, e consecuentemente das de viaxeiros e viaxeiras, nos lugares de Tarás, Coiradas, Entíns e Cuns, no concello de Outes? De ser así, en que prazo?

6.- Que actuacións vai levar a cabo para que o transporte de viaxeiros e viaxeiras de Noia a Muros e de Muros a Noia faga as modificacións horarias necesarias para facilitar a compatibilización co horario de entrada e saída dos IES de Noia?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 04/01/2023 17:23:43

Paulo Ríos Santomé na data 04/01/2023 17:23:57

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 04/01/2023 17:24:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a situación da canteira de Casalonga.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O expediente do plan de restauración da canteira de Casalonga aprobado pola Xunta ten graves carencias e irregularidades:

- na zona existen varias zonas de vertedoiros de materiais de construción, entullos, lodos que non constan na documentación do plan; aínda que nestes vertedoiros acumúlanse máis de 500.000 m³ de residuos, non se citan nos informes da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e non consta tampouco informe ao respecto de TRAGSA;

- na contorna da canteira, augas abaixo, existen 17 puntos de captación de auga para abastecemento da veciñanza, que poderían verse afectadas pola contaminación derivada da zona da explotación mineira e dos vertedoiros non rexistrados;

- o organismo Augas de Galicia retiroulle á empresa promotora do Plan de restauración a autorización do vertido das augas das pozas do interior do oco mineiro;

- non existe información sobre o aval depositado polo concesionario anterior e o aval do vixente plan de restauración ascende a 134.000 euros, unha cantidade claramente insuficiente para facer fronte aos traballos de restauración no caso de incumprimento por parte da empresa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-O plan de restauración aprobouse ao abeiro dunha DIA caducada.

Por outra parte, existen dúbidas sobre a caducidade da concesión, xa que a Xunta decretou a suspensión da actividade polo prazo de un ano, desde setembro de 2021.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Coñece a Xunta a existencia de numerosos vertedoiros no ámbito da concesión mineira de Casalonga?

. Vai revisar a Xunta o Plan de restauración de Casalonga para incluír estes vertedoiros?

. Comparte a Xunta a idea da caducidade da DIA e a necesidade dunha nova declaración de impacto ambiental?

. Cal é a situación administrativa da canteira en relación coa suspensión da actividade e coa caducidade da concesión?

. Que actuacións realizou Augas de Galicia en relación coa denegación de autorización de vertido e as iniciativas levadas a cabo pola empresa ao respecto?

. Considera suficiente a Xunta o aval fixado no Plan de restauración?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2023 17:30:22

Iria Carreira Pazos na data 04/01/2023 17:30:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG do 4 de xaneiro de 2022 publicaba o anuncio da aprobación inicial do Plan especial de dotacións para un centro docente na Ribeira, en Sésamo (Culleredo – A Coruña).

Ante este anuncio a veciñanza presentou alegacións xustificadas das que deu traslado ao grupo parlamentario do BNG.

Estas alegacións demandan que non se continúe coa tramitación deste Plan especial de dotacións para un centro docente na Ribeira, en Sésamo (Culleredo – A Coruña) por varias razóns.

En primeiro lugar, a veciñanza alega que este plan non debe ser aprobado porque en Culleredo está en marcha un PXOM aínda pendente de ser sometido a aprobación definitiva e que permita ter unha ferramenta de ordenación do territorio e planificación urbanística para ter novos espazos destinados a usos urbanísticos.

En segundo lugar, os terreos onde pretende asentarse a urbanización desta nova dotación foron obxecto de accións ilegais en forma de recheos en solo rústico sen ter licenza urbanística, dos que a APLU ten constancia sen facer nada ao respecto e que





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tiveron autorización de Augas de Galiza, porque solicitaban permiso para recheos de “aproveitamento agrícola”, o que ao final se demostra que era unha falsidade para impulsar as accións necesarias para un desenvolvemento urbanístico.

En terceiro lugar, este Plan especial de dotacións para un centro docente na Ribeira, en Sésamo (Culleredo – A Coruña) non respecta a protección establecida para os laterais do río Valiñas, que son lembrados pola Consellería de Medio Ambiente no documento de avaliación ambiental do PXOM de Culleredo e, ademais, obrigaría a modificar camiños de acceso mediante expropiacións e unha estrada de titularidade autonómica, o que excede das competencias dun plan de equipamentos en solo rústico promovido por unha entidade privada.

Non semella aceptábel unha proposta de urbanización dun centro educativo de carácter privado de 40.000 m², sen dispor dun PXOM definitivo en Culleredo, e que ademais incumpriría a excepcionalidade que permite a Lei do solo á hora de autorizar o uso do solo rústico para dotacións para unhas instalacións destinadas a satisfacer necesidades dunha parte da cidadanía e non a súa totalidade, ao non se tratar dun equipamento de carácter público.

As alegacións que fixo a veciñanza diante do Concello durante a exposición pública, foron rexeitadas sen reflexar motivación no documento que recibiron como resposta, pero o Concello de Culleredo deu traslado igualmente á Xunta, malia esa carencia legal que é que os actos administrativos deben estar motivados. Tanto as alegacións como as respostas deben constar no expediente e a Xunta, debe poder examinalas e avalialas para determinar se procede o que din os alegantes á hora de darlle para adiante ao Plan ou non.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

- Que accións vai tomar a Xunta diante do incumprimento na tramitación das alegacións presentadas pola veciñanza?
- Que medidas activou a Xunta en resposta aos denunciados recheos do río valiñas?
- Entende a Xunta que o carácter público que esixe o Regulamento da Lei do Solo e o Plan Básico Autonómico non se cumpre neste proxecto?
- En que fase se encontra a tramitación do Plan especial de dotacións para un centro docente na Ribeira, en Sésamo (Culleredo – A Coruña)?

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 22/07/2022 08:59:22

Alexandra Fernández Gómez na data 22/07/2022 08:59:34

Xosé Luis Bará Torres na data 22/07/2022 08:59:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o parque industrial/empresarial Vimianzo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na xestión e desenvolvemento de solo industrial e de servizos na Galiza interveñen, principalmente dous actores, por un lado, a entidade pública Xestur, integrada na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e polo tanto dependente da Xunta de Galiza, e por outro, a sociedade SEA (Suelo Empresarial del Atlántico, S.L.) participada maioritariamente e xestionada polo Ministerio de Fomento a través do SEPES (Entidade Pública Empresarial del Suelo), dependente do Goberno do Estado.

A maior parte dos polígonos existentes na Galiza son promovidos e xestionados por Xestur, pero outros son de iniciativa e xestión de “Suelo Empresarial del Atlántico”.

SEA xestiona a día de hoxe 13 polígonos, entre os que se atopan os de Cee, Malpica, A Laracaha e Vimianzo.

O Parque Empresarial de Vimianzo, na Costa da Morte, naceu como unha das actuacións industriais impulsadas para compensar o desastre do Prestige e dotar á zona afectada de ferramentas para a súa recuperación e darlle pulo ao desenvolvemento económico da comarca.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha iniciativa conxunta entre Goberno central e Xunta de Galiza para acondicionar un parque empresarial nesta zona, que actuase como polo de atracción de novos investimentos xeradores de emprego e potenciase o tecido empresarial da comarca.

Mais pasados case vinte anos, os obxectivos que se marcaron no seu día están aínda moi lonxe de acadarse. O crecemento e dotación de servizos deste parque empresarial é moito máis lento do desexable.

A venda de parcelas non acaba de coller un ritmo estábel, alén das campaña promocional anunciada recentemente por SEA para atraer a implantación de empresas; ou das fórmulas económicas impulsadas para abaratar o prezo do metro cadrado e facer máis atractivo instalarse neste parque.

Porque, alén dos prezos de venda, o feito determinante para fomentar a instalación de novas empresas é mellorar a accesibilidade, dotando o parque dun enlace coa tan necesaria, prometida e nunca executada, prolongación da autovía da Costa da Morte.

Unha vez prolongada a autovía, é imprescindible crear unha variante ao polígono.

Unha necesidade que ninguén discute, pero na que a Xunta de Galiza e o Estado español non se poñen de acordo: para SEA e o Ministerio de Transportes esa infraestrutura non entraría dentro do seu ámbito competencial, e pola contra, para a Xunta as conexións entre un ámbito como é autovía e o parque empresarial deben correr sempre a cargo do promotor dese último; en este caso, o Goberno central.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En todo caso, este desencontro de base competencial entre o Goberno central e a Xunta de Galiza está lastrando o despegue definitivo do que pode ser un polo de desenvolvemento e de xeración de emprego non só para Vimianzo, senón para toda a comarca.

Alén desa cuestión nuclear, estase a evidenciar a descoordinación entre SEA e Xestur, atopándonos con situacións de planificación e prezos que producen desvantaxes competitivas entre uns polígonos e outros próximos a eles en función de que entidade o promove.

Ante esta situación, a solución pasa porque sexa Xestur a que xestione este parque empresarial, para permitir e facilitar unha planificación industrial racional, que optimice as potencialidades do país, e neste caso concreto, de Vimianzo e favoreza a instalación de novas empresas, xeradoras de emprego.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Considera o Goberno galego que a absorción do solo industrial do parque empresarial de Vimianzo por parte de Xestur eliminaría as descoordinacións actuais con SEA en canto a prezos das parcelas e estratexias de promoción ?

. Considera a Xunta que a xestión deste parque por Xestur permitiría optimizar as potencialidades deste parque empresarial?

. Considera o Goberno galego importante para darlle impulso ao polígono industrial vimiancés a execución das obras de prolongación da Autovía da Costa da Morte até Vimianzo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera importante crear unha variante ao polígono, que o conecte coa futura
autovía da Costa da Morte?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Daniel Pérez López**
Alexandra Fernández Gómez
Luis Bará Torres
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 04/01/2023 17:35:30

Alexandra Fernández Gómez na data 04/01/2023 17:35:41

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2023 17:35:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as medidas necesarias para esclarecer, inspeccionar e controlar o cumprimento dos contratos no servizo de transporte público de Galiza ante o mal funcionamento e as queixas continuadas no servizo de transporte público.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo de carácter público é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén unha labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa comunicación, poidan tela.

Alén de este valor, o transporte público é de vital importancia á hora de facer máis sustentábel o desprazamento de persoas por estrada, polo que un bo servizo público de transporte axudará a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións.

Segundo o INE, unhas 150.000 persoas desprázanse diariamente entre diferentes concellos galegos, xa sexa por traballo, estudos ou xestións de calquera tipo. A maioría destes desprazamentos son realizados en vehículos particulares, xa que, tal e como sinalan expertas da UDC, o servizo de transporte público non é útil para a maior parte destes desprazamentos, por falta de horarios, itinerarios e paradas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende a instauración do último plan de transporte de Galiza, son milleiros as queixas de persoas usuarias, colectivos e traballadores ante este novo modelo no deseño das licitacións públicas e da súa execución ou posta en práctica.

Este novo plan de transporte está a deixar unha Galiza peor comunicada e un servizo máis precarizado, con eliminación de horarios, o incumprimento continuado dos mesmos ou a eliminación de itinerarios e paradas, cuestión que repercute negativamente na vida diaria da sociedade galega.

Isto acontece debido á falta de control e inspección por parte da Xunta de Galiza, que permite que esta precarización do servizo e os incumprimentos que a motivan. Como exemplo disto, atopámonos os continuados atrasos e deficiencias na conexión entre as cidades de Pontevedra e Vigo, pola cal transcorren moitas persoas para desprazarse até o seu lugar de traballo ou estudo.

Hoxe, esas persoas usuarias do servizo público de transporte, ven afectadas as súas vidas ao non poder contar cun servizo de transporte minimamente regular, que lle permita chegar a atender as súas responsabilidades nun período de tempo coñecido, contando cunha pequena marxe de tempo, o cal faría que puidese seguir apostando polo transporte público por estrada para os seus desprazamentos.

As persoas que simplemente non contan cun vehículo privado dependen directamente dos intereses e a acción dunha empresa para chegar en tempo, ou non, ao seu posto de traballo ou ao seu centro de estudos, xa que nin se cumpre nin se controla as condicións establecidas nos contratos de transporte.

É responsabilidade da Xunta de Galiza o fomento do transporte colectivo, tanto polo carácter democratizador do transporte público, así como tamén pola defensa dunha Galiza máis sostible medioambientalmente. Hoxe, coa precarización do servizo e o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incumprimento dos contratos, moita xente continúa a desprazarse no seu propio vehículo por non ter unha alternativa viable para facelo no sistema público de transporte.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. É coñecedora a Xunta de Galiza das diferentes denuncias interpostas ante incumprimentos nos contratos licitados no servizo de transporte público de Galiza?

. Está a velar a Xunta de Galiza polo cumprimento escrupuloso dos contratos licitados no servizo do transporte público de Galiza?

. Cal é compromiso da Xunta de Galiza ante a vulneración dos dereitos de traballadores e usuarios no servizo de transporte público de Galiza?

. Cal é o compromiso da Xunta de Galiza co papel social, democratizador e ambiental que debe cumprir o servizo de transporte público por estrada?

. Que medidas ten pensado adoptar a Xunta de Galiza para investigar, inspeccionar e controlar que se cumpran escrupulosamente os contratos licitados e a legalidade vixente no servizo de transporte público de Galiza?

. Cal é a valoración da Xunta de Galiza cando non se están a cumprir os horarios establecidos nas diferentes rutas do transporte público de Galiza?

. Entende o prexuízo que existe nos continuados atrasos e incumprimentos das condicións nas que se debe desenvolver o sistema público de transporte por estrada?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Luis Bará Torres

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2023 17:39:51

Alexandra Fernández Gómez na data 04/01/2023 17:39:55

Paulo Ríos Santomé na data 04/01/2023 17:40:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a situación do transporte público por estrada na comarca de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O servizo de transporte público por estrada na Galiza atópase nunha situación sostida de mal funcionamento e deficiencias constantes que padecen constantemente viaxeiras e usuarias por toda a xeografía galega.

Nos últimos meses puidemos advertir como o servizo se deterioraba, especialmente despois do último cambio na empresa adxudicataria, acumulando graves deficiencias que dificultan o seu uso por parte da poboación. Liñas insuficientes, prazas escasas, impuntualidade nos horarios e autobuses con deficiencias son algunhas das eivas que se poden constatar diariamente nas estacións de autobuses de todo o País.

No caso da comarca de Compostela, que xa viña padecendo un servizo deficitario previamente ao inicio do curso, agravouse coa chegada do outono e a reincorporación do estudantado ás aulas. Así temos liñas nas que os autobuses non teñen prazas suficientes para atender as viaxeiras habituais que agardan nas paradas, obrigando a moitas a organizárense para poder desprazarse aos seus postos de traballo ou estudo con taxis ou vehículos particulares. Tamén son frecuentes as denuncias por incumprimento de horarios ou por non respectar as paradas estipuladas, así como polo mal estado dos vehículos. Isto agrávase no rural, onde a poboación fica cunha única





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conexión diaria coa vila de referencia ou onde directamente non existe ningunha posibilidade de mobilidade a través do transporte público.

Todo isto conxugado cun mal funcionamento tamén do transporte escolar, no que se acumulan deficiencias similares ás sinaladas polas usuarias do servizo regular, co agravante de que as menores se incorporan tarde ás aulas ou teñen que agardar nos centros para poderen regresar ás súas casas. Centros de ensino de Negreira, Bertamiráns, Teo, Vedra e Santiago, entre outros, teñen denunciado deficiencias neste servizo, aos que se lles suma a denuncia realizada polas ANPAs e as familias.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- É consciente o goberno galego da situación que atravesa o servizo de transporte público?
- Ten coñecemento das denuncias realizadas polas usuarias sobre o mal funcionamento do servizo de autobuses?
- Supuxeron estas denuncias algún tipo de procedemento de inspección ou sanción á empresa concesionaria?
- É consciente o goberno da Xunta de Galiza que estas eivas están a provocar que usuarias habituais teñan que optar por outras formas de desprazamento coma o taxi ou o vehículo particular?
- Cales son as medidas previstas para garantir o bo funcionamento do servizo?
- Coñece as eivas existente no transporte escolar? Canto máis vai demorar o goberno galego en garantir o bo funcionamento dun servizo vital para o alumnado dos centros públicos, especialmente no rural?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2022

Asdo.: Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Paulo Ríos Santomé

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 11/10/2022 15:34:27

Xosé Luis Bará Torres na data 11/10/2022 15:34:30

Paulo Ríos Santomé na data 11/10/2022 15:34:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños e Alexandra Fernández Gómez, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado luns 10 de outubro deuse a coñecer a sentenza do Tribunal Supremo que ratifica a sentenza do TSXG de decembro de 2020 que anulou a autorización que o goberno galego deu en 2019 para construír un parque eólico na serra do Oribio, en Rede Natura. O motivo da anulación foi que se deu validez á declaración ambiental de 2005, cando en realidade se debería tramitar unha declaración nova porque aquela estaba caducada. Malia a paralización cautelar ordenada polo TSXG e as dúas sentenzas de anulación do parque, a realidade é que as obras xa estaban iniciadas e que se produciu un dano irreparábel en espazos da Rede Natura.

Por outra parte, a sección terceira da sala do contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza suspendeu cautelarmente o acordo do consello da Xunta do 18 de novembro de 2021 polo que se autorizou o parque eólico Campelo, situado entre Santa Comba e Coristanco, promovido por Greenalia Wind Power Campelo, de cuxo consello de administración forma arte da exconselleira de medio ambiente Beatriz Mato.

Nos últimos tres anos producíronse xa tres acordos xudiciais de autorización de parques eólicos: Oribio, Sasdónigas e Corme G-3, sen ben no caso de Sasdónigas e Corme as decisións xudiciais non impediron a construción dos parques e o conseguinte impacto das infraestruturas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tendo en conta os recursos presentados no contencioso-administrativo contra a autorización dos parques Campelo, Bustelo e Toural, e outras no mesmo sentido, cabe presupoñer que no futuro haxa novas anulacións.

O xeito de proceder da Xunta, violentando a normativa ambiental e os procedementos de información pública, tamén está xerando unha forte contestación por parte de plataformas sociais, concellos, institucións académicas e polo Consello da Cultura Galega. Mesmo a Comisión Europea advertiu sobre a necesidade dun desenvolvemento eólico respectuoso co medio e coas comunidades locais.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Como valora o goberno galego a sucesión de sentenzas xudiciais contrarias ao desenvolvemento eólico desordenado e pouco garantista promovido pola Xunta?

Vai o goberno galego tomar nota das resolucións xudiciais e deixar sen efecto os acordos do Consello da Xunta polos que se aprobaron os parques eólicos vulnerando a normativa ambiental de aplicación, nomeadamente no que ten a ver cos prazos de información pública?

Que medidas vai tomar a Xunta para reverter a destrución provocada polas obras do parque eólico anulado na serra do Oribio?

Como ten previsto o goberno galego garantir a protección dos espazos naturais en todos os proxectos de parques eólicos en tramitación, nomeadamente no que ten a ver coa protección dos humidais inventariados e outras zonas húmidas de interese?

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 13/10/2022 12:47:09

Noa Presas Bergantiños na data 13/10/2022 12:47:12

Alexandra Fernández Gómez na data 13/10/2022 12:47:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o mercado da reciclaxe de residuos e a Rede de PxR..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos obxectivos do Plan de Xestión de Residuos Municipais 2010-2022 era a potenciación do mercado da reciclaxe. Segundo se afirma no Borrador do Plan de Xestión de Residuos Municipais 2023-2030, “conseguíronse pór en marcha accións para eliminar os obstáculos técnicos e económicos que entorpecen o mercado de produtos reciclados e aumentar a demanda deste tipo de materiais”.

Entre as accións desenvolvidas, o citado borrador menciona “campañas de comunicación, información e educación ambiental en colaboración con determinados SRAP; o programa de lanzamento da rede de PxR de Galicia; as melloras na planta de SOGAMA para aumentar a recuperación de materiais reciclables; a ampliación da rede de puntos limpos; a convocatoria de axudas dirixidas a entidades locais e privadas; asíñi como o fomento da incorporación de medidas ambientalmente sustentables en eventos festivos”.

Con respecto á Rede Galega para a Preparación para a Reutilización (PxR), foi anunciada a bombo e prato en 2019. Segundo unha información da consellaría de maio de 2020, daquela creouse o espazo web www.mellorrepararquitar.gal:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Co obxectivo de dar un novo pulo á Rede Galega de PxR (Previr para Reciclar) a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda vén de activar o espazo web Mellor reparar que tirar (<http://www.mellorrepararquetirar.gal/>), para animar a todas as entidades locais galegas a poñer en marcha un proxecto de preparación para a reutilización e reparación na súa localidade, polo que poderán empregar esta plataforma para a súa divulgación, búsqueda de colaboradores e sinerxías con calquera outro tipo de entidades.

Trátase dun espazo multidireccional posto que, ademais das iniciativas municipais, todas as entidade interesadas poderán publicar as súas ideas e proxectos, ofrecendo a súa cooperación ou demandando necesidades para desenvolver con éxito as súas actuacións en materia de preparación para a reutilización e reparación.

Cómpre recordar que a Rede Galega PxR está pensada como un espazo transversal de intercambio de coñecementos e experiencias nesta materia, co obxectivo de impulsar proxectos de cooperación dirixidos á preparación para a reutilización, co reto de contribuír á transición cara a un modelo de economía circular na Comunidade galega.

Transcorridos máis de tres anos desde a creación da Rede e máis de 2 anos desde a creación da web, cómpre que se faga un balance dos seus resultados, así como unha previsión de iniciativas de cara ao futuro no ámbito público, privado e do terceiro sector. Nomeadamente neste último, xa que ten un grande potencial para a xestión de reutilización e reciclaxe de produtos.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Que medidas levou a cabo a Xunta en relación co mercado da reciclaxe?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que balance fai a Xunta sobre a Rede Galega para a Preparación para a Reutilización, Previr para Reciclar (PxR)?

Cal é a situación do mercado da reciclaxe en Galiza?

Que proxectos públicos, privados ou do terceiro sector se están desenvolvendo actualmente no territorio en relación coa preparación para a reciclaxe e o mercado da reciclaxe?

Cales son os resultados da web <http://www.mellorrepararquetirar.gal/> concibida como escaparate da PxR?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/10/2022 15:11:19

Paulo Ríos Santomé na data 11/10/2022 15:11:23

Alexandra Fernández Gómez na data 11/10/2022 15:11:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as pragas de moscas na parroquia do Val, no Concello de Narón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante os meses de verán dos 2 últimos anos veñen producíndose pragas de moscas na parroquia do Val, no Concello de Narón.

A causa pola que aparecen ou se producen estas pragas descoñécese. Prodúcese dun xeito intermitente, variando a duración, e mesmo as maiores concentracións cambian de lugar.

Desde a asociación de veciños e veciñas teñen instado reiteradamente a actuación dos responsábeis municipais, sen que até o de agora desde o Concello de Narón puideran aclarar as causas nin ofrecer solucións.

A chegada do verán fai temer que estes episodios podan repetirse, polo que de novo veñen dirixíndose ao Concello para que tome medidas.

A intensidade da presenza das moscas é tal, cando se producen as pragas, que impide a realización dunha vida normal nas casas afectadas, sen entrar a valorar problemas de saúde pública que podan estar relacionadas coa causa ou foco da praga, ou





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que poidan chegar a producirse como consecuencia da presenza desmesurada das moscas.

Tanto as conversas que manteñen desde a asociación de veciños e veciñas cos responsábeis municipais, como as novas ou manifestacións realizadas por estes aos medios de comunicación comarcais, desprenden certo grao de confusión ao respecto da participación da Xunta na investigación da orixe das pragas, así como sobre a quen corresponde a titularidade das competencias para solucionar o problema.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Coñece a Xunta de Galiza o problema das pragas de moscas na parroquia do Val do Concello de Narón?

. Considérase a Xunta de Galiza administración competente para solucionar o problema das pragas no Concello de Narón?

. En que medida ten participado a Xunta de Galiza na súa investigación ou solución?

. Dispón a Xunta de Galiza dos medios necesarios para localizar a orixe das pragas e eliminalas?

. Considera que a súa colaboración co Concello é suficiente ou axeitada para resolver o problema?

. Cales son as conclusións ou que valoración realiza a Xunta de Galiza sobre o problema destas pragas?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- . Pode tratarse dun problema de saúde pública?
- . Como recomenda actuar a Xunta de Galiza para o caso de repetirse as pragas?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Luis Bará Torres

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 04/01/2023 18:11:41

Ramón Fernández Alfonso na data 04/01/2023 18:11:49

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2023 18:11:59





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGU

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno galego aprobou no ano 2000 a Estratexia Galega de Educación Ambiental (EGEA), con un período de vixencia até o ano 2006, coa posibilidade de ampliación deste prazo. No período 2000-2010 leváronse a cabo estudos de diagnose e actualización da Estratexia, como por exemplo o Proxecto Fénix (2010), mais cando menos nos últimos 12 anos non hai constancia da publicación de documentos oficiais de seguimento da aplicación da EGEA.

Como resultado das medidas previstas na Estratexia, no ano 2001 creouse o *Observatorio Galego de Educación Ambiental*. Polo decreto 193/2012 régúlase este Observatorio, que ten como funcións principal “o seguimento e avaliación da situación da educación ambiental”.

Ademais ten asignadas as seguintes funcións específicas:

- 1. Asesorar os organismos das administracións públicas no deseño e avaliación dos programas e iniciativas de educación ambiental.*
- 2. Analizar as necesidades educativas e formativas en materia ambiental da poboación galega no seu conxunto, así como dos seus sectores específicos.*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Realizar un seguimento da aplicación da Estratexia Galega de Educación Ambiental, propoñendo e suxerindo directrices e liñas de actuación.

4. Propoñer a elaboración de instrumentos e procedementos de avaliación, especificamente dirixidos ao ámbito da educación ambiental.

5. Colleitar experiencias, recursos e programas que se consideran de referencia, tanto no ámbito da Comunidade Autónoma como do Estado, da Unión Europea e das distintas axencias das Nacións Unidas, facilitando a súa divulgación, promoción, adaptación e aplicación á realidade galega.

6. Promover foros de discusión e debate que, en diferentes formatos (seminarios, grupos de traballo, comisións ad hoc, talleres, ou semellantes) permitan o encontro e a reflexión dos diferentes axentes sociais involucrados na educación ambiental.

Logo de 22 anos da aprobación da Estratexia de Educación Ambiental, cómpre unha profunda revisión crítica do proceso seguido, e unha avaliación sobre a oportunidade e necesidade de aprobar unha nova Estratexia Galega de Educación Ambiental. Se ben hai xa 10 anos anunciouse unha nova Estratexia, a realidade é que non existe un documento operativo e actualizado, acorde cos tempos actuais e os retos de futuro.

Logo da aprobación da lei 5/2019 de patrimonio natural e da biodiversidade, resulta inaprazábel a elaboración dunha Estratexia galega de educación ambiental aliñada cos obxectivos e principios desa norma.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Ten previsto a Xunta elaborar un informe de seguimento e avaliación da educación ambiental en Galiza e presentalo no Parlamento?

. Vai o goberno galego informar ao parlamento sobre o funcionamento e cumprimento das funcións do Observatorio Galego de Educación Ambiental?

. Ten previsto a Xunta iniciar un proceso participativo para a aprobación en 2023 dunha nova Estratexia Galega de Educación Ambiental?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 04/01/2023 18:14:36

Alexandra Fernández Gómez na data 04/01/2023 18:14:40





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2023 18:14:47





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta está a tramitar o proxecto de interese autonómico do parque empresarial de Pontecesures. Esta infraestrutura ocupa unha superficie de 326.000 m2 e sitúase entre os concellos de Pontecesures e Valga, nunha zona moi urbanizada, nas proximidades de zonas habitadas e a moi pouca distancia de equipamentos públicos como o centro de saúde e o IES de Valga.

A maior parte dos terreos do parque previsto están formados por unha gran chaira que historicamente tivo uso agrario e onde perviven plantacións de forraxes. Na zona existen tamén mostras de bosques húmidos de salgueiros, amieiros, freixos e carballos, entre outras especies, con tipos de hábitats de interese comunitario e interese prioritario.

Cómpre salientar que a zona oeste dos terreos previstos para o parque, onde se sitúan estes bosques húmidos, está caracterizada como unha zona inundábel. Na contorna existe o topónimo “A Charca” e existen numerosas canalizacións de regatos e, segundo a información recollida in situ, grandes reservas de augas subterráneas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recentemente, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda fixo público o Informe Ambiental Estratéxico do Parque Empresarial de Pontecesures, documento no que non consta o informe de Augas de Galicia, feito cando menos sorprendente cando unha parte da superficie do parque é terreo inundábel e existen evidentes impactos no ámbito hidrolóxico. Na páxina 6 do Informe Ambiental Estratéxico faise referencia á necesidade de acadar o informe favorábel dos órganos competentes en augas e estradas estatais e autonómicas.

No citado informe constátase unha incidencia significativa na paisaxe e impactos negativos pola proximidade a vivendas e equipamentos públicos. Así e todo, o documento ten carencias importantes pola falta de información sobre a hidrografía, sobre o posíbel impacto das actividades industriais na poboación, sobre as previsións de incremento do tráfico pesado ou sobre a perda de miles de metros cadrados de superficie con grande potencialidade para a produción agraria.

O citado parque empresarial terá unha forte incidencia territorial en Pontecesures, xa que se trata dun concello moi pequeno en extensión, con 6,7 km² de superficie, que está atravesado pola AP9, a estrada N550, a estrada PO-548 Pontecesures-Vilagarcía e a vía do tren. Tendo en conta a proximidade ao casco urbano do parque empresarial previsto, e a ocupación de 326.000 m², esta infraestrutura compromete e dificulta gravemente o desenvolvemento sustentábel do concello.

Considerando o impacto territorial sobre o medio, o impacto da actividade industrial nunha contorna densamente poboada, a repercusión negativa que vai ter o incremento de tráfico pesado na zona urbana, resulta provocador que responsábeis do goberno galego utilicen expresións como “polígono amable” e “ecopolígono”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

Ten previsto a Xunta suspender a tramitación do parque empresarial de Pontecesures, abrir un proceso de diálogo co concello e coa veciñanza afectada, e estudar outros posíbeis usos e aproveitamentos dos terreos nos que se proxecta o parque empresarial?

Ten previsto o goberno galego encargar un estudo sobre a potencialidade para uso agrario dos terreos nos que se pretende construír o parque empresarial de Pontecesures?

Vai a Xunta solicitar a Augas de Galicia a realización dun estudo hidrolóxico e un informe sobre o impacto do proxecto de parque empresarial de Pontecesures na rede hídrica e sobre o potencial risco de inundación?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2023 18:19:40

Paulo Ríos Santomé na data 04/01/2023 18:19:45

Alexandra Fernández Gómez na data 04/01/2023 18:19:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta está a tramitar o proxecto de interese autonómico do parque empresarial de Pontecesures. Esta infraestrutura ocupa unha superficie de 326.000 m² e sitúase entre os concellos de Pontecesures e Valga, nunha zona moi urbanizada, nas proximidades de zonas habitadas e a moi pouca distancia de equipamentos públicos como o centro de saúde e o IES de Valga.

A maior parte dos terreos do parque previsto están formados por unha gran chaira que historicamente tivo uso agrario e onde perviven plantacións de forraxes. Na zona existen tamén mostras de bosques húmidos de salgueiros, amieiros, freixos e carballos, entre outras especies.

Cómpre salientar que a zona oeste dos terreos previstos para o parque, onde se situan estes bosques húmidos, está caracterizada como unha zona inundábel. Na contorna existe o topónimo “A Charca” e existen numerosas canalizacións de regatos e, segundo a información recollida in situ, grandes reservas de augas subterráneas.

Recentemente, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda fixo público o Informe Ambiental Estratéxico do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Parque Empresarial de Pontecesures, documento no que non consta o informe de Augas de Galicia, feito cando menos sorprendente cando unha parte da superficie do parque é terreo inundábel e existen evidentes impactos no ámbito hidrolóxico. Na páxina 6 do Informe Ambiental Estratéxico faise referencia á necesidade de acadar o informe favorábel dos órganos competentes en augas e estradas estatais e autonómicas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

Por que razón no Informe Ambiental Estratéxico do parque empresarial de Pontecesures non consta o informe de Augas de Galicia?

Existe algún informe de Augas de Galicia en relación cos terreos onde se proxecta o parque empresarial de Pontecesures?

Que información existe en Augas de Galicia en relación coa zona e o potencial risco de inundacións?

Que estudos, informes e actuacións ten previsto desenvolver Augas de Galicia en relación co proxecto de parque empresarial de Pontecesures?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 04/01/2023 18:23:03

Paulo Ríos Santomé na data 04/01/2023 18:23:10

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2023 18:23:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A entidade pública empresarial Augas de Galicia está a poñer condicións moi restritivas ás comunidades veciñais de augas na renovación de concesión de captacións para abastecemento a vivendas.

En aplicación dos artigos 16.1.a), 18.1 e 21.1.c) da Lei 2/2016 do solo e urbanismo de Galiza, a Xunta interpreta que a existencia da rede municipal de subministro con capacidade para abastecer a vivendas determina a improcedencia de outorgamento dunha concesión para uso doméstico, debido á necesidade legal dos propietarios de parcelas de solo urbano de conectarse ás redes públicas.

Este criterio baséase nunha nota emitida en abril de 2019 pola Subdirección Xeral de xestión do dominio público hidráulico de Augas de Galicia co título de “Consulta sobre procedencia de outorgar unha concesión de augas para uso doméstico cando existe rede municipal de subministración de rede municipal de subministración domiciliar de auga”.

En virtude desta nota, Augas de Galicia considera que no caso da renovación de concesións iniciadas antes de abril de 2019 debe informar favorablemente a citada renovación, se ben reducindo o prazo a 10 anos en lugar de 20 e coa obriga dos usuarios de ir realizando a conexión á rede municipal ao longo dese prazo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No caso das solicitudes de renovación da concesión que iniciaron a tramitación con posterioridade ao 4/4/2019 o criterio é a denegación da renovación da concesión para consumo doméstico e a obriga por parte dos usuarios de conectarse á rede municipal. Nestes casos, a concesión só podería manterse para outros usos, como a rega de xardíns e hortas.

Desde o BNG consideramos que a aplicación estrita destes criterios pon en cuestión a existencia e a viabilidade das traídas veciñais, que son unha solución propia do medio rural e periurbano galego á necesidade de acceso por parte da veciñanza a un ben esencial como a auga.

Coa aplicación desta interpretación legal, na práctica vaise levar a cabo a liquidación das traídas veciñais entendidas como complemento ou alternativa á rede municipal. Vaise botar por terra un sistema de gobernanza da auga que forma parte da tradición e da identidade galega, que conforma un sistema de xestión comunitaria característico do noso medio rural, e que é resultado dun grande esforzo material e económico para a construción de infraestruturas de captación, almacenaxe e abastecemento. Dáse ademais o paradoxo de que nos últimos anos a Xunta está a colaborar economicamente na mellora destes sistemas veciñais de abastecemento e que en moitas destas comunidades producíronse ao longo da última década grandes avances na xestión, na tecnoloxía e no tratamento da auga, acadando niveis de calidade do servizo semellantes e mesmo superiores a redes municipais. Dáse ademais a circunstancia de que hai sistemas de abastecemento comunitarios galegos que forman parte de boas prácticas e modelos de referencia en Europa, xunto con sistemas semellantes que existen en Austria ou Irlanda.

O trasfondo destas actuacións de Augas de Galicia ten que ver con unha visión uniformizadora, que aplica as normas facendo tábula rasa, ignorando e desprezando unha realidade propia do ámbito rural e periurbano galego. Preténdese ademais eliminar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

un axente estraño e incómodo nun deseño baseado na visión da auga como un negocio en mans de concesión privadas que xestionan de xeito maioritario as redes municipais.

Por todo isto formúlase as seguintes pregunta para resposta oral na Comisión 2ª:

. Vai manter a Xunta o criterio que se seguiu até o ano 2019 para a renovación das concesións de usuarios de augas?

. Ten previsto o goberno galego levar a cabo as modificación legais necesarias para darlle seguridade xurídica, viabilidade e continuidade ás comunidades veciñais de auga para abastecemento domiciliario?

. Ten previsto a Xunta recoñecer o papel histórico das traídas veciñais como fórmula xenuinamente galega de gobernanza da auga, o esforzo de modernización levado a cabo por moitas delas nos últimos anos e, en consecuencia, apoialas técnica e economicamente no seu proceso de actualización e mellora das instalación e dos servizos que prestan?

. Vai desenvolver o goberno galego, en colaboración coas entidades que representan e agrupan a comunidades de augas e cos medios económicos precisos, un plan de información, formación e asesoramento técnico en materia de xestión, gobernanza, normas de calidade, eficiencia, avances tecnolóxicos... co obxecto de garantir a sustentabilidade e a excelencia dos sistemas veciñais de abastecemento de auga?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2023 18:31:01

Paulo Ríos Santomé na data 04/01/2023 18:31:06

Alexandra Fernández Gómez na data 04/01/2023 18:31:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O porto seco de Monforte debeu ser un proxecto conxunto de varias administracións que debería mobilizar socioeconomicamente a comarca de Lemos, despois da perda de actividade en torno ao que no seu día foi un nó ferroviario de alta importancia. A incompetencia xeneralizada rematou como un proxecto fracasado múltiples veces que foi utilizado para acusarse entre elas mutuamente, nomeadamente cando os gobernos son de distinta cor política. Dándose situacións acusatorias que rozan o ridículo e que somentes son escusas para deixar o porto seco en vía morta.

Por isto, chega o momento de deixar a especulación a un lado e traer o sentido común e o interese da comarca de Lemos a un primeiro plano. Por hai que interromper as acusacións entre o PSOE e o PP, e poñerse a traballar para acadar o mellor entendemento.

O porto seco conta con 30 has. de terreo disposto para ser utilizado, ten feito numerosos viais de comunicación interna, podería faltarlle acondicionar a zona de embarque de mercancías, tarefas de limpeza, acondicionamento e actualización de parcelas, e quedaría por executar a vía de evacuación que o uniría coa N-120 que daría saída ás mercancías camiño das zonas finais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O BNG ten tratado esta cuestión a través de moitas iniciativas co fin de clarificar quen é quen neste proxecto, e a quen lle corresponde autorizar, rematar e poñer en marcha unhas instalacións claves para esta comarca, a última foi a pregunta presentada no Congreso dos Deputados que recibiu cumprida resposta que dende o punto de vista do BNG aclara a situación, en tanto que o Goberno de España responde taxativamente que o proxecto de conexión entre o porto seco de Monforte de Lemos coa N-120 desenvólveo a Xunta de Galiza. Así mesmo, indica que o Goberno galego someteu o preceptivo informe sectorial o proxecto de trazado da conexión do porto seco coa N-120, e que o Ministerio de Transportes, Mobilidade y Agenda Urbana emitiu informe favorable o 21 de agosto de 2018.

Por outra banda a Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galiza remitiu o proxecto de construción da conexión do Porto Seco coa N-120 para a súa autorización por parte da Dirección General de Carreteras. Outra vez o MITMA emitiu informe favorable á citada conexión o 11 de febreiro 2020 coa única condición de que sexa compatible co futuro enlace de Monforte Este do proxecto da hipotética autovía A-76 no tramo Monforte-Babela que din que se encontra en fase de redacción.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. A que espera a Xunta de Galiza para poñer en funcionamento o proxecto do trazado para unir o porto seco coa N-120 para que cumpra por fin co seu papel de nodo de mercancías cando conta cos preceptivos permisos do Ministerio de Transportes?

. Vai este ano o goberno da Xunta dotar orzamentariamente a esta obra en contía necesaria para desenvolver esta obra nun prazo razoable?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Son conscientes das perdas que supón para a comarca de Lemos ter esta obra parada e sen uso, a efectos demográficos, económicos e sociais, téñenas cuantificado?

. Consideran posible incluír a posta en marcha do porto seco dentro dun plan moito maior de recuperación socioeconómica da terra de Lemos no que tamén se incluíría a posta en marcha do regadío neste Val?

. Que medidas teñen programado implementar para evitar a perda de poboación sostida na comarca ou pensan que se solucionará sen facer nada, ou ben que non ten importancia se non se soluciona?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 04/01/2023 18:35:51

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2023 18:35:57

María del Carmen Aira Díaz na data 04/01/2023 18:36:05



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Eduardo Ojea Arias, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

En Ourense o modernismo arquitectónico está representado fundamentalmente pola figura de Daniel Vázquez Gulías (1869 – 1973), natural de Beariz e un dos principais contribuíntes á transformación da cidade, con creacións inspiradas nas súas viaxes por medio mundo –estudou en Madrid, e durante a súa formación profesional percorreu Europa (París, Praga, Roma, Budapest, Viena, Bruxelas ou Londres), estivo en Asia (China e Vietnam), nos EEUU e en Cuba–, e fusionadas con elementos vencellados a Galicia, o que lle deu aos seus proxectos un estilo ecléctico e persoal. A Gulías débemoslle algunhas das obras civís máis singulares e representativas da nosa cidade, como son algúns dos edificios máis prominentes da avenida de Pontevedra, entre os que se inclúen a actual sede de ABanca, o antigo Hotel Barcelona, o edificio no que se sitúa a farmacia Román ou o edificio de Almacéns Alfredo Romero.

Outras obras del son o desaparecido Hotel Roma ou o edificio do Goberno Militar onde se sitúa o actual Bazar Ourense, entre outras moitas edificacións.

Non obstante, da monumental herdanza de Gulías na cidade de Ourense, a única edificación que é completamente de estilo modernista, tanto no exterior como nos interiores, é a Casa Taboada, construída en 1918 por encargo de Alejandro Anta Novoa. Localizada no número 109 da rúa Progreso, durante máis de 30 anos albergou a famosa botica Taboada Allú, á que lle debe o seu nome.

Este edificio de extraordinaria beleza, considerado un monumento arquitectónico, representa o legado material, arquitectónico e urbano da historia de Ourense. Non é só un exemplar de modernismo puro na cidade, senón que ademais é un edificio senlleiro na propia obra de Gulías, no que destacan as súas carpinterías curvadas, ferro forxado nos balcóns e detalles ornamentais do art nouveau. Neste sentido, a arquitecta municipal Elvira Carregado, admiradora e estudiosa da extraordinaria obra de Gulías, chegou a dicir acerca de Casa Taboada, con gran acerto: “O modelo é de concepción case gaudiniana, cunha estrutura ondulante que golpea a visión e case a mente, como unha ensoñación”. O paralelismo coa obra de Antonio Gaudí tamén aparece reflectido no libro de Mª Victoria Carballo Calero,



La transformación de una ciudad: Orense, 1880-1936, no que afirma que Casa Taboada “achégase a unha concepción gaudiniana”.

Non obstante, o valor de Casa Taboada dentro da corrente do modernismo e do catálogo de Gulías non son os únicos aspectos que fan deste inmobile unha obra única. Tamén se trata da obra máis ameazada, a que corre maior perigo das executadas polo arquitecto de Beariz na cidade das Burgas: un edificio centenario e baleiro, consumido polo desuso e o abandono. Está claro que nos atopamos ante un inmobile icónico, de gran valor patrimonial –está catalogado e conta coa protección da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia 5/2016 do 4 de maio– que debe ser protexido e posto en valor dende as institucións públicas, detendo o seu alarmante deterioro e fomentando a súa perdurabilidade.

É necesario recuperar Casa Taboada, sacala do abandono e darlle un uso cultural para achegala á sociedade.

Neste sentido, xa en setembro do ano 2018 o Grupo Municipal de Ourense en Común levou unha moción o pleno do Concello de Ourense para pedir a inscrición do edificio no rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia, unha iniciativa que foi aprobada por unanimidade cunha emenda de adición do Partido Popular na que se solicitaba iniciar os trámites necesarios para adquirir ou expropiar o inmobile. Porén, catro anos e medio despois, atopámonos cun acordo plenario que segue sen cumprirse e cun edificio cuxo avanzado deterioro empeora a pasos axigantados.

A propia asociación Centro Cultural Daniel Vázquez Gulías instou ao Concello, nun escrito remitido e asinado por Lucila Vázquez-Gulías o pasado 30 de abril de 2021, a iniciar os trámites oportunos para a execución urxente do contido da moción a fin de salvagardar e protexer o inmobile.

É dicir, estamos a falar dunha cuestión crucial que require atención e acción inmediatas.

O Goberno municipal nas Xuntas de Área de Urbanismo a preguntas do Grupo Municipal Socialista respondeu que a declaración permanece paralizada por parte do executivo autonómico, algo que ao alcalde parece non importarlle o máis mínimo.

Consideramos, en definitiva, que o abandono e deterioro de Casa Taboada supoñen unha seria ameaza, a curto prazo, para a súa integridade e conservación,



e que esta situación require que o Goberno galego actúe coa máxima celeridade para axilizar a súa urxente recuperación e posta en valor como monumento senlleiro da nosa paisaxe arquitectónica e símbolo do legado modernista de Vázquez-Gulías.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Iniciou o Goberno galego os trámites para desbloquear a inscrición do edificio Casa Taboada, en Ourense, no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia?
2. De ser negativa a anterior resposta, cales son os motivos de non ter dado os pasos necesarios para a inscrición e cando os van a iniciar?
3. De ser positiva, cando prevé o Goberno galego que estarán os trámites finalizados?
4. Ante o estado de total abandono e deterioro da mesma, que pasos vai a dar de forma urxente a Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 5 de xaneiro do 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/01/2023 12:11:22

Marina Ortega Otero na data 05/01/2023 12:11:39

Eduardo Ojea Arias na data 05/01/2023 12:11:50

Noa Susana Díaz Varela na data 05/01/2023 12:12:00

Noelia Otero Lago na data 05/01/2023 12:12:12





Á Mesa do Parlamento

Borja Vereza Fraiz, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López, Moisés Rodríguez Pérez e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 6º, de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

O ano 2022 comezou cunha influencia aínda notable dos efectos da pandemia da Covid19 e, sobre todo, cunha sensación de incerteza derivada das consecuencias da pandemia no conxunto da economía e da sociedade de Galicia. Pero co transcorrer dos meses, o acerto na posta en marcha de medidas de atracción do viaxeiro nacional e o posicionamento de Galicia como destino seguro, unido á súa oferta turística e á celebración do segundo Ano Santo, fixeron posible pechar cunhas cifras moi salientables mes a mes, batendo todos os récords de chegada de turistas e de peregrinos.

As cifras acadadas no turismo galego son o resultado dunhas medidas eficaces, tanto no económico como no social, dun esforzo colectivo do sector cun comportamento exemplar, de todos os galegos e galegas que fixeron de embaixadores das excelencias de Galicia, e da Xunta de Galicia coa posta en marcha de ferramentas e de protocolos de actuación para garantir unha hostalería e un Camiño seguros, imaxe importantísima para a atracción do turista poscovid.

A Xunta de Galicia, consciente da dificultade da situación e coñecedor dos problemas e necesidades do sector turístico galego, estivo sempre ao seu carón dialogando e consensuando as medidas, plans, produtos, axudas e accións que lograron que o turismo galego fose o pilar da recuperación económico-social da nosa comunidade.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

- Que balance se fai desde o goberno galego do turismo en Galicia durante o ano 2022?

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2023 13:47:57
Nº Rexistro: 46613
Data envío: 05/01/2023 13:47:57.417

Borja Vereza Fraiz na data 05/01/2023 13:43:12

Marta Nóvoa Iglesias na data 05/01/2023 13:43:49

Cristina Sanz Arias na data 05/01/2023 13:44:17

José Antonio Armada Pérez na data 05/01/2023 13:45:02

Pardo López, Adrián na data 05/01/2023 13:45:50

Rodríguez Pérez, Moisés na data 05/01/2023 13:45:54

Sandra Vázquez Domínguez na data 05/01/2023 13:46:48

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-rVB4FIPq-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o número de prazas acreditadas para a formación de especialistas sanitari@s ofertadas pola Consellaría de Sanidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vimos de coñecer a través dun medio de comunicación que a Consellaría de Sanidade non ofertou na convocatoria 2022-2023, cento cinco das prazas acreditadas polo Ministerio de Sanidade para a formación de especialistas sanitarios: enfermería comunitaria, de medicina do traballo, cardioloxía, psiquiatría ou análises clínicos. Así como que na especialidade de familia e comunitaria, especialmente deficitaria, non se ofertaron entre 2010 a 2020, 180 prazas.

Esta información pon de manifesto, mais unha vez, a mentira permanente na que está instalado o Partido Popular, que na vez de tomar medidas para solucionar o déficit de profesionais na sanidade pública galega, pon todos os esforzos en crear un relato fraudulento das causas. Pon en evidencia a súa folla de ruta consistente en actuar para deteriorar máis e máis a sanidade pública para favorecer o negocio ás empresas privadas do sector sanitario.

É preciso que a Xunta de Galiza dea explicacións sobre estes datos e facilite toda a información sobre ás prazas de formación de especialistas que ten solicitado, e cal é a planificación para garantir o número de profesionais precisos para atender á poboación galega.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

Cantas prazas de formación acreditadas para a formación de especialistas sanitarios (MIR, EIR, FIR...) deixou a Xunta sen ofertar na convocatoria 2022-2023?

Cal é o número de prazas acreditadas para a formación de profesionais sanitarios en cada especialidade (MIR, EIR, FIR...)?

Cantas foron ofertadas nos últimos 10 anos desglosadas por anualidade e especialidade?

Deixaron sen ofertar prazas que estaban acreditadas?

Cales e en que especialidade?

Cal foi a razón?

Cal é planificación e as actuacións que vai levar a cabo a Xunta para garantir a formación do número de profesionais que precisa a sanidade pública galega para prestar unha atención digna en todos os niveis asistenciais?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2023 10:14:06

Iria Carreira Pazos na data 09/01/2023 10:14:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos, Luis Bará Torres e Manuel Lourenzo Sobral, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a persistencia das deficiencias existentes no servizo de ambulancias na Área Sanitaria Pontevedra o Salnés.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

@s traballador@s de Ambulancias Civera, empresa concesionaria do transporte sanitario terrestre programado e dos traslados intrahospitalarios da Área Sanitaria Pontevedra o Salnés, levan meses denunciando as deficientes condicións nas que se está a prestar o servizo. Teñen denunciado que a pesares da gravidade dos incumprimentos da empresa que afecta tanto as condicións laborais como a calidade asistencial que prestan, non se teñen solucionado.

Denuncias que acaban de reiterar publicamente pechándose no hospital Montecelo para reclamar o pago íntegro do soldo de decembro, xa que a compañía unicamente lle abonou unha parte. O falta de pagamento de salarios non é máis que o último dos moitos incumprimentos da empresa dende que se fixo cargo do concurso: a falta de material básico, o deterioro do existente, o uso de vehículos que non pasaron a inspección sanitaria ou a ITV.

A todo o anterior súmase a denuncia de que normalmente teñen operativas menos ambulancias das que marca o concurso.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Todo isto enmarcado no deterioro das condicións laborais que sofren desde que hai ano e medio a Xerencia da Área Sanitaria sacou un concurso público deficitario.

Todo isto ten unha repercusión moi negativamente non só nas condicións laborais senón na asistencia que se lle presta @s doentes, con esperas interminábeis para os seus tratamentos, probas ou traslados.

Estes incumprimentos son de sobra coñecidos pola Xerencia da Área Sanitaria, sen que teña actuado para esixir a súa solución. Diante desta situación non vale un novo parche, senón que é preciso que leve a cabo unha actuación firme que permita dunha vez por todas contar cun servizo de transporte sanitario terrestre digno, cos recursos e profesionais precisos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

Considera que está garantindo unha atención axeitada as persoas que precisan transporte sanitario terrestre?

A que agarda a Xunta de Galiza para actuar diante das múltiples deficiencias denunciadas no transporte sanitario terrestres na Área Sanitaria Pontevedra-Salnés?

Vai proceder ao rescate da concesión do servizo de transporte sanitario terrestre programado e dos traslados intrahospitalarios da Área Sanitaria Pontevedra o Salnés e realizar un novo concurso coa dotación económica, número de vehículos e profesionais precisos para prestar unha atención de calidade, para rematar coa situación presente de insuficiencia manifesta para poder atender as necesidades da poboación?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que accións ten realizado tras ser informado hai meses das irregularidades no servizo de transporte sanitario terrestre Área Sanitaria Pontevedra Salnés?

Procedeu a realizar unha inspección xeralizada da empresa concesionaria para facer unha labor de comprobación das denunciadas efectuadas: condicións laborais, desinfección de vehículos, material...?

Obrigou ás empresas á súa corrección?

Ten aberto algún expediente sancionador, ou acción legal por irregularidades detectadas?

Considera que a poboación desta Área Sanitaria conta cos recursos suficientes en número de vehículos e profesionais en activo para recibir a atención en tempo e forma?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2023 10:33:03

Iria Carreira Pazos na data 09/01/2023 10:33:07

Xosé Luis Bará Torres na data 09/01/2023 10:33:20

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 09/01/2023 10:33:30





Á Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Carlos Gómez Salgado e María Felisa Rodríguez Carrera deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en comisión 4ª Educación e Cultura.**

Ao longo do tempo, a Xunta de Galicia e as universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e a de Vigo foron quen de acadar acordos e executar varios plans de financiamento universitario de carácter plurianual.

Neste contexto de planificación das achegas económicas autonómicas, as universidades públicas galegas unha estabilidade financeira envexada no resto do sistema universitario do Estado.

No 2021 estivo vixente o Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia para o período 2016-2020, logo de que se acordase a súa prórroga como paso previo á negociación dun novo documento. Neste ano tamén se iniciaron os contactos entre a Xunta e as universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña para avanzar no deseño do novo plan de financiamento.

A vontade de diálogo e consenso permitiu que, unha vez máis, a Xunta e as tres universidades públicas galegas aprobasen o Plan de Financiamento Universitario de Galicia 2022-2026, actualmente en vigor.

Para seguir avanzando á hora de posibilitar que as universidades públicas galegas contén cos recursos axeitados para o desenvolvemento da súa actividade académica e investigadora, desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos relevante analizar e facer balance dos fondos incluídos no plan de financiamento correspondente ao período 2016-2020.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en comisión:

Que análise fai o Goberno galego sobre os fondos para o financiamento das universidades pública galegas?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2023.

Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 09/01/2023 11:55:50

Teresa Egerique Mosquera na data 09/01/2023 11:56:05

María Felisa Rodríguez Carrera na data 09/01/2023 11:56:15

Rodríguez Pérez, Moisés na data 09/01/2023 11:56:27

Gómez Salgado, Carlos na data 09/01/2023 11:56:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2023 12:08:45
Nº Rexistro: 46655
Data envío: 09/01/2023 12:08:45.944

María Elena Suárez Sarmiento na data 09/01/2023 11:56:58

José Luis Ferro Iglesias na data 09/01/2023 11:57:28

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-rVB4FIPq-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5ª; Sanidade, Política Social e Emprego.**

O pasado 5 de decembro do 2022, con motivo do Día Internacional do Voluntariado, a directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cristina Pichel, destacou a forza e o compromiso solidario das máis de 1.000 entidades deste ámbito rexistradas en Galicia e das 52.000 persoas voluntarias que destinan parte do seu día a axudar aos demais.

Pola súa parte, a conselleira de Política Social e Xuventude, Fabiola García, presidiu o 28 de xaneiro do 2022 a reunión do Observatorio de Acción Voluntaria na que se acordou iniciar a elaboración da Estratexia de Acción Voluntaria 2027, que ten como finalidade recoller e amplificar o impulso solidario dos galegos. A traxectoria do voluntariado galego é claramente ascendente, pois nos últimos anos multiplicouse por 30 o número de experiencias de voluntariado certificadas pola Xunta de Galicia.

A base das novas liñas estratéxicas será o estudo que realizou a Xunta sobre o perfil do voluntariado en Galicia. Este documento permite realizar un retrato fiel e das entidades que dan vida a esta actividade, das súas preocupacións e as súas prioridades.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Por todo o exposto, os deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

En que fase está a elaboración da Estratexia de Acción Voluntaria 2027?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2023.

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 09/01/2023 12:25:07

María Corina Porro Martínez na data 09/01/2023 12:25:19

Noelia Pérez López na data 09/01/2023 12:25:37

María Encarnación Amigo Díaz na data 09/01/2023 12:25:51

López Sánchez, Rosalía na data 09/01/2023 12:26:04

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 09/01/2023 12:26:15

María Elena Suárez Sarmiento na data 09/01/2023 12:26:26

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A gravidade da situación sanitaria vivida a fin de semana dos días 6, 7 e 8 de xaneiro no complexo hospitalario de Montecelo coa maioría dos PAC da área sanitaria sen médicos (Bueu, O Grove, Sanxenxo, Caldas e A Parda en Pontevedra) obrigou aos profesionais médicos que estaban a prestar un servizo de garda a emitir aos doentes un comunicado no que alertaban desta situación.

Na nota informativa alertaban da situación de colapso que estaba a provocar que todas as persoas doentes dos concellos limítrofes foran derivadas a Montecelo e a necesidade de ter que priorizar as urxencias xa que ante a ausencia de reforzos o persoal existente non podía asumir esa carga de traballo.

A situación na área sanitaria de Pontevedra comeza a ser límite, as persoas profesionais de urxencias de Montecelo non poden suplir a ausencia de médicos nos concellos da contorna e comezan a sufrir as consecuencias físicas e psicolóxicas da carga de traballo e o estrés ao que están sometidos cada fin de semana.

Dende o Goberno da Xunta seguen a botar balóns fóra no canto de buscar solucións, o Grupo Socialista pregúntase que mais ten que pasar para que este goberno deixe de poñer parches e buscar solucións peregrinas e leve a cabo un xiro radical na súa política sanitaria.

Pero namentres isto non se produza e urxente que este goberno reforce os cadros de persoal e estableza de forma axeitada as quendas de traballo nas urxencias hospitalarias do Hospital Montecelo de Pontevedra.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como xustifica o Goberno galego a situación de colapso vivida a fin de semana dos días 6, 7 e 8 de xaneiro nas urxencias do hospital de Montecelo en Pontevedra?

2ª) Entende este goberno que os profesionais sanitarios están a recibir un trato digno por parte do Sergas?



3ª) Ten previsto reforzar os cadros de persoal e establecer de forma axeitada as quendas de traballo nas urxencias hospitalarias xerais do Hospital Montecelo de Pontevedra para poder prestar unha atención sanitaria de calidade?

Pazo do Parlamento, 9 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 09/01/2023 13:32:27

Julio Torrado Quintela na data 09/01/2023 13:32:38

Marina Ortega Otero na data 09/01/2023 13:33:02

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/01/2023 13:33:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a adaptación de Galiza ao seu envellecemento poboacional e as medidas que debe adoptar o Goberno galego ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) foi creado e regulamentado a través dunha orde en 2009, transcorreron pois 14 anos desde entón e moitas foron as cuestións que mudaron neste tempo. É evidente que a sociedade galega foi avanzando nun incremento do índice de avellentamento da poboación pasando do 137,25 en 2009 ao 163,59 en 2021, segundo os últimos datos do IGE.

De igual maneira, foron milleiros as persoas que se incorporaron –a través do sistema de dependencia-- ao servizo convertendo o SAF no principal recurso. Así as cousas, aínda hai moitas galegas e galegos que se atopan en listaxe de agarda á espera de poderen acceder a el, malia teren dereito recoñecido.

Asemade, estes máis de dez anos amosaron os éxitos e fortalezas do SAF mais tamén as feblezas do mesmo, especialmente no relativo ás condicións laborais das traballadoras (auxiliares), a baixa intensidade horaria que reciben as persoas dependentes, as enormes dificultades dos concellos (responsábeis da xestión do SAF) para facer fronte á prestación do servizo, especialmente no seu financiamento ou a



necesidade de incorporar novos perfís profesionais que permitan mellorar a atención das persoas usuarias.

Neste senso, cómpre lembrar que a Orde de 2009 prevé (artigo 4.2) os servizos que, con carácter complementario, poderán ser proporcionados como:

- a) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b) Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- c) Adaptacións funcionais do fogar.
- d) Servizo de podoloxía.
- e) Servizo de fisioterapia.

Todos eles ausentes na maior parte dos casos sendo que a Xunta de Galiza optou desde hai uns anos pola creación de autobuses ‘porta a porta’ que ofrecen con carácter temporal e moi limitado algún destes servizos de concello en concello.

Para o G.P. do Bloque Nacionalista Galego é evidente que o SAF precisa dunha avaliación e dunha adaptación para adaptalo á realidade demográfica dunha país como Galiza cunha alta esperanza de vida e dun envellecemento superior á media do estado co obxectivo de mellorar, ampliar e reforzar a atención que reciben as persoas maiores e dependentes presentes e futuras co obxectivo de mellorar na prevención, garantir o máximo posíbel a autonomía persoal; promover mellores condicións laborais das traballadoras e garantir unha mellor prestación e xestión do servizo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión
5ª :

- Que valoración fai a Xunta de Galiza do Servizo de Axuda no Fogar logo de 14 anos da aprobación da Orde que o regula?
- Pensa impulsar algunha medida encamiñada a reforzar, fortalecer, ampliar e mellorar o servizo?
- En caso afirmativo, cales e con que obxectivo(s)?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2023 13:36:33

María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2023 13:36:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 09/01/2023 13:36:47



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

Unha atención primaria fortalecida supón unha maior capacidade de funcionamento da rede de hospitais, que ven menos saturadas as súas propias dinámicas de funcionamento, dende a redución de entradas en urxencias ata a optimización de tempos e de diminución de listas de agarda.

O centro de saúde de Ribeira de Piquín conta cunha única praza de médico asignada, pero dende finais de novembro do ano pasado, esta praza atópase vacante por traslado do seu titular a outro centro de saúde.

Dende esta data a veciñanza de Ribeira de Piquín, así como a da parroquia fonsagrada de Carballido, que tamén depende deste centro de saúde, carecen dunha adecuada atención primaria.

A realidade é que non se trata dunha situación puntual como alegan dende o Sergas senón que se converteu nunha situación estrutural, xa que a situación está a empeorar e a Xunta de Galicia non toma ningunha medida para revertela.

Temos denunciado durante os últimos anos situacións similares á que hoxe de novo están a vivir no centro de saúde de Ribeira de Piquín. Por exemplo, no segundo semestre de 2021, xa que toda a metade dese ano a maioría dos días da semana ese centro de saúde estaba sen facultativo médico con semanas nas que só había médico 1 día.

O concello de Ribeira de Piquín conta cunha veciñanza cunha media de idade avanzada e por iso están a reclamar a recuperación da atención médica diaria no seu centro de saúde, ante as situacións que se están a dar na actualidade: aglomeracións, atrasos, menos tempo dispoñible por consulta, dificultade para renovación receitas ... etc.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cando vai a Xunta de Galicia repoñer o servizo diario de atención médica no centro de saúde de Ribeira de Piquín (Lugo)?



2ª) Considera o Goberno galego que a asistencia sanitaria en atención primaria está cuberta de maneira plena, estable e total para a veciñanza de Ribeira de Piquín e a parroquia fonsagrada de Carballido?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 09/01/2023 16:48:08

Julio Torrado Quintela na data 09/01/2023 16:48:24

Marina Ortega Otero na data 09/01/2023 16:48:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a avaliación do avance no uso do galego por parte das empresas xornalísticas e de radiodifusión de titularidade privada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Secretaría Xeral de Medios vén convocando nos últimos anos senllas axudas destinadas a potenciar o avance no uso da lingua galega nos medios dirixidos por empresas xornalísticas e de radiodifusión de titularidade privada, por unha banda, e a empresas que realicen publicacións periódicas escritas integramente en galego, pola outra.

Nos dous casos estamos ante axudas que se resolven polo procedemento de concorrência non competitiva co obxectivo de apoiar a información orientada a alentar a defensa da identidade de Galicia, a promoción dos seus valores, a normalización da lingua e a defensa da súa cultura.

A distribución do crédito dirixido ás empresas xornalísticas e de radiodifusión de titularidade privada foi a seguinte na convocatoria de 2022:

- Axudas a xornais impresos en formato papel: 1.255.000,00 euros.
- Axudas a empresas radiofónicas privadas: 266.400,00 euros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Axudas a empresas xornalísticas que difundan a súa actividade informativa mediante a internet: 455.377,00 euros.

No caso das axudas dirixidas a empresas que realicen publicacións periódicas escritas integramente en galego a contía da convocatoria a repartir é de 40.000 euros no exercicio de 2022.

En ambos os dous casos as cifras véñense mantendo inalteradas nos últimos anos, independentemente de terse acrecentado no seu conxunto os orzamentos da Xunta de Galiza.

A maiores, a percepción contrastada pola lectura ou audición destes medios de comunicación que, ano tras ano, veñen sendo agraciados con importantes cantidades de diñeiro público, tampouco muda no sentido de verificar avance no uso da lingua galega na transmisión dos seus contidos, o que implicaría o incumprimento dunha parte do articulado do Estatuto de Autonomía que senta as bases da propia convocatoria.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Como valora a Xunta o avance no uso do galego por parte das empresas xornalísticas e de radiodifusión de titularidade privada, ao abeiro destas axudas públicas para este fin?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 09/01/2023 20:11:57

Daniel Castro García na data 09/01/2023 20:12:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para reposta oral na Comisión7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O primeiro de xaneiro de 2023 acaba de iniciarse o esperado período da PAC, 2023-2027. Neste momento é no que se pode comprobar máis de cerca cales son os cambios ou diferencias que poden experimentar as persoas solicitantes da PAC.

Nesta iniciativa imos centrarnos en 2 cuestións fundamentais, do II pilar da PAC, que poden afectar ás persoas do agro tanto no aspecto económico como na orientación futura das súas producións e polo tanto pode afectar ao futuro do agro galego

Trátase das axudas correspondentes as seguintes intervencións: 6503, 6501.2, 6501.3, 6501.4 e as 65051 e 65052 e a súa dotación orzamentaria para este próximo período da PAC.

A primeira intervención correspóndense coas comunmente denominadas “axudas á agricultura ecolóxica” e as 3 seguintes correspóndense coas denominadas agroambientais, nas que igual se poden incluír as 2 últimas de conservación de recursos xenéticos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As relativas a Compromisos de xestión agroambiental en agricultura ecolóxica, contan cun orzamento de 19.144.250M€ para 5 anos, dos que hai que sinalar que o 80% son dos fondos Feader, co que para cada ano corresponderían uns 3.828.850 que van decrecendo minimamente durante eses 5 anos, e que serán dedicados tanto ás axudas de conversión como ás de mantemento.

O resto contan cun importe de 93.160.000M€ dos que os fondos Feader supoñen outro 80%, que tamén se distribúen dun xeito idéntico para cada ano, a excepción das axudas relativas á intervención de Compromisos de conservación de recursos xenéticos non SIGC que van incrementándose ata o ano 27 para despois ir reducíndose de novo.

Estes días puidemos ver como temos un agro dinámico con persoas agricultoras dispostas a actualizar as súas granxas e poñelas á altura das exigencias da política agraria común presentes e futuras e polo tanto, non é difícil pensar que cada vez máis granxas estarán dispostas a acadar os obxectivos que se priman dende a PAC.

Acabamos de comprobar como estes anos calou a conversión a ecolóxico, a instancias das recomendacións da propia Xunta, mostrando a determinación do noso agro para poñerse á altura dos requisitos medioambientais, ecolóxicos, de mantemento da biodiversidade e de loita contra o cambio climático polo que é previsible que haxa que ser especialmente coidadosos na distribución dos fondos de desenvolvemento rural para garantir as axudas que favorezan un profundo cambio estrutural que sitúe o agro galego no futuro.

Polo antedito é imprescindible un extremo coidado na distribución de fondos entre as intervencións e a proposta dun baremo que non deixe fóra á maioría das solicitudes. Os fondos de desenvolvemento rural son practicamente os mesmos que os do período anterior, pero as circunstancias económicas e dos mercados xunto coas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

exixencias europeas son diferentes, o que motiva que os e as nosas produtoras teñan que buscar solucións efectivas para as súas maneiras de producir.

A situación actual fai que os criterios de selección que nunca se utilizaron agora probablemente teñan que utilizarse, porque tódalas solicitudes cobraban axudas e agora hai tantas que non se fai posible se non se incrementan os fondos.

Entendemos que a Consellería e seus organismos correspondentes teñen os datos reais da situación actual das axudas que reciben as explotacións e polo tanto o que está a fallar son os criterios políticos para o deseño das axudas a transformación do noso agro. Máis parecería que o que se pretende potenciar son as grandes explotacións e non as granxas máis modestas en tamaño pero máis achegadas ó territorio, tal e como se puido ver cando se aplicou un baremo cuantitativo para a concesión de axudas a ecolóxico no ano 2022.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Vai o goberno da Xunta ter en consideración a situación actual das granxas galegas para destinar os fondos necesarios e para deseñar os criterios de selección para as intervencións mencionadas, de modo que, sexan suficientes para cubrir a totalidade das solicitudes de axudas para a agricultura ecolóxica e as agroambientais?

Consideran vostedes que as exixencias no número de hectáreas están adaptadas á realidade das granxas galegas ou máis ben deseñadas para non incrementar o investimento e seguir potenciando o tamaño?

Van, por fin, poñer en valor as granxas tradicionais axudándoas a incorporarse por dereito ás medidas agroambientais e a agricultura ecolóxica?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Van traballar pola creación de criterios de selección que non teñan tanto en conta a cantidade e si moito máis a calidade, a relación e o mantemento do territorio?

Van seguir a promover a intensificación ou ben van reverter esa tendencia a prol do respecto e recoñecemento ás formas tradicionais de produción actualizadas?

Van facer públicos os datos reais das solicitudes tanto para as actividades agropecuarias en ecolóxico como para as agroambientais?

Van recompilar e ordenar os datos das explotacións galegas rexistradas e as que non perciben axudas, ou que tipo axudas perciben, en que cantidades, etc?

Como pensan enfrontar a problemática que representan a falta de diñeiro para as solicitudes en ecolóxico pero tamén para a potencial falta para as agroambientais?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 10/01/2023 09:43:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/01/2023 09:43:11

María González Albert na data 10/01/2023 09:43:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª,** sobre a Estratexia do lobo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 28 de xullo de 2022 a Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, órgano de coordinación institucional entre o goberno central e os autonómicos en materia ambiental, aprobou a Estratexia para a convivencia das actividades do medio rural co lobo e a súa conservación.

Esta Estratexia constitúe o marco xeral das políticas sobre o lobo e dela derívase o reparto dos fondos previstos nos orzamentos xerais do Estado para as medidas de prevención e compensación de danos provocados por ataques de lobos.

Se ben inicialmente Castela e León e Cantabria mantiveron xunto coa Galiza a oposición a esta Estratexia, finalmente estas dúas comunidades subscribiron a Estratexia e tiveron acceso aos fondos estatais, 8,8 millóns no caso de Castela-León e 1,6 millóns no caso de Cantabria. Esta decisión é compatíbel cos recursos presentados en relación coa Estratexia do Lobo e a inclusión desta especie no LESPRES.

Pola súa parte, Galiza quedou excluída do reparto e perdeu os 4,3 millóns que lle correspondían. Aínda que a Xunta presentou un recurso contencioso-administrativo diante desta decisión, a realidade é as explotacións gandeiras en extensivo do noso país víronse de momento privadas dunha importante contía económica para actuacións de prevención de ataques do lobo e medidas de compensación.

A posición da Xunta nesta materia está guiada por criterios partidistas e de confrontación co goberno central. Trátase dunha actitude irresponsábel, que fomenta o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

rexeitamento social contra esta especie. Fica claro que o goberno galego está disposto a sacrificar os intereses do medio rural para seguir alimentando a polémica, a confrontación e a lobofoobia.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

-Que razóns científicas ou técnicas xustifican a oposición da Xunta á Estratexia do lobo?

-Por que motivo a Xunta se negou a subscribir a citada Estratexia, coa conseguinte perda de 4,3 millóns dos fondos previstos no reparto?

-Vai seguir o goberno galego primando posicións partidistas en relación co lobo, en detrimento dos intereses do medio rural e das explotacións gandeiras en extensivo?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Paulo Ríos Santomé
Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 10/01/2023 09:48:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 10/01/2023 09:48:42

Paulo Ríos Santomé na data 10/01/2023 09:48:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para reposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A entrada en vigor das normativas correspondentes ao novo período da PAC 2023-2027 acarrea unha serie de modificacións para o exercicio destas políticas no noso país.

Non sabemos exactamente que criterios seguiu o goberno da Xunta para destinar as partidas orzamentarias as diferentes intervencións do segundo pilar da PAC, correspondente ao desenvolvemento rural. Temos claro, de todos xeitos, que hai unha incerteza grande entre as persoas que viñan disfrutando dunhas determinadas axudas, pensamos que por falta de transparencia na información facilitada pola consellería.

Sabemos que a estas alturas aínda se están tomando determinacións, non sabemos se se fan correctamente para distribuír os fondos, pero aparentemente isto estase a facer cara a promoción das explotacións máis grandes, que se supón que cobran máis axudas e polo tato vai en detrimento das máis pequenas, que ao ter menos hectáreas cobran menos.

Falamos das axudas das Zonas con limitacións naturais ou outras limitacións específicas (artigo 66) correspondente á intervención 6613 dotada con un orzamento de 60M de € dos que o 65% corresponde aos fondos FEADER.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por decisión do goberno da Xunta estas axudas vanse limitar neste período aos concellos que sexan catalogados de Montaña, deixando fóra a outras zonas con limitacións naturais, aínda que a determinación teórica que se usa non sexa igual a máis acaída para dar axudas ás granxas que teñen máis dificultades para desenvolver a súa actividade nestas zonas.

Poderíamos considerar que o Concello como división administrativa do territorio non ten nada que ver coas condicións orográficas reais en diferentes lugares deste concello. Todos sabemos que zonas de gran pendente e altitude se atopan na mesma demarcación administrativa xunto con zonas amplas zonas de pouca altitude en forma de Val e por isto é polo que discutimos a exclusión de outras zonas con limitacións específicas que tamén as hai.

Descoñecemos que motivou a tomar esta decisión, pero ben poderíamos pensar que as contías que viñan correspondendo ás granxas que se encontraban fóra dos concellos de Montaña recibían pequenas cantidades nesta medida, pero non se tivo en conta que recibían pequenas cantidades tamén das axudas directas, e polo tanto quedar sen este aporte, por pequeno que fora, ten afectación sobre os ingresos totais das propietarias e propietarios.

Poderíanse tomar distintas decisións sobre a distribución destas axudas como variar o tope do último tramo, para topalo nun menor número de hectáreas ou ben promover a definición de zona de montaña de outro xeito de modo que foran as zonas con extremas condicións como a alta montaña ou outras de especial dificultade, ás que recibiran estas axudas.

Para cambiar calquera determinación ou criterios de priorización deberían recompilar e mostrar os datos que permitan cotexar que tipo de afectación sufrirán as e os solicitantes para o próximo período.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Vai o goberno da Xunta reconsiderar a decisión de excluír das axudas ás ZLN fóra dos denominados concellos de montaña?

Van facer públicos os datos nos que se basearon para modificar os criterios anteriores no relativo a esta intervención?

Se o cambio non foi tomado en base a un determinado coñecemento que foi o que motivou este cambio de criterio?

Estudiaron vostedes o impacto que suporá a retirada desta axuda na renda das propietarias e propietarios das pequenas granxas?

Comprobaron dende a perspectiva de xénero como é a afectación á renda das granxas que levan as mulleres?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 10/01/2023 10:04:01

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/01/2023 10:04:05

María González Albert na data 10/01/2023 10:04:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e María González Albert, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre as actuacións realizadas pola Xunta de Galiza ante as irregularidades detectadas na Oficina Agraria Comarcal do Barco de Valdeorras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de xuño a Consellaría de Medio Rural informaba do acordo de proceder á suspensión de funcións de dous traballadores destinados na Oficina Agraria Comarcal do Barco de Valdeorras. A decisión cautelarmente adoptada fundamentábase na existencia dunha denuncia na que se advertía da existencia de irregularidades na tramitación de expedientes administrativos nas que participaran os traballadores obxecto da suspensión; así como a consideración da Xunta de Galiza da necesidade de clarexar os feitos denunciados.

Transcorrido o prazo máximo legalmente establecido no que un traballador pode permanecer na situación provisoria de suspensión de funcións e procedendo a reincorporación dos traballadores ao seu posto de traballo, non consta as actuacións realizadas pola Xunta de Galiza para a determinación e alcance dos feitos denunciados no seu día e que motivaron tan relevante medida cautelar.

Ante a expectación provocada pola incoación do expediente disciplinario e a adopción da medida de suspensión de funcións adoptada contra dous funcionarios da oficina agraria comarcal de Valdeorras, e ante a ausencia de informacións sobre a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

procedencia e proporcionalidade da medida adoptada e/ou do bo funcionamento do servizo administrativo, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 1ª:

Cal é a data de incoación do expediente disciplinario seguido contra os dous traballadores da oficina agraria comarcal do Barco de Valdeorras?

Que actuacións realizou a Xunta de Galiza para coñecer a veracidade dos feitos denunciados e dos que eran presuntamente responsábeis os dous traballadores da referida oficina agraria comarcal?

Procedeu a Xunta de Galiza á reincorporación dos traballadores obxecto da medida cautelar? En caso afirmativo, foi no mesmo posto de traballo no que se presuntamente se cometeron os feitos que deron lugar á suspensión de funcións provisoria?

Ditouse resolución administrativa que definitivamente ou provisionalmente poña fin ao procedemento?

Habida conta á presumible relevancia dos feitos denunciados, comunicáronse ao xulgado? No seu caso, procedeu a Xunta de Galiza a formalizar persoamento no procedemento xudicial?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

María González Albert





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/01/2023 10:04:45

María González Albert na data 10/01/2023 10:05:45



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

O 25 de febreiro de 2021, a Comisión 5ª aprobaba por unanimidade unha iniciativa proposta polo Grupo Parlamentario Socialista que instaba a Xunta de Galicia a coordinar unha mesa de traballo interinstitucional coa fin de revisar e mellorar os protocolos de atención ás familias no caso de falecemento en accidente dalgún dos seus membros.

Coa proposición non de lei aprobada pretendíase que no caso de falecemento dun familiar por circunstancia sobrevida, a familia contase con todos os coidados e apoios emocionais que garantisen a súa estabilidade no primeiro momento de dó. Para iso é preciso que exista un protocolo de actuación que incardine as accións de todos os profesionais que teñen que intervir, dende o momento de comunicación ata o recoñecemento dun cadáver.

O Grupo Parlamentario Socialista preguntaba no mes de marzo do pasado ano 2022 se xa comezaran os traballos e a resposta por parte do Goberno galego deixaba ver algo de luz ao respecto anunciando a inminente constitución da mesa de traballo. Mais xa case dous anos da aprobación da nosa iniciativa continuamos sen saber nada desa mesa nin moito menos do seu resultado, no caso de estar constituída. Por esta razón as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) En que estado se atopan os traballos para establecer protocolos de atención ás familias no caso de falecemento en accidente dalgún dos seus membros, aprobado por unanimidade en comisión parlamentaria o 25 de febreiro de 2021?
- 2ª) Constituíuse xa a mesa de traballo interinstitucional acordada para tal fin?
- 3ª) Cando teñen previsto a finalización dos traballos?

Pazo do Parlamento, 9 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:





Noa Susana Díaz Varela na data 09/01/2023 13:15:53

Julio Torrado Quintela na data 09/01/2023 13:16:07

Marina Ortega Otero na data 09/01/2023 13:16:19



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

A Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia, iniciou no ano 2011 a tramitación dun proxecto para a rexeneración dos bancos marisqueiros da ría de Pontevedra, e o dragado do río Lérez, nun treito de 4-5 quilómetros entre o club naval e os Praceres, no que estaba previsto retirar aproximadamente 300.000 toneladas de lamas e outros sedimentos.

Despois de 10 anos de tramitación, este proxecto converteuse nunha promesa electoral do señor Feijóo cada 4 anos.

E trala reunión mantida polo presidente Rueda co alcalde de Pontevedra vemos que esta promesa seguirá sendo utilizada en futuros comicios electorais.

Hai aproximadamente un ano o Grupo Socialista preguntaba en sede parlamentaria á directora xeral sobre a parálise deste proxecto que contestaba manifestando o firme propósito de levalo adiante e defendendo que se crease unha comisión técnica para analizar as alternativas para o punto de vertido dos lodos e materiais obtidos coa dragaxe e que estaba a traballar na busca de información cara a este fin, pero a día de hoxe non temos constancia de ningún avance.

Dende o Grupo Socialista entendemos que é necesario que se atope un punto de vertido que cumpra cos requisitos que marca o Cedex ou no seu defecto se explore a posibilidade de retirar os lodos e vertidos e que estes sexan tratados en terra, que aínda que somos conscientes que é mais custoso tamén e medioambientalmente máis sostible.

O tempo pasa e isto incrementa os custes do proxecto, xa que será necesaria unha nova batimetría que mida a cantidade de áridos, delimitar novamente o tramo de retirada de sedimentos e actualizar os prezos. Pero a realidade é que 1 ano despois nin sequera o orzamento de 2023 establece unha partida para esta fin, polo que entendemos que a vontade do goberno da Xunta é que o dragado do Lérez sega a ser unha promesa electoral.

Mentres o Goberno de España está a traballar no dragado da ría do Burgo na Coruña cun proxecto de 34 millóns de euros, os pontevedreses e pontevedresas



seguen abandonados e sen poder beneficiarse dun proxecto que permitiría mellorar a calidade das augas e dos fondos da ría, favorecer a recuperación, produtividade e calidade dos bancos marisqueiros alí localizados, e potenciar os usos lúdico-recreativos da zona. Por iso, dende o Grupo Parlamentario Socialista esiximos a este goberno que emita un informe no que se determine un punto de vertido compatible coa normativa que impón o Cedex e posteriormente se actualice o proxecto de dragado do Lérez para iniciar a súa execución.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Tras un ano de estudos sobre a dragaxe do Lérez, ten previsto o Goberno galego emitir un informe no que determine un ou varios puntos de vertido compatible coa normativa que impón o Cedex?

2ª) Ten previsto este goberno nesta lexislatura iniciar o proxecto de dragaxe do río Lérez en Pontevedra?

3ª) Como xustifica este goberno unha década de paralización deste proxecto?

Pazo do Parlamento, 9 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 09/01/2023 16:41:03

Pablo Arangüena Fernández na data 09/01/2023 16:41:14



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

O 25 de febreiro de 2021, a Comisión 5ª aprobaba por unanimidade unha iniciativa proposta polo Grupo Parlamentario Socialista que instaba a Xunta de Galicia a coordinar unha mesa de traballo interinstitucional coa fin de revisar e mellorar os protocolos de atención ás familias no caso de falecemento en accidente dalgún dos seus membros.

Coa proposición non de lei aprobada pretendíase que no caso de falecemento dun familiar por circunstancia sobrevida, a familia contase con todos os coidados e apoios emocionais que garantisen a súa estabilidade no primeiro momento de dó. Para iso é preciso que exista un protocolo de actuación que incardine as accións de todos os profesionais que teñen que intervir, dende o momento de comunicación ata o recoñecemento dun cadáver.

O Grupo Parlamentario Socialista preguntaba no mes de marzo do pasado ano 2022 se xa comezaran os traballos e a resposta por parte do Goberno galego deixaba ver algo de luz ao respecto anunciando a inminente constitución da mesa de traballo. Mais xa case dous anos da aprobación da nosa iniciativa continuamos sen saber nada desa mesa nin moito menos do seu resultado, no caso de estar constituída. Por esta razón as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) En que estado se atopan os traballos para establecer protocolos de atención ás familias no caso de falecemento en accidente dalgún dos seus membros, aprobado por unanimidade en comisión parlamentaria o 25 de febreiro de 2021?

2ª) Constituíuse xa a mesa de traballo interinstitucional acordada para tal fin?

3ª) Cando teñen previsto a finalización dos traballos?

Pazo do Parlamento, 9 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 09/01/2023 13:06:52





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 11:38:55
Nº Rexistro: 46744
Data envío: 10/01/2023 11:38:55.720

Pablo Arangüena Fernández na data 09/01/2023 13:07:11

Paloma Castro Rey na data 09/01/2023 13:07:31

CSV: BOPGDSPG-rVB4FIPq-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real Decreto-Lei 20/2022, do pasado 27 de decembro, de medidas de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra de Ucraína, deixou, no que ao sector pesqueiro se refire, bastante máis razón para a decepción que para o optimismo.

O Goberno do Estado vén de persistir na súa negativa a baixar o IVE de peixes e mariscos, malia a ser solicitado insistentemente por numerosas entidades do sector e tamén polo propio Parlamento Galego, nun acordo tomado unanimemente en abril de 2021. Unha decisión que xa teñen tomado hai tempo outros países da nosa contorna e que non só favorecería ao propio sector senón á poboación en xeral e, moi en particular, á máis desfavorecida economicamente, ademais de contribuír a fomentar o consumo de produtos pesqueiros e, como consecuencia, a manter unha dieta máis saudábel.

Ademais de volver a rexeitar esta rebaixa, o Real Decreto-Lei tampouco establece medidas que sirvan realmente para paliar a problemática situación que vén vivindo o conxunto do sector pesqueiro dende moito antes do comezo da guerra de Ucraína e que levou a un encarecemento dos combustíbeis que non se lembraba en décadas.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A supresión do desconto de 20 céntimos por litro de carburante vén de ser substituída por axudas directas que, ao contrario do que ocorría ata o 31 de decembro, non chegarán a todas as embarcacións e que, ao empregarse como criterio principal para a súa aplicación os metros de eslora, producirán agravios importantes entre embarcacións do mesmo censo e caladoiro e prexudicarán de xeito importante a aquelas que constitúen precisamente o censo máis importante en Galiza, o de artes menores.

Así, por un lado quedarán excluídas aquelas que non estean ao corrente no pago á Seguridade Social ou a Facenda, un número non menor xa que a actual situación de crise non permitiu que todas puideran facelo. E, por outro, faenando nun mesmo caladoiro, coas mesmas artes e cos mesmos tripulantes, establécense diferenzas moi significativas entre embarcacións, segundo sexa a súa eslora.

Non é xustificábel que un sector que, tal e como reconece o propio Real Decreto-Lei, “...resulta especialmente perjudicado, lo que hace insostenible a corto plazo su actividad, comprometiendo la viabilidad empresarial y, con ello, el mantenimiento de tejido productivo y de empleo ...”, siga sen ser beneficiario de medidas longamente solicitadas como a redución do IVE e, ademais, resulte novamente agraviado pola substitución do desconto no combustíbel por axudas directas que non teñen en conta a realidade do sector e que afectan maioritariamente á frota galega máis numerosa, a de artes menores.

Por outra banda, na sesión plenaria do pasado 26 de abril, o Parlamento Galego aprobou, por unanimidade e a iniciativa deste Grupo Parlamentar, “Instar á Xunta de Galiza a levar a cabo axudas temporais, directas e urxentes que complementen as aprobadas polo Goberno español no Real Decreto-Lei 6/2022 e minimicen as consecuencias derivadas da crise actual”, sen que ata o de agora se efectivizasen por parte do Goberno galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

. Que actuacións concretas vai levar a cabo o Goberno galego para que a situación que está a vivir o sector pesqueiro galego non continúe a empeorar?

. Vai reclamar ao Goberno do Estado a rebaixa do IVE do peixe e marisco ao 0%?

. Vaille demandar a reestruturación das axudas directas ao combustíbel pesqueiro establecidas no recente Real Decreto-Lei 20/2022 para que ningunha embarcación quede excluída e para que se eliminen as importantes diferenzas entre elas, nomeadamente na frota de artes menores?

. Cando vai dar cumprimento a Xunta de Galiza ao acordo unánime do 26 de abril de 2022 e establecer as axudas temporais, directas e urxentes ao sector pesqueiro que o Parlamento galego xa reclamaba daquela?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 10/01/2023 11:38:36

Carmela González Iglesias na data 10/01/2023 11:38:40

Daniel Castro García na data 10/01/2023 11:38:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a protección das garantías e a prevención de riscos para a saúde humana e o medio ambiente derivadas da autorización da planta de tratamento de residuos líquidos procedentes de buques no peirao de Oza (A Coruña).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda acaba de autorizarlle a empresa Limpoil a instalación dunha planta de tratamento de residuos líquidos procedentes de buques no peirao de Oza (A Coruña).

Esta autorización da Xunta pon fin a un proceso que se iniciou en 2015 por parte desta empresa, co obxectivo de crear unha planta para procesar augas con aceites procedentes das sentinas dos barcos, que foi obxecto de numerosas alegacións veciñais, de ADEGA, do BNG, dos concellos de Oleiros, Cambre, da Deputación da Coruña e do pleno do Concello da Coruña.

As alegacións encamiñábanse ao feito de se pretender situar esta planta nunha zona de elevada sensibilidade ambiental como é a entrada da Ría do Burgo, núcleo de importantes bancos marisqueiros agora en fase de rexeneración e recuperación grazas ao inicio das demandadas obras de dragaxe.

Asemade, a localización desta planta de residuos áchase moi próxima a praias e zonas de baño moi concorridas pola veciñanza dos barrios coruñeses dos Castros, de Oza e da Gaiteira, como dos concellos veciños da ribeira.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unhas e outras son razóns que seguen a xerar forte preocupación social, xa que non se perciben garantías á hora de impedir que se produzan verquidos de augas contaminadas á ría e que, polo tanto, afecten tanto aos bancos marisqueiros como ás zonas de baño e recreo.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Por que se seguiu na tramitación da planta de residuos un procedemento de avaliación ambiental simplificado?
- Con que informes contou a Consellería de Medio Ambiente para autorizar esta planta na entrada da Ría do Burgo?
- Emitiron informe Augas de Galiza e mais a Autoridade portuaria? En que sentido?
- Que mudanzas no proxecto fixo a empresa, a petición da Xunta, para que esta entenda que se cumpren as garantías de protección ambiental?
- Entende a Xunta que é compatíbel a autorización dun proxecto destas características cunha contorna actualmente en fase de recuperación como é a Ría do Burgo, actualmente en plenas obras de dragaxe para a súa rexeneración?
- Entende a Xunta que é compatíbel a autorización dun proxecto destas características coas zonas de praia e de baño próximas que son referencia para a veciñanza dos barrios dos Castros, da Gaiteira e de Oza?
- Considera a Xunta que a autorización desta planta de residuos na entrada da Ría do Burgo é compatíbel co polo de creación de emprego e riqueza como banco marisqueiro, medioambientalmente sostíbel, que se intenta recuperar nesta zona?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Confirma a Xunta que a autorización da planta de tratamento de residuos dos aceites procedentes das sentinas dos barcos en Oza (A Coruña) é compatíbel coa protección das necesarias garantías medioambientais e a prevención de riscos para a saúde humana e o medio ambiente?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 10/01/2023 12:06:40

Xosé Luis Bará Torres na data 10/01/2023 12:06:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonzo e Rosana Pérez Fernández, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre as do Programa Impacto Autónomo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O mércores 4 de xaneiro publicáronse no Diario Oficial de Galiza as bases da convocatoria das axudas directas do Programa Impacto Autónomo. Un Programa que ten como finalidade, segundo a Consellería de Emprego e Igualdade e da propia Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, é minimizar o impacto da subida dos costes das materias primas e enerxéticos para as persoas autónomas.

Resulta unha obviedade que as PEME e persoas autónomas deste país foron as que viron máis afectada a súa actividade como consecuencia da pandemia, máis tarde polo encarecemento exponencial de fletes, materias primas e subministros, e por un proceso inflacionario nunca visto, que roza o paroxismo cunha suba desbocada dos prezos da enerxía.

Unha “tormenta perfecta” que se estendeu no tempo e que as diferentes medidas implementadas desde o goberno galego e administración central, foron incapaces de conter.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os datos de emprego e afiliación autónoma no noso país son demoledores e incontestábeis. Atendendo ao datos de afiliación, tanto en evolución mensual coma anual, Galiza perde persoas autónomas (2.897 cotizantes menos no último ano). Porén, a nivel estatal a afiliación amosa un incremento medio porcentual. Esa diverxencia coa tendencia estatal (que se alonga no tempo e cronifica) esixe tomar conciencia da delicada situación do sector e actuar de xeito contundente.

Por iso o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego leva meses demandando da Xunta de Galiza un forte investimento, que actúe como rede de seguridade de PEMES e persoas autónomas do noso país.

Denunciamos xa desde o seu anuncio que o Programa Impacta Autónomo, pensado para socorrer ao sector, era claramente insuficiente, sendo preciso un maior investimento, planificación e concreción, así como explorar a posibilidade de buscar fontes adicionais de financiamento.

Por iso en setembro propuxemos unha axuda inmediata para PEMES e persoas autónomas para afrontar a suba dos prezos da enerxía e un plan de choque con orzamento suficiente, no que se se recabasen aportacións, ademais do goberno galego, de outras administracións.

Aínda así, o goberno galego non mudou o paso e insistiu nun Programa Impacto Autónomo, que cuantitativamente se amosou xa como raquítico.

Pero é que o sistema de convocatoria de subvencións en concorrencia non competitiva e que a orde de prelación para a resolución de solicitudes veña determinada polo data e hora en que se presentase a documentación completa requirida nas bases reguladoras, xerou malestar e críticas entre os potenciais beneficiarios das axudas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por un lado polo sistema e criterios escollidos para a concesión, e desde un punto de vista técnico, polo propio funcionamento do portal habilitado para solicitar as axudas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

Considera o goberno galego que o sistema e criterios escollidos para acceder as axudas do programa Impacto Autónomo foron os correctos?

Por que se optou por este sistema e criterios?

Considerouse nalgún momento a posibilidade de establecer un sistema no que se baremase, para o acceso e o *quantum* das axudas, a especial necesidade e dependencia da enerxía eléctrica para desenvolver a actividade das persoas autónomas e PEMEs?

Considera o goberno galego que a planificación técnica e o propio funcionamento do portal habilitado para solicitar as axudas foi o correcto?

Considera o goberno galego que o programa Impacto Autónomo conta con dotación orzamentaria suficiente para cumprir coa súa finalidade?

Prevé o goberno galego sacar unha nova convocatoria de axudas directas para persoas autónomas e PEMEs para minimizar o impacto da subida dos costes das materias primas e enerxéticos?

Se é así, cando prevé que se convocarán esas novas axudas? Manteranse os mesmos criterios par acceder ás axudas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera o goberno galego que o funcionamento do portal habilitado para a solicitude de axudas foi o correcto?

Prevé o goberno galego introducir melloras no portal habilitado para a solicitude de futuras axudas?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonzo

Rosana Pérez Fernández

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 10/01/2023 13:05:30

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/01/2023 13:05:39

Rosana Pérez Fernández na data 10/01/2023 13:05:48



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Martín Seco García e Eduardo Ojea Arias, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

En novembro de 2022 a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade daba a coñecer no concello da Laracha que o Plan de mellora de seguridade viaria e a accesibilidade das paradas de autobuses en estradas comezaría na AC-552, pertencente á rede primaria básica da Xunta de Galicia.

Tal e como se recollía nos medios de comunicación as actuacións previstas serían:

- Mellorar a accesibilidade nas paradas, co fin de facilitar o seu uso a persoas con problemas de mobilidade, realizando ramplas e dotando o contorno de pavimento especial para ser recoñecido por persoas invidentes ou con dificultades de visión.
- Favorecer a conexión entre as distintas paradas con beirarrúas ou sendas, nos lugares que non existan.
- Favorecer o uso do transporte público, polo que se tivo en conta a mellora da seguridade en varios sentidos.
- Eliminar a vexetación na contorna e iluminación, mellorando así a visibilidade das persoas usuarias.
- Acondicionar carrís de paradas para facilitar a circulación e a protección os peóns, conseguindo así ampliar o espazo e mellorar a sinalización, sobre todo na velocidade.
- Instalacións de novas marquesiñas, con modelos que resulten máis axeitados para a protección das persoas usuarias fronte ás inclemencias do tempo. E asentos máis cómodos durante a espera.

As primeiras en licitarse serían 32 paradas na zona, das que 18 están no concello da Laracha.

Na estrada AC-400 ao seu paso polo lugar do Corgo (Soandres) no termo municipal da Laracha existe unha parada de autobús que non conta co suficiente



espazo para que o autobús faga a súa parada en condicións de seguridade, xa que o sitio é moi xusto, e ademais non está acondicionada a dita parada, xa que carece de marquesiñas que protexan ás persoas usuarias fronte ás inclemencias do tempo.

Por iso, a deputada e os deputados que asinan, formulan a seguinte pregunta:

Ten pensado o Goberno galego acondicionar a parada de autobús existente na AC-400 ao seu paso polo lugar do Corgo (Soandres) na Laracha, de cara a facilitar a protección das persoas usuarias e ao mesmo tempo permitir que o autobús pare no lugar que lle corresponde?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 10/01/2023 12:50:42

Martín Seco García na data 10/01/2023 12:50:57

Eduardo Ojea Arias na data 10/01/2023 12:51:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª,** sobre as medidas que debe adoptar o goberno galego para evitar agravios no corpo de Profesores Técnicos de Formación Profesional.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende a aprobación da LOMLOE, a situación do profesorado técnico de Formación Profesional estivo envolta nunha situación de incerteza que traía consigo importantes agravios para un número significativo de docentes.

Esta situación, que foi denunciada polo BNG en varias ocasións neste parlamento, produciuse porque a redacción da LOMLOE imposibilitaba a integración de todo o profesorado técnico de Formación Profesional no corpo de PES, cos agravios e a inseguridade que iso implicaba para estes docentes.

Co proceso de integración do profesorado técnico de FP finalizado e con evidentes eivas que permanecen e implican agravios para profesorado que está a realizar as mesmas funcións nos centros de ensino, danse a día de hoxe situacións laborais e salariais absolutamente inadmisíbeis que teñen unha das súas máximas expresións nas diferenzas de salario entre docentes que, reiteramos, realizan exactamente as mesmas funcións nos centros de ensino.

É importante sinalar que o BNG trouxo xa no ano 21 a este mesmo Parlamento unha iniciativa na que se demandaba da Consellaría de Educación que se habilitase un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

complemento salarial para este profesorado agraviado de maneira que se puidese evitar a situación á que se chegou a día de hoxe. Pero o Partido Popular opúxose a que este complemento salarial se aprobase, provocando co seu voto que estas diferenzas laborais e salariais se perpetuasen até o día de hoxe, tal e como está a denunciar a comunidade educativa.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

Vai o goberno galego habilitar un complemento salarial para todo o profesorado a extinguir do corpo de PTFP ou daquel profesorado que pase a formar parte do corpo de Profesorado Especialista de Sectores Singulares e que a día de hoxe desenvolven os mesmos labores que o PTFP que se vai integrar no corpo de PES?

Ten pensado a Xunta de Galiza proceder ao pagamento das contías con efectos retroactivos á integración coas mesmas condicións para o profesorado interino que estaba en activo en xaneiro de 2021, cando entrou en vigor a LOMLOE, que para o profesorado funcionario de carreira.?

Vai a Consellaría de Educación proceder ao pagamento con efectos retroactivos para o profesorado que aprobou as oposicións en 2021 dende o momento en que empezaron a traballar e non dende que foron nomeadas funcionarios de carreira?

Vai a Consellaría de Educación garantir a continuidade nas listaxes de interinidades daquel persoal interino que teña titulación superior de FP e que non poida integrarse nas novas especialidades que se crean no corpo de Secundaria?

Ten pensado a Xunta de Galiza garantir a estabilidade e a situación administrativa do profesorado especialista naquelas especialidades propias do sistema





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

educativo galego e que polo tanto non van poder optar a unha praza nas mesmas condicións que o profesorado que se integre no corpo de PES?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 10/01/2023 13:30:01

Daniel Castro García na data 10/01/2023 13:30:06

Mercedes Queixas Zas na data 10/01/2023 13:30:16



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Na vila de Nigrán as beirarrúas da estrada de titularidade autonómica da PO-552 están totalmente abandonadas no seu tramo pola parroquia de Priegue. Esta estrada, tamén coñecida como Pablo Iglesias, necesita dunha mellora urxente por parte da Xunta de Galicia.

O Goberno municipal de Nigrán intentou en múltiples ocasións que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade renovase as beirarrúas nos seus diferentes tramos e o saneamento da rúa Pablo Iglesias, sen ter ningunha resposta. Esta demanda lévase facendo ano tras ano.

O Concello solicitou varias veces a mellora dos tramos para seguridade e accesibilidade da veciñanza desta vila. Estas peticións xa foran trasladadas en varias ocasións. A última reclamación destas infraestruturas foi nunha das derradeiras xuntanzas que mantivo o alcalde de Nigrán coa delegada da Xunta de Galicia.

O Grupo Parlamentario Socialista trasladou á Xunta de Galicia, a través das emendas aos orzamentos autonómicos de 2023, unha emenda para dotar de novas beirarrúas e do saneamento da PO-552 ao seu paso pola parroquia de Priegue en Nigrán, ao atoparse en moi mal estado tras máis de 30 anos da súa construción e sen ser reparadas. Emenda que foi rexeitada, outra vez, polo Goberno galego. Levamos anos rexistrando esta emenda e sempre é rexeitada.

A realidade é que estas beirarrúas son totalmente inaccesibles, están desfeitas, con tramos inexistentes e con elementos que entorpecen o paso de calquera cadeira de rodas ou coche de bebé. A maiores, é urxente renovar o saneamento, xa que debido a súa antigüidade hai días que a veciñanza desta rúa non pode soportar os cheiros nauseabundos que veñen do mal estado no que se atopa o saneamento, prexudicando seriamente a varios locais de hostalería que están nesa rúa Pablo Iglesias.

Este problema está causando malestar entre a veciñanza que demanda unha solución ao problema. A Xunta de Galicia ten que arranxar estas beirarrúas e o



saneamento desta rúa de titularidade autonómica situada no concello de Nigrán para mellorar a mobilidade das persoas usuarias.

Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai a Xunta de Galicia realizar este ano a obra de renovación das beirarrúas e do saneamento da estrada autonómica PO-552 no seu tramo pola parroquia de Priegue para mellorar a mobilidade e a seguridade no municipio de Nigrán?

2ª) Cales son os motivos polos que a Xunta de Galicia non incluíu nos orzamentos do 2023 a obra de renovación das beirarrúas e do saneamento da PO-552 no seu tramo pola parroquia de Priegue, no Concello de Nigrán?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 10/01/2023 13:33:59

Patricia Otero Rodríguez na data 10/01/2023 13:34:09

Eduardo Ojea Arias na data 10/01/2023 13:34:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o anuncio de novas prazas de escolas infantís municipais por parte da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na sesión de control do mércores 14 de setembro “o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou unha nova liña de investimento para crear en colaboración cos concellos máis de 3.400 novas prazas en escolas infantís, un 11% máis das que existen a día de hoxe, logo da súa aprobación na reunión de mañá do Consello do Goberno galego”, como recolle a nota informativa difundida pola propia Xunta.

Ao día seguinte, 15 de setembro, e en reunión do Consello da Xunta, o Goberno galego aprobou o Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Xuventude para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de axudas correspondentes ao Programa de impulso de escolarización no primeiro ciclo de educación infantil con novas prazas de titularidade pública, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (código de procedemento BS420E). Total: trinta e catro millóns oitocentos corenta e cinco mil corenta e dous euros (34.845.042 €).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na referencia do Consello da Xunta difundida aos medios de comunicación e pendurada no portal web sinálase que se trata dunha “nova liña de axudas dirixida ás administracións locais financiará as prazas creadas desde o 1 de xaneiro de 2021 e ata o 15 de setembro de 2024. Polo tanto, aqueles concellos que desde comezos do ano pasado xa crearan novas prazas e o xustifiquen, poden recibir financiamento. A xustificación da subvención pode realizarse coa construción de novas escolas infantís, coa ampliación das xa existentes ou coa rehabilitación de inmobles que non están a ser de utilidade e aos cales lles poden dar unha nova vida”.

Desta maneira, trátase dunha liña de subvencións para que sexan os concellos quen continúen a asumir unha competencia que lles é impropia como é a educación infantil sen ter nin sequera contrastado ou negociado nin o máis mínimo a medida coas administracións locais.

Desde o Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego queremos lembrar, como xa fixemos en Comisión na última sesión antes de finalizar o anterior período de sesións, que o goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza está a cargar ás contas municipais unha parte importante da súa política educativa. Sen ir máis lonxe, a gratuidade da matrícula de 0 a 3 anos que no caso das escolas infantís municipais se están a ver agraviadas a respecto das privadas pois os concellos galegos non ven compensada en igual medida a redución de ingresos máis ao contrario, esíxelles un maior esforzo económico.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Cre a Xunta de Galiza que pode seguir facendo anuncios propagandísticos en materia de educación infantil a conta dos orzamentos dos concellos e sen falar o máis mínimo coas administracións locais?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai asumir o Goberno galego a competencia das escolas infantís municipais toda vez que lles é impropia aos concellos?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/01/2023 09:36:33

María Montserrat Prado Cores na data 11/01/2023 09:36:54

Iria Carreira Pazos na data 11/01/2023 09:37:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a política do Goberno da Xunta de Galiza en relación coas familias monoparentais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o ano 2010 o Partido Popular na Xunta de Galiza vén anunciando a creación dun Rexistro de familias monoparentais. Porén, máis dunha década despois este rexistro aínda non existe e está en proceso de elaboración (formulación de achegas vía web) o decreto que debe regulalo.

As familias monoparentais, tanto por causas sobrevidas como por libre decisión, representan un modelo de fogar crecente no noso país e no mundo froito das mudanzas sociais que se produciron nas últimas décadas. Segundo os datos da propia Xunta supoñen no noso país arredor de 42.000.

A inmensa maioría das familias monoparentais tanto en Galiza como no conxunto do Estado español está encabezadas por mulleres, o 80%, e padecen taxas de precariedade, pobreza e risco de exclusión superiores ao do conxunto da poboación. Así, de acordo cos datos da Rede galega contra a pobreza (EAPN-Galiza) previos á pandemia provocada pola Covid-19, o 46,8% das familias monoparentais atopábanse en situación ou risco de exclusión social. Tendo en conta o impacto que tivo a crise sanitaria sobre o conxunto das traballadoras galegas, é máis que evidente que esta situación empeorou.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nos últimos meses varias mulleres que encabezan familias monoparentais por libre decisión gañaron xudicialmente o recoñecemento dos seus dereitos laborais, concretamente a gozar do permiso de maternidade ampliado para aproximar a súa situación á duha familia biparental. Situacións coma esta evidencian que é necesario impulsar mudanzas lexislativas e que Galiza vai tarde a respecto doutros territorios da nosa contorna como Navarra e Catalunya que contan con senllas leis de recoñecemento e acreditación da monoparentalidade ou Aragón, Valencia e Cantabria que contan con ordes e decretos semellantes.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Cando vai aprobar a Xunta de Galiza o decreto que regula e acredita a condición de familia monoparental?
- Que definición recollerá a Xunta de familia monoparental?
- Que medidas prevé incorporar de apoio e de prevención e loita contra a pobreza?
- Cando se creará o Rexistro de familias monoparentais?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 11/01/2023 09:41:18

María Montserrat Prado Cores na data 11/01/2023 09:41:23

Olalla Rodil Fernández na data 11/01/2023 09:41:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de que o Goberno galego adopte medidas para reverter a situación de empobrecemento que sofre a mocidade galega.

Exposición de motivos

No terceiro trimestre do ano 2009, a mocidade galega en idade activa, de 16 a 35 anos, pasou das 655.700 ás 453.600 persoas a comezos deste ano 2022, segundo datos da EPA e do IGE. Isto representa unha caída do 27,2% ao 19,37% na representación da mocidade galega en idade activa sobre o total da poboación galega, en tan só 13 anos.

Actualmente temos unha taxa de emprego do 47,5% nos menores de 35 anos, o que nos fai ver como menos da metade da mocidade menor de 35 anos ten un emprego. A mocidade galega sofre, ademais, a terceira peor taxa de actividade do estado español, un 59%, lonxe da media estatal, que se sitúa nun 63,9%.

Por se isto non fose pouco, a mocidade galega no seu conxunto sitúase nunha taxa de desemprego de preto do 20%, case dobrando a taxa de desemprego do conxunto do país, situada nun 11,2%. Se imos a datos disgregados por tramos de idade, atopamos como a mocidade entre 16 e 19 anos ten unha taxa de desemprego superior ao 55% e na franxa de idade entre os 20 e 24 anos, unha taxa de desemprego superior ao 30%.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Debemos facer fincapé nas condicións da mocidade que si que ten un emprego, sendo este maioritariamente no sector servizos, cun peso do 71,6% no total do emprego xuvenil. Falamos pois, dun sector maioritario no emprego xuvenil, un sector fortemente golpeado pola crise económica na que nos atopamos e tamén un sector que rexistra unha maior precariedade nos seus traballadores e traballadoras.

A mocidade galega soporta tamén unha maior parcialidade nos seus contratos, situándose cinco puntos porcentuais por enriba das outras franxas de idade cun 19,2%, mentres que a temporalidade no emprego xuvenil case duplica a temporalidade rexistrada nas restantes franxas de idade, cun 39,9% de temporalidade.

Outra das cuestións fundamentais que explica a falta de oportunidades para a mocidade e a súa situación precaria é a fenda salarial existente entre as menores de 35 anos e as maiores de 35 anos, supondo isto a percepción dun 20,5% menos do salario. O salario medio anual das traballadoras entre 25 e 35 anos é de 18.156,40 euros, mentres que o salario do resto de idades ascende a 22.834,66 euros.

Estamos, pois, ante unha mocidade con falta de oportunidades, precariedade laboral e falta de poder adquisitivo, o que nos deixa unha mocidade empobrecida que parte dunha peor posición á hora de poder afrontar o seu futuro e a situación de crise económica e social na que estamos actualmente.

Con esta situación precaria de partida, é fundamental adoptar políticas públicas que blinde os dereitos e faga posíbel facer fronte ás necesidades da mocidade galega nesta situación de inflación e carestía, onde as mozas do noso país non son quen de emanciparse e de acadar unha independencia económica que lles permita ter unhas condicións de vida dignas e na terra.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1. A Xunta de Galiza é consciente da situación de precariedade e empobrecemento que padece a mocidade galega na actualidade?

2. Que valoración fai a Xunta de Galiza da actual fenda salarial existente entre as menores de 35 anos e o resto das franxas de idade?

3. Ante uns datos de retroceso e progresiva precariedade e perda de poder adquisitivo na mocidade, como valora a Xunta de Galiza as diferentes políticas destinadas á mocidade galega implementadas polo Xunta nos últimos anos?

4. Que accións concretas vai levar adiante a Xunta de Galiza para rachar coa incapacidade de emancipación da mocidade galega?

5. Como valora a Xunta de Galiza o incremento da parcialidade e temporalidade dos contratos que asina a mocidade galega?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 11/01/2023 09:45:38

Iria Carreira Pazos na data 11/01/2023 09:45:42

María Montserrat Prado Cores na data 11/01/2023 09:45:55

Olalla Rodil Fernández na data 11/01/2023 09:46:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Alexandra Fernández Gómez, Iria Carreira Pazos e Carme González Iglesias, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás accións a tomar para rescatar o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Todas as decisións tomadas polo PP na Xunta de Galiza con respecto á Área Sanitaria de Vigo foron na dirección de condicionala para garantir a súa dependencia da sanidade privada, Povisa, concesionaria do Álvaro Cunqueiro, Acordo Marco para que os hospitais privados rebaxen a lista de espera pública...

Un modelo asentado en converter en negocio a atención sanitaria. Empresas privadas de fóra de Galiza, fondos de investimento que parasitan máis e máis o noso sistema sanitario, ás que lle teñen entregado unha parte importantísima da atención hospitalaria desta área sanitaria.

O paso do tempo pon continuamente ao descuberto con toda claridade esta folla de ruta marcada polo Partido Popular, a súa peor faciana, ao servizo dos poderes económicos a costa da saúde e dos petos d@s cidadáns.

As decisións que foi tomando o Partido Popular en todo o relacionado co Novo Hospital de Vigo estivo envolto desde o seu inicio polo escándalo, a polémica e a sospeita, desde o cambio de modelo, modificación do proxecto, importante redución,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

licitación, multiplicación do orzamento... Un hospital orzamentado en 450 millóns de euros a pagar en 15 anos, pasou coa chegada de Núñez Feixóo á presidencia da Xunta a un custe de máis de 1400 millóns a pagar en 20 anos, até 2035. Ao pago pola construción hai que sumar as importantes cantidades que se contemplan nos orzamentos pola adxudicación que lle realizaron pola xestión de servizos “non sanitarios” como lavandería, limpeza... e a maiores a explotación da cafetería e do aparcamento.

A suma anual dos canons a pagar pola Xunta fixouse no inicio en 56,33 millóns de euros até 2035. Esta cifra ascende a 65.397.982 millóns nos orzamentos do actual ano 2022.

O aumento dos canons parece que non vai ter fin, toda vez que ven de facerse público que a empresa concesionaria ten a intención de solicitarlle á Xunta o incremento dos mesmos en función da evolución do IPC, cuxa contía pode chegar a dez millóns de euros.

É unha evidencia que o modelo privatizador do Partido Popular é un pésimo negocio para as arcas públicas e moi bo para as multinacionais. Está a significar un auténtico sangrado de recursos cara estas empresas, na vez de ser destinados á atención e mellora da sanidade pública, das condicións laborais do persoal ou da calidade dos servizos prestados.

Nunca quixeron actuar para rescatar o Álvaro Cunqueiro das mans privadas, a pesares das múltiples oportunidades que tiveron, desde os incumprimentos ás sucesivas vendas da Sociedade Concesionaria, a última a un fondo de investimento Meridiam Investimentos que se fixo co (43.33%), e tomou o control do hospital.

Deste xeito, a día de hoxe, son donos Hospital multinacionais con sede en Francia, Luxemburgo, China ou Irlanda. Multinacionais que só buscan o lucro a costa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da saúde, un bo exemplo son os máis de sete millóns de euros que figuran nas últimas contas como reparto de dividendos.

No BNG mantemos que os chamados modelos “de colaboración público-privada” e a xestión da sanidade por empresas privadas levan consigo un maior gasto, unha mingua na calidade asistencial que recibe a poboación, perda de postos de traballo, maior precariedade. Ademais de opacidade, falta de transparencia no control da xestión da sanidade e perda de dereitos para a poboación e calidade asistencial.

É preciso poñer fin a esta situación que non ten ningunha xustificación, que non sexa o lucro das empresas, que é tremendamente gravosa para as arcas públicas e que non ten aportado ningunha vantaxe para a atención sanitaria da poboación, moi ao contrario, só se ten verificado o deterioro da mesma.

Xa é hora de que a Xunta actúe como Goberno do país e deixe de actuar como comercial dos grandes grupos e das multinacionais, de que actúe para rescatar o Hospital das gadoupas do capital privado, para que se converta no hospital público que sempre debeu ser e que a área sanitaria de Vigo precisa.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Vai actuar para rescatar o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo para que se converta no hospital público que sempre debeu ser e que a área sanitaria de Vigo precisa?

Ten solicitado a empresa concesionaria do hospital Álvaro Cunqueiro un aumento dos canons que percibe?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De ser así cal é a contía que solicitan?

Ten previsto a Xunta de Galiza previsto acceder a esta petición?

Que control realiza a Xunta da xestión que realiza a Sociedade Concesionaria do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo dos servizos que ten concesionados?

Vai realizar unha auditoría da xestión realizada pola Sociedad Concesionaria do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo dos servizos que ten concesionada a súa xestión?

Que opinión lle merece que grandes empresas, fondos de investimento e multinacionais sexan as propietarias do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo e mercantilen e especulen coa sanidade da Área Sanitaria de Vigo?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Alexandra Fernández Gómez

Carme González Iglesias

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 11/01/2023 09:50:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 11/01/2023 09:50:13

Iria Carreira Pazos na data 11/01/2023 09:50:20

María Montserrat Prado Cores na data 11/01/2023 09:50:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a habilitación de axudas por parte da Xunta de Galiza para afrontar os danos provocados polas choivas do pasado 1 de xaneiro na comarca do Baixo Miño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As choivas do pasado día 1 de xaneiro, provocaron danos de gravidade excepcional na comarca do Baixo Miño. Os concellos desta comarca, que viñan de padecer xa os efectos de fortes choivas (aínda que de menor intensidade) en días anteriores sufriron nesa xornada do primeiro día do ano unha caída de auga que acadou os 126 litros por metro cadrado; o maior dato no histórico da estación meteorolóxica de Areas (Tui) dende que hai rexistros.

Esta adversidade meteorolóxica ocasionou danos en todos os concellos da comarca. No caso de Tui os danos afectaron ao camiño de Santiago e ao casco histórico e no caso da Guarda a intensidade das choivas provocou derrubes na Tegra, na zona do Muíño e inundacións no Codesal, danos estes que supoñen a día de hoxe un perigo evidente para a veciñanza do lugar.

Así mesmo, no Concello do Rosal, as choivas provocaron graves danos na Pesqueira do Río Carballa e na senda do Miño, así como en diversos muros e estradas da contorna.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xa no que ten a ver co impacto no concello de Tomiño, as choivas provocaron mesmo que se se moveran os peiraos do Miño, co que isto implica de perigo para a navegación, e un dano do que se evidencia a especial gravidade nas fotografías aéreas na Fortaleza de San Lourenzo de Goián.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 1ª:

Ten previsto a Xunta de Galiza habilitar unha partida de axudas extraordinarias para afrontar os graves danos ocasionados polas choivas da xornada do 1 de xaneiro de 2023 na comarca do Baixo Miño?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/01/2023 09:53:02

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 11/01/2023 09:53:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre os incumprimentos xeralizados en política social da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Levamos anos escoitando falar e anunciar ao Goberno do Partido Popular medidas estrelas en materia de Política Social como:

1.- A Estratexia fronte á soidade non desexada, un acordo unánime do Parlamento alcanzado en 2019 mais que continúa sen ser unha realidade malia as promesas e a sucesión de actos propagandísticos arredor dela.

2.- O novo modelo de residencias de maiores, comprometido logo da pandemia provocada pola Covid-19 que causou centos de mortes nestes centros poñendo en evidencia as carencias dun modelo de coidados que priorizou o interese das empresas privadas antes que os dereitos das persoas usuarias e traballadoras. Malia os anuncios, continúa sen ser presentado.

3.- A reforma da Lei de inclusión social de Galiza para adaptar a normativa galega á nova realidade socio-económica e, especialmente, ao Ingreso Mínimo Vital a comezar pola incompatibilidade da RISGA con calquera outra prestación económica de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

idéntica natureza. Aínda que a Xunta de Galiza leva dous anos anunciando a súa reforma non rexistrou no Parlamento proxecto de lei ningún.

4.- O decreto que debe regular a condición de familia monoparental e o acceso destas a plans, programas e axudas que garantan os dereitos das crianzas e das mulleres que, en máis do 80% dos casos, encabezan este modelo de fogar. Cómpre lembrar que, de acordo cos datos estatísticos, a taxa de pobreza e exclusión social multiplícase no caso das familias monoparentais a respecto da media.

Da mesma maneira, outros instrumentos de planificación, importantes porque teñen (ou deberan ter) por obxectivo garantir dereitos fundamentais das persoas, tampouco foron avaliados e actualizados. Así acontece coa Estratexia de envellecemento activo (Esgaen 2016-2020), por exemplo.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 5ª:

Cando mudará a propaganda polos feitos a Xunta de Galiza en materia de Política Social?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/01/2023 10:18:46

Iria Carreira Pazos na data 11/01/2023 10:18:50

Olalla Rodil Fernández na data 11/01/2023 10:19:01



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Galicia foi a única comunidade autónoma ao norte do río Douro que non subscribiu a “Estratexia para a conservación e xestión do lobo e a súa convivencia coas actividades do medio rural”, aprobada na Conferencia Sectorial do 28 de xullo do 2022. A negativa do Goberno galego fixo que xunto coa Comunidade de Madrid que solicitou adherirse o 22 de decembro cando xa estaba realizado o peche contable do 2022, sexan as únicas que non recibirán fondos do Ministerio de Transición Ecolóxica para a adopción de medidas para protección do gando e para indemnizacións polos danos infrinxidos polo lobo á gandería.

A sinatura desta estratexia non impedía que o Goberno galego puidese seguir con recursos e o posicionamento en contra, pero permitía poder beneficiarse do reparto orzamentario para as medidas de prevención e indemnización por danos do lobo ao gando, o que suporía máis de 4,3 millóns de euros para o noso territorio.

Desta forma, no reparto dos máis de 15 millóns de euros dispostos para eses fins polo MITECO neste ano, as comunidades máis beneficiadas serán Castela e León, con preto de 9 millóns de euros (catro para danos e preto de 5 para medidas preventivas), Asturias, con máis de 3 millóns e medio (dous para danos e máis de millón e medio para medidas preventivas), Cantabria, con máis de millón e medio de euros (preto de 900.000 para danos e preto de 800.000 para medidas preventivas), A Rioxa, con preto de 500.000 euros (preto de 300.000 para danos e preto de 200.000 para medidas preventivas), Castela A Mancha, con preto de 200.000 euros (preto de 100.000 para danos e preto de 100.000 para medidas preventivas), e Aragón, Extremadura e Cataluña, cuns 100.000 euros cada unha (50.000 euros para prevención e outros tantos para danos, respectivamente).

Mentres os gandeiros do resto das comunidades autónomas accederán a estes fondos en 2023, a Consellería de Medio Ambiente renuncia e segue sen tomar medidas efectivas para xestionar a especie e axudar aos gandeiros coas perdas que produce esta especie no noso territorio, pese ás numerosas iniciativas presentadas polo noso grupo, algunha delas aprobada no Parlamento de Galicia e por petición das organizacións agrarias e gandeiros de toda Galicia.



A Consellería do Medio Ambiente convocou axudas por valor de 1.750.000 euros para previr os danos que a fauna salvaxe nas explotacións gandeiras galegas e son as propias organizacións agrarias as que consideran insuficientes estes fondos que poderían ter outros 4.300.000 euros para cubrir o gasto real que ten que soportar o noso sector agrario.

A Xunta de Galicia ten unha liña de continuidade, sen destinar fondos suficientes para tal fin, xa que están a pagar nestas axudas as mesmas cantidades que no ano 2016, a pesar do incremento de prezos que se rexistrou só ao longo deste ano e non chegan para o custe de construción e mantemento dos valados, para a compra e mantemento dos mastíns e para os pastores eléctricos e segue sen subvencionar o asesoramento técnico das granxas. Tampouco fai distincións entre granxas en intensivo e extensivo, o que provoca que unha gandería de leite que non saca nunca as súas vacas ao campo teñan as mesmas posibilidades de obter estas axudas que unha de ovellas en extensivo ou que se limite a tres o número de mastíns que pode adquirir unha granxa, tendo en conta que en Galicia hai algunha que ten un milleiro de ovellas, das que tres cans solos non poderían coidar.

A Consellería tampouco destina fondos do PDR para tal fin e asume as axudas con fondos propios, 20.000 euros para os afectados polo oso, 286.000 para os do xabaril e 700.000 para os do lobo. A maiores, tamén se convocaron as subvencións para a instalación de valos que eviten os ataques do lobo, dotadas con 400.000 euros e se a iso lle sumamos os 650.000 euros convocados hai unhas semanas para paliar os danos que orixina este animal, o orzamento final é de 1.750.000 euros.

Galicia en 2023 conta cunha poboación de lobos duns 93 grupos reprodutores o que supón o 30 % do total de España e supera a de toda Francia e prodúcese anualmente unhas 3.200 baixas en cabezas de gando (ovino, bovino e cabalar, fundamentalmente), das que unicamente se declaran arredor de 2.400 debido ás trabas burocráticas, cun sistema que fai moi difícil xustificar os danos e á escaseza dos fondos destinados para a súa cobertura.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que previsións ten o Goberno galego despois de perder para o ano 2023, 4,3 millóns de euros dos gandeiros e gandeiras da nosa terra, ao ser a única comunidade autónoma ao norte do Douro que non asinou a Estratexia para a conservación e xestión do lobo e a súa convivencia coas actividades do medio rural?



2ª) Cando ten previsto o Goberno galego actualizar o Plan de xestión do lobo para Galicia que data de 2008, cunha actualización dos censos poboacionais e un novo mapa de presenza do lobo en Galicia?

3ª) Considera o Goberno galego que o orzamento destinado pola Xunta de Galicia para 2023 destinado á prevención e danos por ataque de lobos é suficiente para garantir o 100 % das solicitudes cursadas en regra?

4ª) Ten previsto o Goberno galego actualizar as contías por danos de ataques do lobo que cubran o custe real da perda e que estas se paguen nun prazo menor a 6 meses dende a solicitude do gandeiro, e introducir un novo sistema que facilite a xustificación das perdas dos gandeiros?

5ª) Ten previsto o Goberno galego introducir axudas en materia de prevención ás explotacións en zonas de risco por ataques de depredadores nos cobros da PAC e que estas non exclúan as indemnizacións autonómicas por danos causados por depredadores?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 10/01/2023 17:25:15

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/01/2023 17:25:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Olalla Rodil Fernández, Carme González Iglesias, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o retraso na posta en marcha dun protocolo para casos de submisión química na área sanitaria de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nunha recente comparecencia, en marzo deste ano, a unha pregunta do grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o xerente do Sergas asegurou que xa se estaba traballando na extensión do protocolo para casos de submisión química que xa se puxera en marcha en Ourense.

Resulta incomprensible que cinco meses máis tarde as restantes áreas sanitarias de Galicia sigan sen contar con este protocolo. O problema da submisión química preocupa cada vez máis á sociedade e especialmente ás mulleres xa que existe un elevado número de casos en que a administración de sustancias psicoactivas sen o consentimento da vítima ten como obxectivo último un delito de violencia sexual. Ademais, o tipo de sustancias e a forma de administralas para lograr modificar a capacidade de consciencia e de xuízo da vítima son cada vez máis variadas, o cal xera maior sensación de vulnerabilidade e perigo.

O que non é novidoso é que as Administracións Públicas deben procurar establecer protocolos de actuación e de colaboración entre administracións, así como





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

campañas de difusión e socialización que informen con rigor e aporten ferramentas ás potenciais vítimas. Por iso resulta inaceptable a tardanza por parte do Sergas á hora de estender un protocolo que xa existe para a área sanitaria de Ourense, polo que neste momento se produce un acceso desigual a este recurso no servizo público de saúde.

Nos últimos días son numerosos os casos de submisión química no conxunto do estado que están vendo a luz pública. A raíz da cobertura mediática que está recibindo este grave problema e da alarma pública que existe, vense de anunciar a través dos medios de comunicación que os servizos de emerxencias do hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo preparan tamén un protocolo, o cal non supón ningunha novidade respecto da promesa xa anunciada hai cinco meses.

Esta información que recollemos a través dos medios de comunicación carece de concreción sobre cando entrará en funcionamento realmente. Polo de agora a área sanitaria de Vigo continúa sen ningún tipo de protocolo nin medida específica ante este tipo de casos e as promesas do xerente hai máis de cinco meses continúan sen materializarse.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Cal é o motivo de que cinco meses despois do anuncio por parte do Sergas, continúe sen existir un protocolo de actuación en casos de submisión química contra as mulleres na área sanitaria de Vigo?
- Con que axentes están preparando o anunciado protocolo?
- En que data entrará en funcionamento este protocolo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que medidas de difusión se prevén?
- Que medidas de formación se recollen para as e os profesionais implicados?
- Cantos casos se teñen detectado na área sanitaria de Vigo no que vai de ano?
- Que medidas de apoio psicosocial se van incorporar?
- Que mecanismos de coordinación ou colaboración co CIM se establece?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Carme González Iglesias

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 11/01/2023 10:26:29

Carmela González Iglesias na data 11/01/2023 10:26:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 11/01/2023 10:26:44

Iria Carreira Pazos na data 11/01/2023 10:29:08

Olalla Rodil Fernández na data 11/01/2023 10:29:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Daniel Pérez López e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre o programa Impacto Autónomo na provincia de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Mediante Orde de 28 de decembro de 2022 (publicada no DOG núm. 3 de 4 de xaneiro de 2023 a Consellaría de Promoción do Emprego e Igualdade aprobaba as bases reguladoras do programa Impacto Autónomo procedendo, asemade, á súa convocatoria para o ano 2023.

Na convocatoria pública de axudas para o ano 2023 do programa denominado Impacto Autónomo, dirixido a minimizar o impacto da suba dos custos das materias primas e subministracións nas persoas autónomas e microempresas establécese entre outros extremos:

- Un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva, sendo orde de presentación o criterio para a súa adxudicación.

- Poderán ser beneficiarias das axudas as traballadoras autónomas de alta no Reta e con domicilio fiscal en Galiza, sempre que no exercicio 2021 obtivesen uns rendementos mínimos de 10.000 € sen superaren os 30.000 €.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos, iniciándose o prazo de para a súa presentación ás 0,00 horas do luns 9 de xaneiro de 2023.

O procedemento e requirimentos sinalados supra evidencian, no mellor dos casos, tanto un emprego ineficaz dos recursos públicos por parte da Xunta de Galiza, coma un total e absoluto descoñecemento da realidade do emprego autónomo na provincia de Ourense; algo xa anticipado polas propias traballadoras autónomas e que a realidade, infelizmente, confirmou.

O perfil da traballadora autónoma de Ourense, que en máis dun 33,50% superan os 55 anos (catro puntos por riba da media estatal e tamén lixeiramente superior a media nacional), nun 78,5% sen asalariados a cargo e que case nun 80% cotizan pola base mínima evidenciaban as dificultades para acceder ás axudas convocadas pola Xunta de Galiza, tanto por razóns de procedemento como polos requirimentos esixidos.

Ás circunstancias anteriormente expostas habería que engadir que, tal e como recollen os estudos do IGE, Ourense é a provincia cunha porcentaxe inferior de fogares con conexión a internet, máis de 8 puntos por baixo da media nacional, existindo comarcas nas que a diferenza mesmo chega a duplicarse.

Xa que logo e dado o procedemento imposto pola Xunta de Galiza a obtención das axudas dependerá non tanto do proxecto ou necesidade, senón da conexión a internet, da estrutura organizativa ou das posibilidades de contratalas externamente, algo que non resulta coherente co obxectivo teórico da convocatoria.

E por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera a Xunta de Galiza que a adxudicación de subvencións sen concorrencia competitiva permite seleccionar ás traballadoras autónomas máis necesitadas de apoio ante a súa de prezos?

-Entende a Xunta de Galiza que dada a obrigatoriedade de presentar electronicamente as solicitudes a conexión a internet ou a estrutura organizativa de que se dispoña pode ser determinante para a concesión das axudas?

-Coñece a Xunta de Galiza se existe algunha relación entre a idade e a alfabetización e uso das novas tecnoloxías?

-Que actuacións ten previsto realizar a Xunta de Galiza para que as axudas do programa Impacto Autónomo cheguen as traballadoras autónomas máis afectadas pola suba de prezos e/ou que desenvolvan a súa actividade en localidades con maiores dificultades de acceso a internet?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Daniel Pérez López

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 11/01/2023 11:56:36

Daniel Pérez López na data 11/01/2023 11:57:02

Noa Presas Bergantiños na data 11/01/2023 11:57:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á dotación ao centro de saúde de Lalín de atención pediátrica en horario de tarde.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os recortes que a Xunta de Galiza leva trece anos aplicando en materia de sanidade provocaron un deterioro continuado do sistema sanitario público.

Dentro dos recortes, o persoal é dos principais afectados, sendo sistemática a redución de profesionais, o que significa maior carga de traballo e que a calidade asistencial tamén se vexa afectada. Neste contexto o Partido Popular escudouse na pandemia ocasionada pola Covid 19 para deteriorar aínda máis a sanidade pública, para seguir afastando a asistencia da poboación, recortar servizos, poñendo dificultades para acceder á asistencia sanitaria.

A pandemia xa non vale para tapar a falta de compromiso coa sanidade pública do PP, non vale para tapar a falta de planificación e anticipación, sabían de sobra cantas xubilacións se ían producir, que @s profesionais teñen dereito a baixas, vacacións e días libres. A responsabilidade da Xunta era planificar e organizar e non o fixeron a mantenta e agora pretenden que aceptemos como normal a falta de atención, días de espera para ter unha cita.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste contexto o Centro de Saúde de Lalín vén sendo noticia desde hai anos, entre moitas outras carencias, pola inexistencia do servizo de Pediatría polas tardes. A realidade é que na actualidade conta con tres pediatras en xornada de mañá, das cales unha delas desprázase dous días á semana a Rodeiro un par de horas o que implica que o servizo quede aínda máis mingado.

A carga de traballo que teñen é altísima debido ao elevado número de doentes que atenden diariamente e a complexidade de ditas consultas tanto no relativo ao tempo de atención necesario como a todo o abano médico de atención que require xa que estas profesionais realizan diagnósticos e tratamentos das patoloxías propias destas idades, ademais coordinan actividades de promoción e prevención que permiten realizar unha asistencia médica integral, e se é necesario brindan atención continua cando se atopa algunha anormalidade no desenvolvemento. Non podemos esquecer tampouco que as actividades de promoción e prevención inclúen: vacinación, atención á familia e controis de crecemento e desenvolvemento.

Esta situación non vai facer máis que empeorar pola elevadísima cifra de xubilacións que se van a producir nos vindeiros anos, toda vez que na actualidade son 80 @s pediatras en Galiza que superan os 65 anos.

Desde o BNG é algo que vimos demandando desde hai anos, e que como é evidente a Xunta de Galiza nega sistematicamente, unha solicitude dunha atención que se fai moi necesaria para moitísimas nais e pais que ven como polo tarde e noite só lles queda a posibilidade de acudir ao CHUS ou ir á privada, quen teña a capacidade económica de facelo.

As crianzas teñen dereito á asistencia polos profesionais especialistas en pediatría. Si existe a especialidade é porque nenas e nenos teñen especificidades





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

propias, non son adultos en pequeno. Precisan unha atención experta, axustada ás súas necesidades, unha infancia atendida e coidada é a mellor garantía de persoas adultas máis sans.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Vai dotar de atención pediátrica en horario de tarde ao centro de saúde de Lalín?

. Considera a Xunta de Galiza que as crianzas do concello de Lalín teñen unha atención sanitaria de calidade sen atención polas tardes?

. Considera que @s nen@s deste concello están recibindo unha atención axustada ás súas necesidades?

. Até onde está disposta a chegar a Xunta na política de recortes de persoal e servizos na sanidade pública galega?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/01/2023 12:12:45

Iria Carreira Pazos na data 11/01/2023 12:12:49

María Montserrat Prado Cores na data 11/01/2023 12:13:00





A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

A inclusión do marraxo no Apéndice II da Convención sobre o Comercio Internacional de Especies Ameazadas de Fauna e Flora Silvestres (CITES) en agosto de 2019, provocou que os cargamentos deste escualo enviados a partir do mes de novembro de 2019 tivesen problemas por retencións ou bloqueos.

Foron dous os motivos: a inexistencia dun ditame de extracción non prexudicial que debía ser creado e emitido pola Secretaría de Estado de Consumo, previo informe do Ministerio de Transición Ecolóxica, polo que se dese validez ao envío da carga e, a autoimposición dunha cota de comercialización polo Ministerio de Transición Ecolóxica.

Ante o veto do Ministerio de Transición Ecolóxica de comercializar as toneladas capturadas legalmente polo sector en 2020, a Comisión Europea propuxo permitir a venda desta especie, afirmando que a prohibición de venda e retención total é contraria á PPC, que conleva un quebranto económico para todas as froas implicadas. A Comisión Europea daba así a razón ao sector palangreiro galego.

En decembro de 2021, nas negociacións da sesión anual de ICCAT de 2021, a UE e as 49 Partes Contratantes da Comisión Internacional para a Conservación do Atún Atlántico (CICAA) alcanzan un acordo para o marraxo dientuso do Atlántico Norte.

Entrou en vigor unha prohibición de dous anos sobre a retención de marraxo para deter a sobrepesca e reducir a mortalidade, só no Atlántico Norte, non sendo prohibida a súa pesca nos restantes espazos mariños.

Así, no BOE do 27 de xuño de 2022 o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, publicou a Resolución de 30 de mayo de 2022, de la Dirección General de Biodiversidad, Bosques y Desertificación, sobre el establecimiento de cuotas para la introducción desde aguas internacionales e importación de tiburón marrajo dientuso (*Isurus oxyrinchus*) capturado por la flota española en el año 2022, en el ámbito del Reglamento (CE) 338/97 del Consejo, de 9 de diciembre de 1996, relativo a la protección de especies de fauna y flora silvestres mediante el control de su comercio.





Pero a finais de agosto de 2022, tres europarlamentarios do Grupo Los VerdesAlianza Libre Europea preguntaban á Comisión Europea se asumirá no próximo cumio da Comisión Internacional de Conservación Atlántico (ICCAT) “un papel de liderazgo” para promover as mesmas medidas no Atlántico sur para o veto ás capturas de marraxo.

Ábrase así no Parlamento Europeo unha nova fronte contra o sector palangreiro de Galicia, fundamentalmente asociados a entidades coma as asociacións: OPBURELA (Organización de Productores Pesqueros de Burela), OPNAPA (Organización de Productores Nacional de Palangre de Altura), ORPAGU (Organización de palangreros guardeses), e OPROMAR (Organización de Productores de Pesca del Puerto y Ría de Marín).

Tendo en conta esta situación, e sendo conscientes de que esta especie achega un rendemento económico notable para a nosa frota de palangre, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é a opinión do Goberno galego sobre o posible veto das capturas de marraxo no Atlántico Sur?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 11/01/2023 12:37:52

José Manuel Balseiro Orol na data 11/01/2023 12:38:10

Freire Vázquez, María Begoña na data 11/01/2023 12:38:25

Ana Belén García Vidal na data 11/01/2023 12:38:36

Manuel Santos Costa na data 11/01/2023 12:38:49

María Elena Suárez Sarmiento na data 11/01/2023 12:39:02

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2023 12:43:38
Nº Rexistro: 46809
Data envío: 11/01/2023 12:43:38.329

Daniel Vega Pérez na data 11/01/2023 12:39:29

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-rVB4FIPq-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a creación das Unidades de coidados intermedios anunciadas pola Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En abril de 2022 a Xunta de Galiza anunciaba a creación a comezos de 2023 das primeiras Unidades de coidados intermedios cuxo obxectivo sería dar resposta á atención que precisan determinadas persoas na fase de transición entre a alta hospitalaria e o regreso ao seu domicilio.

Neste senso, desde a Presidencia da Xunta anunciábase a primeira desas unidades no Concello de Mos, dentro dun proxecto socio-sanitario que se levará a cabo no antigo Hospital Psiquiátrico do Rebullón. Porén, nada máis se sabe.

Nun país como Galiza, cun importante grao de avellentamento da poboación, urxe dispoñer de servizos destas características que garantan a atención profesional que precisan persoas que sendo dadas de alta, en termos sanitarios, precisan de apoio e coidados antes de regresar aos seus domicilios.

Cómpre lembrar que cos últimos datos publicados polo IGE, en Galiza hai 239.636 fogares nos que vive só unha persoa e dos que 123.904 son persoas con máis de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

65 anos, principalmente mulleres. Alén diso, en moitos fogares nos que viven dúas persoas, ambas son coidadoras e receptoras de coidados.

Segundo puido saber o G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a Xunta avanzou a algunhas entidades do sector da dependencia e discapacidade, que ademais da unidade do Rebullón prevían crear outra de maneira inmediata no CEGADI de Compostela.

Así as cousas, non existe ningunha planificación, cando menos que conste publicamente no Parlamento de Galiza, nin se avanzou na normativa que regule estes espazos, prazas das que estarán dotados, criterios de administración, etc.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Cando vai pór en marcha a Xunta de Galiza as anunciadas unidades de coidados intermedios?
- Cantas, en que lugares e con cantas prazas?
- Como se regularán e cales serán os criterios de admisión e/ou derivación ás mesmas?
- Conta a Xunta de Galiza cunha planificación estratéxica para a implantación deste recurso?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/01/2023 13:11:26

Iria Carreira Pazos na data 11/01/2023 13:11:30

Olalla Rodil Fernández na data 11/01/2023 13:11:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás medidas fronte ao aumento nos problemas de saúde mental na mocidade galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A COVID-19 colocou en primeiro plano a nosa saúde e evidenciou a **necesidade de contar cuns servizos públicos fortes**. Alén dos efectos na saúde física, a crise sanitaria reforzou as dinámicas alienantes e illadoras dun falido Estado de Benestar relacionadas coas formas modernas de sufrimento psíquico na mocidade.

Cando falamos de saúde mental non podemos ignorar o contexto social e as **enfermidades psíquicas non poden encasillarse como algo puramente biomédico**. O impacto da pandemia entre a xente nova é sistemático, profundo e desproporcionado, a COVID-19 cambiou por completo a nosa forma de relacionarnos, afectando a nosa saúde non só física, senón tamén mental e afondou aínda máis na situación de **precariedade laboral** que vivimos a xuventude a nivel mundial.

Na mocidade, a pandemia tivo efecto inmediato na **educación e no emprego, xa que** unha grande parte das mozas que estaban traballando antes da pandemia perderon o seu posto de traballo, vendo moitas outras as súas condicións laborais deterioradas e a súa carga de traballo aumentada baixo o pretexto do teletraballo. Tamén no **benestar mental cun contrastado** aumento dos problemas de saúde mental entre a mocidade,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

derivados da preocupación tanto pola pandemia como pola crise económica e social derivada desta.

Esta situación de medo ao futuro, incerteza e precariedade deixa uns datos moi preocupantes, marcando no 2020 un máximo histórico no rexistro de suicidios, converténdose estes na segunda causa de morte no Estado para as persoas entre 15 e 29 anos e duplicándose as demandas de consulta en especialistas de saúde mental entre o 2019 e o 2021.

Incrementáronse os factores de risco, aumentaron os trastornos mentais, a depresión, a ansiedade ou o insomnio e empeoraron os trastornos mentais graves debido ás barreiras asistenciais. A situación económica, o desemprego, a precariedade, a imposibilidade de acadar unha independencia económica ou de acadar a emancipación son feitos claves que afondan na aparición e no mantemento no tempo nos problemas de saúde mental na mocidade.

Polo tanto, é fundamental que dende as institucións se poñan medios materiais, económicos e humanos co fin de previr os problemas de saúde mental que se poden desencadear na mocidade, así como tamén para tratar os problemas existentes, á vez que é necesaria unha mudanza no modelo precarizador e negador dun futuro digno para a mocidade galega.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Como valora, a Xunta de Galiza, os últimos datos relativos á saúde mental na mocidade?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. A Xunta de Galiza considera prioritario tomar medidas para atallar a situación relativa á saúde mental na mocidade?

. Cales son as medidas concretas que se están a levar a cabo por parte da Xunta de Galiza en relación coa problemática da saúde mental na mocidade?

. Cal é a análise que fai a Xunta de Galiza sobre as causas e posibles solucións aos problemas de saúde mental que padecen cada vez máis mozas galegas?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 11/01/2023 13:21:25

Iria Carreira Pazos na data 11/01/2023 13:21:34

María Montserrat Prado Cores na data 11/01/2023 13:21:48



Á Mesa do Parlamento

Noa Susana Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

Coñecido a finais de 2022 o nivel de execución orzamentaria da Xunta de Galicia do terceiro trimestre do ano, resultan moi preocupantes os índices que presentan as contas da Secretaría Xeral de Igualdade, da que dependen catro programas concretos do que ningún chega ao 50 % de execución do crédito vixente.

Ao Grupo Socialista parécenos incomprendible ese baixo nivel de execución en tempos nos que non se albisca unha mellora da situación da muller nin no ámbito sociolaboral nin moito menos no que ten que ver coa violencia machista.

Sorprende a baixa execución orzamentaria a esas alturas do exercicio de 2022 do programa Dirección e servizos xerais de promoción social, cun 31,3 %, pero aínda máis que dos 11.573 miles de euros orzamentados para o apoio á conciliación da vida laboral e persoal só estivese executado o 13,7 %.

Á vez, e diante das cifras que amosan un preocupante incremento de todos os tipos de violencia contra as mulleres no noso país, fanse determinantes políticas contundentes de protección ás mulleres vítimas pero tamén de prevención. E por iso é tamén incomprendible a baixa execución orzamentaria rematado o terceiro trimestre do ano dos programas de Accións para a igualdade, protección e promoción da muller, cun 49,9 % executado, e de Protección e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero, cun escaso 37,7 % dun crédito de 17.432 miles de euros.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como valora o Goberno galego a baixa execución orzamentaria rematado o terceiro trimestre do ano 2022 da Secretaría Xeral de Igualdade?

2ª) Que explica a baixa execución da partida de Protección e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero?

3ª) Conta a Xunta de Galicia con previsións máis favorables de execución orzamentaria para este exercicio 2023?





Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 11/01/2023 11:54:49

Julio Torrado Quintela na data 11/01/2023 11:55:05

Marina Ortega Otero na data 11/01/2023 11:55:16



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodriguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

As negociacións dos Totais Admisibles de Capturas (TAC) e cotas para o ano 2023 arroxaron entre outros resultados, que o xurelo do Cantábrico só se poderá pescar de xeito accesorio.

A flota do cerco do Cantábrico e Noroeste será a que terá que facer un esforzo maior para axustar a súa actividade ás cotas dispoñibles.

Para os cerqueiros que capturan xurelo na zona VIIIc este reparto de cotas penalízaos claramente xa que esta especie é o sustento económico do sector do cerco en Galicia, do que viven case que 70 embarcacións e máis de 1.000 mariñeiros ao ser altamente dependentes da captura do xurelo e que este ano só poderán pescar de forma accesorio.

É preciso o apoio tanto do Goberno de España como da Xunta de Galicia, que pasa entre outras medidas, por unha parada temporal da flota afectada pola cota de xurelo que debe de levar consigo axudas que permitan dalgunha maneira o sustento do sector, e que lle permita subsistir ata a apertura das campañas da xarda e da anchoa.

As administracións deben de dar soporte a todo o sistema social e económico que depende do cerco para poder chegar á próxima campaña e deben de apoiar tamén a mariñeiros e armadores no tránsito entre a campaña actual, afectada polas novas cotas, e a mellora do reparto na campaña de 2024, algo no que xa están a traballar de forma intensa tanto o Ministerio de Pesca coma os representantes do sector.

É precisa a implicación das administracións na defensa do sector do cerco de Galicia, afectado pola perda de cota na pesca do xurelo, na procura de solucións e alternativas que sirvan para paliar as graves consecuencias que esta decisión ten neste sector.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que medidas vai a aplicar o Goberno galego de cara a paliar as consecuencias que está a vivir o sector do cerco galego altamente dependente da pesca do xurelo?

2ª) Vai a traballar o Goberno galego co Ministerio de Pesca de cara a acadar unha parada temporal do sector do cerco altamente dependente da pesca do xurelo?

3ª) Vai o Goberno galego a articular axudas económicas propias que acompañen ese paro temporal e que permitan a esta flota subsistir ata a apertura doutras campañas?



4ª) En que medidas está a traballar o Goberno galego de cara a mellorar o reparto de cota do xurelo na campaña do 2024?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 11/01/2023 11:07:52

Julio Torrado Quintela na data 11/01/2023 11:10:42



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O Goberno galego vén de iniciar o proceso de información pública do proxecto de trazado de mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na Rede Autonómica de Estradas (RAEG) no ámbito das rutas de acceso á cidade de Santiago de Compostela polo sur, actuación financiada polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next-GenerationEU.

Este proxecto afecta os concellos de Santiago de Compostela, Rois, Padrón, Dodro, Vedra e Teo, e é precisamente neste último municipio onde, de non ser modificado, o seu desenvolvemento vai ter unha afectación negativa xa que suporá suprimir 24 prazas de aparcamento na Travesía de Cacheiras e 2 na Ramallosa, zonas comerciais e residenciais que na actualidade soportan xa grandes problemas neste sentido.

Afianzar poboación nos pequenos núcleos urbanos é tarefa imposible se non se lle facilita o acceso a todos os servizos, o que pasa tamén por promover o consumo e a actividade comercial local, algo que con este proxecto se verá moito máis comprometido. Por esta razón, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como valora o Goberno galego que o proxecto de mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús no concello de Teo vaia supor a supresión de 26 prazas de aparcamento en Cacheiras e na Ramallosa?

2ª) Está previsto modificar o proxecto para non prexudicar aínda máis esas zonas comerciais e residenciais que carecen de falla de prazas de estacionamento?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 11/01/2023 13:05:51

Patricia Otero Rodríguez na data 11/01/2023 13:06:07

Eduardo Ojea Arias na data 11/01/2023 13:06:22



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

En marzo de 2022 o Pleno do Parlamento aprobaba por unanimidade unha proposición non de lei na que se instaba a Xunta de Galicia a:

1º. Presentar no Parlamento de Galicia, antes de que remate o ano, a avaliación do I Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021, xunto ao Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia.

2º. Presentar no Parlamento de Galicia, antes de que remate o ano, o II Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2022-2025, que, coa corresponsabilidade como reto prioritario, recolla xa accións concretas e orzadas que se van desenvolver nos eidos sanitario, educativo, social etc.

3º. Realizar un estudo exhaustivo en colaboración coas universidades galegas sobre corresponsabilidade en Galicia, con datos sobre repartición dos tempos e de distribución de tarefas domésticas e dos coidados entre mulleres e homes, así como da percepción social que existe sobre esta materia.

4º. Diseñar unha campaña de sensibilización e concienciación no ámbito da corresponsabilidade familiar, promovendo a participación dos homes como referentes necesarios na coeducación e nos coidados no ámbito das familias.

A conselleira de Emprego e Promoción da Igualdade anunciaba no último plenario do Consello Galego das Mulleres que se estaba avanzando na avaliación do I Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021 pero non fixaba prazos para a súa finalización, da que depende o segundo plan. Deste xeito, vai xa un ano perdido para que as familias galegas conten con novos recursos e estratexias coas que avanzar na consecución real da igualdade entre mulleres e homes.

Do mesmo xeito, e pese ao acordado, non realizou ningún tipo de campaña de sensibilización no ámbito da corresponsabilidade familiar nin coñecemos se vai haber un segundo plan específico de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia.



Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cando ten previsto o Goberno galego presentar a avaliación do I Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021?

2ª) Que prazo se marca o Goberno galego para presentar o II Plan galego de conciliación e corresponsabilidade? Que periodicidade anual abarcará?

3ª) Prevé o Goberno galego aprobar un novo plan específico de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia toda vez que o primeiro hai anos que rematou?

4ª) Está previsto o desenvolvemento dunha campaña de sensibilización e concienciación no ámbito da corresponsabilidade familiar, tal e como se acordou por unanimidade no Pleno do Parlamento de Galicia? En caso afirmativo, cando se desenvolvería?

5ª) Que accións novas puxo en marcha en 2022 no ámbito da corresponsabilidade e da promoción da participación dos homes como referentes necesarios na coeducación e nos coidados no eido das familias?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 09/01/2023 17:45:12

Julio Torrado Quintela na data 09/01/2023 17:45:25

Marina Ortega Otero na data 09/01/2023 17:45:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

Exposición de motivos

O enlodamento do río Cabe prodúcese de xeito habitual por distintos motivos ao longo dos anos. Se observamos a prensa da última década podemos ver que distintas obras nas vías ou no corredor provocaron enlodamentos que comprometeron distintas traídas de augas e viabilidade da vida no río.

No concello do Incio nacen o propio Cabe e 3 ríos que desembocan nel, o Saa, o Antigua e o Mao, este último á súa vez recibe augas dos regatos chamados Cereixido, Carballedo e Noceda no Incio, e polo menos outros 3 do concello de Bóveda.

Parte desta rede pode verse comprometida en tanto que estes ríos e regatos por unha banda, ocupan unha gran superficie do mencionado concello, e por outra porque atravesan polo concello da Pobra do Brollón recollendo todo tipo de residuos das escorrentías tralos incendios.

Desta volta, é isto último é o que nos ocupa, o acontecido no mes de novembro e decembro do ano 2022 e recorrentemente no que levamos do 2023, despois dos grandes incendios sufridos no verán nos concellos do Caurel que afectaron tamén á Pobra do Brollón afectando a lugares como Parada de Montes, á Veneira, á zona do Busto, etc.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que son zonas montañosas con grandes pendentes onde é moi difícil controlar os arrastres de terra cara o río.

A perda de vexetación e as escarpadas pendentes, xunto cos elementos naturais como a chuvia e os diversos traballos levados a cabo pola retirada da madeira queimada, conducen a que se acumulen no río todo tipo de materiais e lodos que logo son trasladados directamente ou polos distintos afluentes cara o río Cabe.

No decurso destes ríos as cinsas e os lodos provocan danos irreparables na vida acuática e problemas de saúde para a poboación por contaminación das augas da traída, ou como mal menor máis gastos para os concellos e empeoramento da calidade das augas. Non pasou somentes no Cabe, no río Lor tamén aconteceu, pero isto non é xustificación para dar ambas circunstancias por normais.

Todo parece indicar, desgrazadamente, que o único que freará os incendios son outros incendios que deixen determinadas zonas sen vexetación, e que outros acontecementos como obras e verquidos serán inevitábeis tamén, máxime se non se toman outras determinacións para o coidado deste e de calquera outro río para que deixe de estar en perigo.

O enlodamento provocado no Cabe a fins de decembro e posteriores está sendo extremadamente grave e as súas consecuencias poñen en risco a vida no propio río e a afectación á traída de augas de Monforte puxo en risco tamén á poboación.

É preocupante que ante situacións que se repiten ciclicamente a reaccións da concellería do medio ambiente ou mesmo o do concello sexan de absoluta pasividade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

A que achacan vostedes o gran enlodamento do río Cabe a fins de decembro do 2022 e seguintes e que van facer para previr que volva acontecer?

Que consideración lles merece o enlodamento recorrente do río Cabe?

Que consecuencias aprecian sobre a saúde do río?

Que riscos para a poboación detectaron?

Consideran procedente facer un plan de protección para o río?

Que papel xoga a extracción de madeira queimada das pendentes?

Van establecer algún protocolo de actuación para a retirada de madeira queimada que sirva para protexer os canles dos ríos, e polo tanto, aos ríos mesmos?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 11/01/2023 17:52:35

María González Albert na data 11/01/2023 17:52:39

Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/01/2023 17:52:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Montserrat Prado Cores, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, en relación coas enfermidades profesionais na industria da pedra e do mármore.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As enfermidades profesionais no sector da industria da pedra e do mármore son recorrentes ao longo da historia. Un problema que parece enquistado dados os resultados epidemiolóxicos máis recentes e que puidera parecer tamén insuperábel.

En opinión do BNG estes feitos evidencian unha deficiente prevención de riscos laborais nas empresas do sector, e unha deficiente actuación por parte das administracións titulares das competencias de control e vixilancia do cumprimento das normas de prevención de riscos laborais, nomeadamente por parte da Xunta de Galiza.

O informe do “Instituto Nacional de Silicosis” do ano 2020 deixa os seguintes datos para Galiza:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

	N. SIMPLE	N. COMPLICADA	F.I.D.	Total
Activos	41	9	-	50
Pensionistas	10	10	-	20
Total	51	19	-	70

Dos corenta e un traballadores e traballadoras en activo con diagnose de neumoconiose simple, trinta e sete proceden do sector da lousa e teñen unha historia laboral de risco media de 25,4 anos. Destes, catro presentan enfermidades intercorrentes (dous cardiopatía, un TPR e outro EPOC).

Outros tres traballadores ou traballadoras deste grupo proveñen do sector do granito, desenvolven a súa labor en naves de elaboración, teñen unha historia laboral de risco media de 31,3 anos e un deles presenta EPOC como enfermidade intercorrente. A outra persoa restante desenvolve unha labor no sector das marmorerías desde hai 31 anos.

Das nove persoas en activo diagnosticadas con neumoconiose complicada, seis proceden do sector da lousa e teñen unha historia laboral de risco media de 30,5 anos. Unha destas persoas presenta TPR como enfermidade intercorrente. Outras pertencen ao sector do granito, unha delas traballa nunha canteira desde hai 23 anos e outra nunha nave de elaboración cunha historia laboral de risco de 30 anos. A persoa restante traballa na construción desde hai 36 anos.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As dez persoas pensionistas diagnosticadas con neumoconiose simple proveñen do sector da lousa e teñen unha historia laboral de risco media de 32,1 anos. Unha delas presenta cardiopatía como enfermidade intercorrente.

Oito das dez pensionistas diagnosticadas con neumoconiose complicada proveñen do sector da lousa, presentan unha historia laboral de risco media de 39,6 anos e dúas delas presentan EPOC como enfermidade intercorrente. Outra das pensionistas deste grupo ten traballado en naves de elaboración de granito, presenta EPOC como enfermidade intercorrente pero descoñécese a súa historia laboral de risco. A última das pensionistas deste grupo procede do sector das marmorerías, ten unha historia laboral de risco de 20 anos e presenta EPOC e cardiopatía como enfermidades intercorrentes.

De entre as conclusións deste informe, desde o BNG vémonos na obriga de salientar pola súa importancia as seguintes:

- A porcentaxe de novos casos correspondentes a persoal en activo continúa superando, un ano máis, o 60%.
- Nun elevado número de casos, o 34,5%, a diagnose inicial resulta neumoconiose complicada, o que podería evitarse con unha axeitada vixilancia da saúde dos traballadores e traballadoras do sector.

Con estes datos enriba da mesa resulta inxustificábel que, por exemplo, o Hospital Público de referencia dunha das zonas máis afectadas polas enfermidades da industria da pedra, como é o oriente ourensán, non dispoña, nin sequera, dun servizo de neumoloxía básico para atender estas enfermidades prevalentes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Coñece a Xunta de Galiza os datos dos últimos informes elaborados polo “Instituto Nacional da Silicose”?

. Como valora a Xunta de Galiza na súa condición de autoridade laboral o feito de que en todos os últimos informes publicados se conclúa reiteradamente que a prevención de riscos laborais no sector é deficiente?

. Como explica a Xunta de Galiza que ningún organismo galego participara na elaboración do último Protocolo de vixilancia específica para a silicose? Como valora este último protocolo? Que actuacións realizou para garantir a súa aplicación?

. Como explica o feito de que no Hospital Público de Valdeorras non exista un servizo de neumoloxía?

. Como valora o feito de que sendo Galiza, e nomeadamente a provincia de Ourense, o territorio do estado español onde máis casos de silicose se diagnostican todos os anos non exista no sistema público de saúde galego unha unidade especializada e haxa que remitir doentes e consultas ao centro de Asturias?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2023

Asdo.: **María González Albert**

Montserrat Prado Cores

Daniel Pérez López





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 12/01/2023 10:04:16

María Montserrat Prado Cores na data 12/01/2023 10:04:20

Daniel Pérez López na data 12/01/2023 10:04:30

Ramón Fernández Alfonzo na data 12/01/2023 10:04:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a Rede galega de atención temperá e as medidas previstas pola Xunta de Galiza para garantir a debida atención das crianzas con trastornos de desenvolvemento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En decembro de 2021 o G.P do Bloque Nacionalista Galego impulsamos un acordo unánime para instar o Goberno galego a “reforzar e ampliar a rede galega de atención tempera, dotándoa dos recursos necesarios co obxectivo de que todos os nenos e nenas de até 6 anos con trastornos no seu desenvolvemento poidan recibir as terapias que precisen. Para tal fin ,este fortalecemento da rede galega de atención tempera deberá estar debidamente orzamentado e calendarizado”.

Recentemente desde a Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT) advertiuse ás institucións públicas co gallo do Día da Atención Temperá (16 de xuño) do despregamento da Rede galega de AT sen os criterios de equidade que correspondería. Isto é, continúa a depender moito da localidade e comarca, mesmo da provincia, na que viva unha crianza que poida acceder aos recursos que precisa e aos que ten dereito en tempo e forma.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste senso, existen concellos nos que as listaxes de agarda son de case un ano para acceder ao servizo, diferenzas nas dotacións de recursos materiais, nas instalacións e tamén no número de profesionais cos que están dotados.

Para mudar esta situación desde a AGAT veñen reclamando, entre outras cuestións:

- A reforma do modelo de financiamento do servizo para garantir a estabilidade e equidade do mesmo.
- O dimensionamento axustado á demanda dos servizos. A desaparición das listas de agarda e o establecemento de límites á demora no acceso aos recursos.
- A delimitación de rateos por profesionais
- Unha coordinación real da RGAT a nivel galego a través da creación dunha instancia ou figura que asuma esa función dentro da Consellaría de Política Social.

Desde o Bloque Nacionalista Galego vimos insistindo en que a situación actual supón unha clara vulneración dos dereitos das crianzas alén dun sobrecoste para as familias que se ven obrigadas a sufragar no ámbito privado terapias que o sistema público debera garantir.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Como valora a Xunta de Galiza a situación na que se atopa a Rede galega de Atención Temprá?
- Que criterios está a seguir para a ampliación e o reforzo da Rede?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como valora o Goberno galego o sistema de financiamento destes servizos?
- Que medidas ten previsto a Xunta de Galiza para garantir os dereitos das crianzas con trastornos de desenvolvemento en condicións de equidade e xustiza social?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 12/01/2023 10:09:11

Iria Carreira Pazos na data 12/01/2023 10:09:20

María Montserrat Prado Cores na data 12/01/2023 10:09:31



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

O día 3 de xaneiro deste ano a organización ambientalista Amigos da Terra presentou en virtude do disposto na lei 39/2015 do 1 de outubro, unha queixa dirixida ao Sr. presidente do Consello Forestal de Galicia é ao Sr. conselleiro do Medio Rural da Xunta de Galicia motivado en que o pasado mes de decembro varios medios de comunicación recolleron que D. José Luis Chan Rodríguez, director xeral de Planificación e Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural, durante a reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes sesión do 23 de decembro, a unha pregunta realizada polo Grupo Parlamentario Socialista respecto da creación dun consello de comunidades de montes veciñais, respondeu: “que a principios do ano 2022 se iniciou un proceso participativo para elaborar un “libro branco”, puntualizando que chegaron máis de 90 propostas en moitos sensos e ningunha respecto dese consello que pide o PSOE. Así mesmo, apuntou que: ninguén mencionou este tema e tampouco se facía na proposta de lei, de iniciativa popular, de montes veciñais en man común que o PP rexeitou o pasado novembro”.

Afirma a organización que o director xeral mentiu en sede parlamentaria respecto da cuestión debatida y por iso solicitan que se realice a conseguinte rectificación por parte dos responsables da Consellería do Medio Rural diante do manifestado, negando que ninguén solicitara a creación do Consello de Comunidades de Montes de Galicia. Que se proceda, así mesmo, a ter en conta a solicitude que se formulou por rexistro o día 20 de setembro de 2022. E reiterar a petición da creación inmediata, dentro do Consello Forestal de Galicia, do Consello de Comunidades de Montes de Galicia.

Polo exposto, a deputada e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Mentiu o director xeral de Planificación e Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, en sede parlamentaria, cando afirmou que non se achegara ningunha petición de creación do consello de montes veciñais en man común?



2ª) Por parte dos responsables da Consellería do Medio Rural, vaise proceder a emitir unha rectificación diante do manifestado negando que ningún solicitara a creación do Consello de Comunidades de Montes de Galicia?

3ª) Cando vai proceder o Goberno galego á creación do consello de montes veciñais en man común?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 11/01/2023 17:28:14

Martín Seco García na data 11/01/2023 17:28:27



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Por Decreto 306/2004 do 2 de decembro, creouse o Consello Forestal de Galicia como órgano consultivo e asesor da Administración forestal co obxecto de facilitar unha axeitada xestión sustentable dos montes galegos e dar cumprimento ao principio de participación pública, establecendo unha canle de colaboración cos distintos estamentos interesados da sociedade galega e da comunidade científica. Polo tanto, neste órgano están presentes os representantes da propiedade, da Administración local, das organizacións empresariais, da investigación e das demais organizacións, asociacións de persoas propietarias, titulares de montes e produtoras e entidades relacionadas co ámbito forestal.

A dita disposición modificouse polo Decreto 547/2005, do 20 de outubro, co obxecto de adaptar a composición dos membros do Consello á estrutura orgánica da Xunta de Galicia existente daquela.

O referido decreto establece unha distribución dos membros do dito Consello Forestal de Galicia en función da repartición competencial por consellerías vixente no momento da súa adopción.

A estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia establécese na actualidade polo Decreto 83/2009, do 21 de abril, que redistribúe as competencias en materia ambiental entre a Consellería do Medio Rural e a Consellería de Medio Ambiente.

Pola súa banda, polo Decreto 245/2009 do 30 de abril, reguláronse as delegacións territoriais da Xunta de Galicia.

Esta nova repartición de competencias fai necesario realizar determinadas modificacións no Decreto 306/2004, co obxecto de adaptar a composición do Consello Forestal de Galicia á nova distribución de competencias entre consellerías e á nova composición das delegacións territoriais.

No seu réxime de funcionamento establécese que o Consello Forestal de Galicia reunirase en pleno de forma ordinaria, polo menos, dúas veces ao ano.



A Xunta de Galicia no ano 2022 só convocou o dito consello unha vez, incumprindo a normativa reguladora nunha mostra de total desinterese polos órganos de participación.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

1ª) Por que o Goberno galego só convocou no ano 2022 unha vez o Consello Forestal de Galicia incumprindo a normativa legal que o regula?

2ª) Considera o Goberno galego que respecta o principio de participación pública?

3ª) Vai proceder o Goberno galego a unha inmediata convocatoria do Consello Forestal de Galicia?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 11/01/2023 17:27:17

Martín Seco García na data 11/01/2023 17:27:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A atención primaria está en serio compromiso, no rural aínda máis. Hai numerosísimos casos nos que concellos, que aínda superando os 5000 habitantes, se encontran desatendidos e a súa poboación non goza da mesma posibilidade de acceder á atención sanitaria primaria que a cidadanía que vive en cidades.

É sabido que os concellos con menos poboación tamén contan cunha precaria atención ao que se suma a elevada media de idade dos seus habitantes.

Falamos nesta iniciativa do concello de Baleira, pertencente á comarca da Fonsagrada, no interior montañoso da provincia de Lugo.

Este concello foi perdendo poboación de xeito sostido, e no período 2000-2021 de xeito moi acusado. Contaba no 2000 con 1923 habitantes que descenderon no 2021 a 1190.

A súa actividade agrogandeira aínda se mantén, pero a media de idade da poboación é cada vez máis elevada, estando no ano pasado en 56,76 anos. Isto dá a entender que a necesidade de asistencia sanitaria vai ser máis intensa que se a media de idade fora inferior.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O seu centro de saúde só conta cunha praza de persoal facultativo, o cal sorprende debido a extensa superficie do concello, máis de 160km², e a súa orografía montañosa. Máis alá disto acontece que o titular da praza, que á súa vez é o alcalde do concello, está nunha situación de Comisión de Servizos nun CS de cidade de Lugo. Isto supón que precise substitución, que entendemos que se está a facer por medio dun vínculo de longa duración.

A persoa substituta, pola causa que sexa, está en situación de incapacidade laboral, polo que á súa vez hai que substituíla. Ata onde sabemos, o 95% do tempo está cuberta con 2 facultativos do PAC, que sempre son os mesmos, e o outro 5% do tempo vai outro/a facultativa aleatoriamente.

Todo isto é un pouco anómalo en canto a que é imposible facer un seguimento adecuado dos pacientes que se senten desorientados cando hai variabilidade de criterios facultativos ou ben non logran un vínculo de confianza cos profesionais pola súa rotación.

Por estas cuestións senten que non teñen a calidade asistencial que como calquera outro habitante do noso territorio deberían ter.

Lembrar a maiores que as CCSS son concedidas por gracia da Dirección da Atención Primaria, supostamente revisábeis cada 6 meses, e por suposto non poden concederse se o prexuízo que causa é superior ao beneficio.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Como vai garantir a Consellaría de Sanidade a calidade asistencial na atención primaria no CS do Cádavo-Baleira?

. Consideran vostedes que un sistema de rotación constante de 3 profesionais na mesma praza garante a continuidade asistencial e a coherencia dos diagnósticos e dos tratamentos?

. É un só profesional facultativo suficiente para garantir a calidade asistencial no concello de Baleira?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 12/01/2023 11:23:16

María del Carmen Aira Díaz na data 12/01/2023 11:23:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de cubrir de xeito continuo a baixa do facultativo do centro de saúde de Oourol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como xa é sabido a atención primaria do noso país leva anos sufrindo uns niveis de presión e precariedade imposibles de asumir por parte da sociedade galega e por suposto dos e das traballadoras da nosa sanidade pública.

Esta situación viviuse e vívese con intensidade na comarca da Mariña, que volve ter no concello de Oourol un novo caso de precarización e empeoramento da atención sanitaria. Neste concello de apenas mil habitantes no que a media de idade é moi elevada estase a vivir unha situación na que soamente conta cun facultativo dous días á semana.

Este feito que mostra a grave situación da sanidade pública galega débese a que a Xunta de Galiza non cubre de xeito continuo a baixa do único facultativo co que contaba o centro de saúde. Esta decisión que leva afectando á poboación de Oourol desde hai máis de un mes provocou un grande enfado, reflexado en preto de 500 queixas recollidas nun só día.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deste xeito, volvemos ver como o goberno da Xunta volve afastar os servizos sanitarios públicos dos galegos e galegas que viven no rural e que aínda por riba teñen elevadas idades, unha mestura que lles dificulta aínda máis poder desprazarse a outras lugares da comarca para recibir atención sanitaria.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Cal é a razón pola cal a Xunta de Galiza non cubre de xeito continuo a praza do facultativo do centro de saúde de Ourol?

. Está disposta a Xunta de Galiza a cubrir a praza do facultativo do centro de saúde de Ourol de xeito continuo?

. Canto tempo considera a Xunta de Galiza que tardará en cubrir este servizo na atención primaria de Ourol?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 12/01/2023 11:31:13

Iria Carreira Pazos na data 12/01/2023 11:31:17

María Montserrat Prado Cores na data 12/01/2023 11:31:27





A Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Ramón Carballo Páez, Cristina Sanz Arias, Encarna Amigo Díaz, Carmen Pomar Tojo, José Manuel Balseiro Orol, Belén Salido Maroño, Marisol Díaz Mouteira, Rubén Lorenzo Gómez e Begoña Freire Vázquez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

O Barrio da Milagrosa é un dos máis antigos da cidade de Lugo e, debido ao deterioro experimentado polo paso do tempo, precisa do compromiso do Goberno local e a posta en marcha de medidas que permitan rehabilitar e recuperar as vivendas.

O obxectivo de todas estas actuacións debe ser mellorar a eficiencia enerxética das vivendas, axudando a reducir os consumos dos fogares sen renunciar ao confort dos veciños e veciñas.

E débese aproveitar todas as ferramentas á disposición por parte das diferentes administracións, especialmente os novos programas de axudas da Xunta financiados con fondos europeos e destinados a actuacións de rehabilitación enerxética en edificios e vivendas.

O Concello de Lugo leva anos anunciando medidas e iniciativas para revitalizar o Barrio da Milagrosa, pero que non se chegan a materializar.

Así, o barrio non conta cunha área de rehabilitación integral específica, reclamada en varias ocasións polos propios veciños. E, ademais, todo indica que o Concello non solicitou para A Milagrosa fondos do programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio, financiado con fondos europeos do Plan de recuperación e cuxo prazo rematou xa no mes de outubro.

Agora, a cinco meses das eleccións municipais, o Concello de Lugo volve anunciar a reactivación do plan para reactivar este barrio, que todo parece indicar que pode quedar unha vez máis en papel mollado.





Ante esta situación, consideramos necesario coñecer os trámites que ten realizado o Concello de Lugo ante a Xunta para que a rehabilitación da Milagrosa poida facerse efectiva no menor prazo de tempo posible.

Tendo en conta o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Ten solicitado o Concello de Lugo a declaración de área de rehabilitación integral para A Milagrosa ou ten solicitado axudas para a rehabilitación de barrios?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 12/01/2023 11:42:38

Ramón Carballo Páez na data 12/01/2023 11:43:13

Cristina Sanz Arias na data 12/01/2023 11:43:29

María Encarnación Amigo Díaz na data 12/01/2023 11:43:45

Carmen María Pomar Tojo na data 12/01/2023 11:44:09

José Manuel Balseiro Orol na data 12/01/2023 11:44:24

María Belén Salido Maroño na data 12/01/2023 11:44:41

María Sol Díaz Mouteira na data 12/01/2023 11:44:52

Rubén Lorenzo Gómez na data 12/01/2023 11:45:06

Freire Vázquez, María Begoña na data 12/01/2023 11:45:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a mellora da atención sanitaria en Moraña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde de Moraña leva meses nunha situación crítica: sen médicos/as, anulando citas desde hai máis de 5 meses, con nenos e nenas sen pediatra asignado e cunha situación límite de tensión e colapso que están a pagar tamén, ademais de todas as usuarias/os, as e os profesionais que alí traballan. O persoal do centro de saúde vese obrigado a traballar nunhas condicións inasumibles, cunha sobrecarga de traballo que xera tensión e frustración.

A preocupante realidade do centro de saúde de Moraña vese agravada pola falta de persoal médico no PAC de referencia (Caldas) e a conseguinte saturación das urxencias do Hospital de Montecelo.

Esta situación é consecuencia da falta de planificación e previsión do SERGAS e de trece anos de recortes, privatizacións e precarización do sistema público de saúde, unha política sanitaria que tivo un impacto moito máis forte na atención primaria e nas urxencias hospitalarias.

Lonxe de mellorar, nos comezos do ano 2023 a situación da atención primaria e das urxencias vai a peor na área sanitaria de Pontevedra e O Salnés, constituída en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

auténtica zona cero do deterioro do sistema sanitario público e campo de experimentación de novos recortes por parte do goberno da Xunta.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

Que valoración fai a Xunta da situación do centro de saúde de Moraña?

Vai o goberno galego cubrir as prazas de persoal necesario en medicina de familia e pediatría para darlle unha atención sanitaria digna á veciñanza de Moraña?

Vai o goberno galego dotar do persoal necesario ao PAC de Caldas para darlle unha atención sanitaria digna á poboación de referencia?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2023 11:46:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 12/01/2023 11:46:45



A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Ovidio Rodeiro Tato, Guadalupe Murillo Solís, Ramón Carballo Páez, Carmen Pomar Tojo, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Borja Vereá Fraiz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión de Control da CRTVG**.

A CRTVG forma parte dun sector no que as transformacións se suceden de xeito acelerado, nun entorno moi competitivo, que as veces fai difícil o deseño de estratexias a medio e longo prazo. O 2022 foi un ano de grande incerteza para as empresas de entretemento e medios. Está a mudar a tecnoloxía e está a mudar tamén o comportamento dos consumidores. É preciso ir ao seu encontro, achegarse a eles en liña, nos seus dispositivos móbiles, nas súas residencias, onde e cando eles elixan.

Este contexto esixe un grande esforzo de anticipación e tamén de adaptación. Por iso ao longo dos últimos anos na CRTVG, desde a área de Innovación e Negocio, acometéronse moitos cambios nas súas estratexias no que respecta á venda de espazos publicitarios na televisión, na radio e nas canles dixitais. Unha actividade de negocio que comprende ámbitos distintos con dinámicas propias.

Por unha banda, a publicidade comercial no ámbito galego. E tamén a publicidade comercial no ámbito estatal, integrada na alianza do conxunto de televisións autonómicas da FORTA. Estas estratexias están a dar os seus froitos, ante os ingresos que se están a acadar, e sobre os que trata esta pregunta.

A CRTVG ten as súas contas en equilibrio, está a levar a cabo un proceso de consolidación de emprego para o seu persoal, pechou 2022 cunha cota de pantalla do 10,5, a mellor cifra desde 2013, e os espazos informativos lideran cunha audiencia total de 2.412.000 telespectadores, o 92,3 por cento dos galegos de máis de 4 anos.

Tamén no que se refire aos ingresos comerciais os resultados son positivos.

Para ampliar estes datos, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que valoración fai dos ingresos comerciais acadados polos medios da CRTVG no ano 2022?
- 2.- Cal son as previsións e as liñas de actuación no ano 2023?





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2023 11:58:40
Nº Rexistro: 46894
Data envío: 12/01/2023 11:58:40.918

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 12/01/2023 11:55:50

Ovidio Rodeiro Tato na data 12/01/2023 11:56:11

María Guadalupe Murillo Solís na data 12/01/2023 11:56:27

Ramón Carballo Páez na data 12/01/2023 11:56:45

Carmen María Pomar Tojo na data 12/01/2023 11:57:00

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 12/01/2023 11:57:17

Borja Vereza Fraiz na data 12/01/2023 11:57:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-rVB4FIPq-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O Goberno galego presentaba o 28 de decembro de 2022 o Plan Estratéxico da Conserva 2022-2030, unha folla de ruta coa que a Xunta de Galicia busca reforzar a calidade, o potencial exportador e a innovación dun sector crucial para a economía e o territorio galego.

Trátase dunha planificación, elaborada polo Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación Cetmar e a Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas (Anfaco-Cecopesca), que inclúe arredor de 80 medidas para consolidar Galicia como un referente mundial neste eido. Vaise actuar en sete eixos: a financiación, a produción, a comercialización e exportación, a I+D+i, no emprego e na reputación social.

Para seguir avanzando e mellorando neste eido, o Plan Estratéxico da Conserva 2022-2030 conta con medidas e propostas específicas para diversificar os mercados e chegar a máis lugares fóra da Unión Europea; poñer en valor a produción de proximidade e as marcas históricas; avanzar na dixitalización -mediante o impulso do comercio electrónico, a robotización ou a I+D+i-; atraer talento e garantir a remuda xeracional -mediante o reforzo da FP Dual vencellada co sector ou implantando a xornada laboral de 32 horas- ou para promocionar e fomentar a dieta atlántica.

Con esta folla de ruta para os vindeiros anos, Galicia demostra que quere seguir avanzando e mellorando nun sector no que xa é unha potencia mundial.

Por todo o anterior, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que beneficios terá para a industria conserveira galega a posta en marcha do Plan Estratéxico da Conserva 2022-2030?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2023





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2023 12:26:29
Nº Rexistro: 46902
Data envío: 12/01/2023 12:26:29.075

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 12/01/2023 12:03:42

José Manuel Balseiro Orol na data 12/01/2023 12:03:56

Freire Vázquez, María Begoña na data 12/01/2023 12:04:11

Ana Belén García Vidal na data 12/01/2023 12:04:22

Manuel Santos Costa na data 12/01/2023 12:04:35

María Elena Suárez Sarmiento na data 12/01/2023 12:04:48

Daniel Vega Pérez na data 12/01/2023 12:05:02

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-rVB4FIPq-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O 3 de xaneiro de 2023, a conselleira do Mar visitaba o porto de Muros, onde anunciaba que o seu departamento, a través de Portos de Galicia, levará a cabo a renovación do alumeado en varios portos autonómicos.

As actuacións permitirán instalar novos equipamentos, luminarias e proxectores con tecnoloxía LED e software de telecontrol co obxectivo de mellorar a eficiencia enerxética e as condicións de iluminación das contornas portuarias reducindo o máximo posible a contaminación luminosa.

Estas melloras, incidiu a conselleira do Mar, enmárcanse nos obxectivos de desenvolvemento sostible e contribúen a reducir a pegada de carbono cun menor consumo de enerxía. Ao mesmo tempo responden ao que se coñece como iluminación intelixente, o que permitirá a Portos de Galicia contar con datos en tempo real e indicadores medioambientais así como unha maior eficiencia reducindo custos.

A titular de Mar destacou que a maiores está en tramitación un contrato global para as tres provincias litorais de renovación de firmes e pavimentos nas contornas portuarias así como a sinalización horizontal en explanadas e vías portuarias.

A estes investimentos engádese tamén a instalación de defensas e medios de amarre en distintas dársenas, un contrato que xa se está a executar e que ten como obxectivo mellorar as condicións de traballo dos profesionais do mar.

Por todo o anterior os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

- 1.- Cal é orzamento total destinado por Portos de Galicia para investimentos de renovación e mellora do alumeado nas dársenas galegas?
- 2.- Que portos autonómicos beneficiáronse destes apoios?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2023

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2023 12:27:04
Nº Rexistro: 46905
Data envío: 12/01/2023 12:27:04.121

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 12/01/2023 12:09:03

José Manuel Balseiro Orol na data 12/01/2023 12:09:22

Freire Vázquez, María Begoña na data 12/01/2023 12:09:35

Ana Belén García Vidal na data 12/01/2023 12:09:45

Manuel Santos Costa na data 12/01/2023 12:09:56

María Elena Suárez Sarmiento na data 12/01/2023 12:10:06

Daniel Vega Pérez na data 12/01/2023 12:10:20

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-rVB4FIPq-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O sector da pesca constitúe un sector estratéxico para o desenvolvemento da nosa Comunidade, que ten o reto de contribuír á consecución de determinados obxectivos temáticos do Marco estratéxico común.

Ademais, este sector ten que aproveitar ao máximo os fondos deste marco para acadar os novos retos que se formulan e, neste sentido, tanto o sector extractivo coma o sector transformador terán que aproveitar todas as posibilidades que brindan estes instrumentos para acadar o obxectivo de sector competitivo, sustentable e respectuoso co ambiente.

Dada a importancia social e o gran peso específico das industrias de transformación dos produtos procedentes da pesca dentro do tecido empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse a Orde do 15 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento, tramitado como expediente anticipado de gasto, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

Así, o DOG do 3 de xaneiro de 2023, publicaba a Orde do 16 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento, tramitado como expediente anticipado de gasto, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se convocan para o ano 2023.

Por todo o anterior os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o orzamento para o ano 2023 da orde de axudas para investimentos produtivos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e da acuicultura?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2023

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2023 12:27:35
Nº Rexistro: 46907
Data envío: 12/01/2023 12:27:35.200

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 12/01/2023 12:13:31

José Manuel Balseiro Orol na data 12/01/2023 12:13:46

Freire Vázquez, María Begoña na data 12/01/2023 12:14:00

Ana Belén García Vidal na data 12/01/2023 12:14:10

Manuel Santos Costa na data 12/01/2023 12:14:22

María Elena Suárez Sarmiento na data 12/01/2023 12:14:33

Daniel Vega Pérez na data 12/01/2023 12:14:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-rVB4FIPq-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O 13 de xaneiro de 2023, o DOG publicaba as axudas para proxectos colectivos de modernización das infraestruturas dos portos, das lonxas ou establecementos autorizados para a primeira venda de produtos pesqueiros e dos lugares de desembarque.

Estas achegas -cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP)- forman parte da estratexia de mellora constante destas instalacións e dos equipamentos portuarios para facilitar o labor diario dos profesionais do mar e impulsar tanto a competitividade do sector como a súa rendibilidade.

Destas axudas poden beneficiarse as confrarías de pescadores, agrupacións de interese económico do sector pesqueiro, organizacións de produtores pesqueiros (OPP), cooperativas, asociacións profesionais de persoas mariscadoras e de redeiras. Tamén poderán acceder ás achegas as administracións públicas con competencias en portos para proxectos dirixidos á pesca costeira artesanal.

Así, son subvencionables, entre outras, actuacións que contribúan á mellora da eficiencia enerxética, da protección do medio ambiente e da seguridade así como das condicións de traballo das persoas pescadoras. Ao mesmo tempo fináncianse iniciativas que favorezan a conservación das descargas de peixe e marisco, a súa trazabilidade, a selección ou a etiquetaxe.

Trátase de convocatorias vivas que van sumando novos investimentos cada ano para adaptarse ás necesidades do sector -como foi o caso da pandemia pola covid-19- o que permitirá que no 2023 sexan subvencionables novas actuacións en materia de protección do medio ambiente e para reducir a pegada de carbono.

Por todo o anterior, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o orzamento destinado para o ano 2023 pola Consellería do Mar ás axudas dirixidas á modernización das infraestruturas portuarias?





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2023 12:28:14
Nº Rexistro: 46909
Data envío: 12/01/2023 12:28:14.340

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 12/01/2023 12:17:38

José Manuel Balseiro Orol na data 12/01/2023 12:17:53

Freire Vázquez, María Begoña na data 12/01/2023 12:18:05

Ana Belén García Vidal na data 12/01/2023 12:18:14

Manuel Santos Costa na data 12/01/2023 12:18:25

María Elena Suárez Sarmiento na data 12/01/2023 12:18:39

Daniel Vega Pérez na data 12/01/2023 12:18:57

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-rVB4FIPq-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O Consello da Xunta do 29 de decembro de 2022 aprobou a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida (DOP) Mexillón de Galicia para promocionar e mellorar a comercialización do produto certificado con este selo favorecendo así tanto o seu recoñecemento por parte da cidadanía como o aumento da demanda e dos prezos deste molusco.

Esta colaboración, cofinanciada co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e que vai estar vixente desde a súa sinatura a comezos de 2023 ata o 30 de novembro dese mesmo ano, permitirá desenvolver distintas accións de promoción e difusión da calidade do mexillón de Galicia para mellorar os resultados do sector acuícola e das industrias relacionadas con el nos eidos da comercialización, a promoción e o consumo.

O convenio atende á necesidade de promocionar o produto certificado entre o conxunto da cidadanía e por iso recolle accións para a súa difusión en medios de comunicación xeralistas, outras máis concretas dirixidas a determinados colectivos para dar a coñecer o produto ou a presenza de elementos de identidade corporativa en recintos deportivos ao aire libre.

A finalidade de todo este traballo de promoción é enxalzar o valor engadido do mexillón galego certificado -un produto da máxima calidade- para que acade mellores prezos no mercado. De feito, este tipo de colaboracións -que vai xa pola súa terceira edición- contribúen a impulsar o sector e a mellorar a produción e os resultados dos produtores especialmente nun momento no que a súa actividade se ve condicionada pola suba dos prezos da enerxía e outros factores como as consecuencias da guerra en Ucraína.

Por todo o anterior, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o orzamento total destinado para 2023 no convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia?





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2023 12:28:47
Nº Rexistro: 46911
Data envío: 12/01/2023 12:28:47.512

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 12/01/2023 12:21:40

José Manuel Balseiro Orol na data 12/01/2023 12:21:56

Freire Vázquez, María Begoña na data 12/01/2023 12:22:10

Ana Belén García Vidal na data 12/01/2023 12:22:20

Manuel Santos Costa na data 12/01/2023 12:22:31

María Elena Suárez Sarmiento na data 12/01/2023 12:22:42

Daniel Vega Pérez na data 12/01/2023 12:22:57

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-rVB4FIPq-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Adrian Pardo López, Corina Porro Martinez, Noelia Pérez López, Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Elena Suárez Sarmiento ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego.**

Dende fai uns meses, os veciños do municipio corués de Cambre levan denunciando a inexistencia do servizo de atención temperá.

Un servizo cuxa competencia foi asumida polo Concello en base a unha subvención coa Consellería de Política Social e Xuventude, de quen se recibe os fondos.

O goberno local, formado por unha coalición entre o partido independente Unión por Cambre e o Partido Socialista de Galicia, no cal recae a concellería de sanidade, omitiu licitar o contrato, ademais tampouco puxo este feito en coñecemento da Consellería e dos pediatras a fin de que estes puidesen avaliar outras solucións.

Esta omisión provoca que 50 menores de entre 0 e 6 anos queden sen este servizo de atención temperá.

Unha atención temperá que ten como obxectivo dar resposta, o antes posible, ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no seu desenvolvemento ou en risco de padecelos.

Estes feitos supoñen un grave prexuízo para o medio centenar de menores afectados e todas as súas familias, xa que pon en risco o correcto desenvolvemento destes nenos e nenas nuns anos claves para o seu crecemento.

Resulta incomprensible que un concello como o de Cambre que chega a un acordo coa Consellería de Política Social e Xuventude da cal recibe fondos para poñer en marcha dito servizo non o preste pola omisión nas súas funcións do propio goberno local, algo gravísimo posto que a resposta ante estes trastornos no desenvolvemento dos nenos e das nenas ten que darse o máis axiña posible, polo que este retraso de case un ano na prestación deste servizo ten un efecto directamente negativo entre estes menores.





Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cal é a situación do servizo de atención temperá no concello de Cambre a día de hoxe?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2023.

Asinado dixitalmente por:

Pardo López, Adrián na data 12/01/2023 12:24:49

María Corina Porro Martínez na data 12/01/2023 12:25:03

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 12/01/2023 12:25:20

Noelia Pérez López na data 12/01/2023 12:25:31

María Encarnación Amigo Díaz na data 12/01/2023 12:25:45

López Sánchez, Rosalía na data 12/01/2023 12:26:12

José Alberto Pazos Couñago na data 12/01/2023 12:26:24

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2023 12:59:10
Nº Rexistro: 46928
Data envío: 12/01/2023 12:59:10.481

María Elena Suárez Sarmiento na data 12/01/2023 12:26:42

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-rVB4FIPq-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez e Belén Salido Maroño, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Có comezo do ano 2023 o Goberno que preside o socialista Pedro Sánchez consumaba unha suba xeral de taxas e impostos, mostra da súa voracidade recadatoria e da falta de sensibilidade coas familias, especialmente as máis vulnerables, que sofren o impacto da inflación, da alza xeneralizada dos prezos dos alimentos e da enerxía.

En materia de mobilidade, a estratexia non está a ser diferente e o Executivo central estreaba o ano impoñendo a suba das peaxes nas autoestradas galegas de titularidade estatal, a AP-9 e a AP-53, confirmando a estes itinerarios como os máis caros do conxunto de España.

De nada serviron os acordos acadados no Parlamento de Galicia e no Congreso dos Deputados que establecían un mandato ao Executivo central para conxelar estas tarifas. No caso galego desprezan incluso, unha demanda aprobada por unanimidade, tras lograr concitar o acordo das tres forzas políticas con representación na Cámara.

O Ministerio de Transporte tamén fixo oídos xordos ás peticións que neste mesmo sentido trasladou a Xunta de Galicia, aos pronunciamentos de varios concellos e ás reclamacións formuladas por asociacións de consumidores e de automobilistas e dos propios usuarios destas vías.

Por se isto fóra pouco o incremento das peaxes estatais en Galicia coinciden no tempo coa decisión do Goberno de España de suprimir a rebaixa automática de 20 céntimos que se aplicaba no momento de repostar combustible nas estacións de servizo, o que encarece dun xeito notable a mobilidade dos galegos.

A medida adoptada polo Executivo central ten consecuencias moi negativas nas familias pero tamén para o sector do transporte e do tráfico de mercadorías por estrada, especialmente relevante nunha comunidade como a galega con núcleos de poboación dispersos e un emprazamento periférico.





A falta de votade e de interese por parte do Goberno que preside Pedro Sánchez coa posta en marcha de iniciativas dirixidas a aliviar a situación das familias, especialmente daquelas con baixos ingresos, contrasta co proceder da Xunta de Galicia que si adoptou a conxelación das peaxes nas autoestradas de competencia autonómica.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai a Xunta de Galicia da medida adoptada polo Goberno de España de subir as peaxes das autoestradas galegas de titularidade estatal?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 12/01/2023 12:48:59

María Sol Díaz Mouteira na data 12/01/2023 12:49:16

Carmen María Pomar Tojo na data 12/01/2023 12:49:29

Ramón Carballo Páez na data 12/01/2023 12:49:43

Freire Vázquez, María Begoña na data 12/01/2023 12:49:58

Rubén Lorenzo Gómez na data 12/01/2023 12:50:12

María Belén Salido Maroño na data 12/01/2023 12:50:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o repunte de violencia machista que se está a producir no conxunto do Estado español, a voltación que fai ao respecto o Goberno galego e as medidas que defende e impulsa a Xunta de Galiza diante desta situación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos meses estase a rexistrar no Estado español un repunte de casos de violencia machista con resultado de asasinato. Así o evidencian e demostran as cifras. No que vai de 2023, menos dun mes, foron asasinadas catro mulleres. Un número (detrás do que hai mulleres con nomes e apelidos) que se suma a un decembro negro con 13 mulleres asasinadas en 28 días, a maior cifra rexistrada nun mes de decembro na última década.

En total, en 2022 foron asasinadas no Estado español 48 mulleres.

De acordo cos datos do Consello Xeral do Poder Xudicial de todas as mulleres asasinadas pola violencia machista en 2022 presentaran denuncia o 43% e contaban con medidas de protección 6 delas. Do 20% que solicitaran ordes de protección fóranlles aprobadas ao 13,9%, razón polo que o Ministerio Fiscal avanzou que solicitará a aplicación de medidas –como a pulseira de xeolocalización– a partir de casos de risco medio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Diante desta situación o Ministerio de Igualdade convocou o comité de crise no que están presentes representantes das comunidades autónomas.

Para o G.P. do Bloque Nacionalista Galego, independentemente de que a situación en Galiza non é comparábel en 2022 á doutros territorios do estado, é imprescindible facer unha avaliación do que está a acontecer na nosa contorna, no noso país de maneira específica e sobre todo das medidas que é preciso impulsar para facer fronte non só ao repunte de casos senón á violencia machista no seu conxunto.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

- Que valoración fai a Xunta de Galiza da situación que se está a vivir en materia de violencia machista desde finais de 2022?

- Que asuntos se trataron no comité de crise convocado polo Ministerio de Igualdade e que posición defendeu o Goberno galego?

- Que medidas concretas cre a Xunta que deberían impulsarse para facer fronte a este repunte de casos e continuar a avanzar na loita contra a violencia machista? Cales no marco das súas competencias?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 12/01/2023 13:00:24

Noa Presas Bergantiños na data 12/01/2023 13:00:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López e Manuel Lourenzo Sobral, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a praga de térmita no IES Alfredo Brañas de Carballo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de xuño de 2021 caeu o teito do salón de actos do IES Alfredo Brañas de Carballo. A causa do desprendemento da estrutura, case con toda seguridade, é dobre e combinada: as humidades do teito e unha praga de térmita.

Isto provocou abondosos danos materiais, xa que se desprendeu boa parte do falso teito de escaiola, o que, á súa vez, estragou as butacas da sala e provocou danos no sistema de iluminación e no cadro eléctrico. Ao que hai que sumarlle a praga de térmita, que afecta a gran parte das butacas (que contan con repousabrazos de madeira).

De xeito inmediato, a dirección do centro puxo estes feitos en coñecemento da Consellería de Educación, xirándose aos poucos días unha visita ao centro por parte dun membro da oficina técnica da Consellería, así como un arquitecto.

En marzo do pasado ano, este grupo parlamentar rexistrou unha batería de iniciativas sobre o tema, e foi en abril cando o Conselleiro de Educación da Xunta de Galiza, a pregunta oral en pleno deste grupo parlamentar, respostou que xa se contaba cos estudos técnicos e estudos preliminares e que se encargaría de xeito inmediato a redacción do proxecto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Aínda así, foi en setembro do 2022 cando se publicou nun coñecido diario galego que existía un proxecto para a reforma do salón de actos do Instituto Alfredo Brañas, cunha inversión de 350.000 €. Cuestión, por certo, que a Consellería non trasladou previamente á dirección do centro.

Máis unha vez, este grupo parlamentar formulou unha nova Pregunta Oral en Comisión co obxectivo de confirmar a nova periodística, que desde a Consellería se explicase cal ía ser o cronograma e prazos concretos de execución das obras e cando estaría o salón de actos a dispor da comunidade educativa.

En novembro, nesta Comisión 4ª, arrincamos o compromiso do Secretario Xeral Técnico da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades, Manuel Vila que o salón de actos estaría, en todo caso, a disposición da comunidade educativa para comezo do curso 2023-2024.

Porén, nada manifestou no relativo ao imprescindible arranxo das fachadas do edificio (para evitar o risco de caída de cascotes), nin tampouco indicou que medidas se ían adoptar para frear a praga de térmita que se xa se estende a outras dependencias da parte antiga do IES Alfredo Brañas.

Á espera que se inicien as obras do salón de actos, é imprescindible (e non admite máis demora que a estritamente necesaria para non interferir na actividade académica) unha actuación técnica e profesional de fumigación para eliminar as térmitas do salón de actos e do resto do centro educativo.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten previsto adoptar algunha medida para eliminar a praga de térmita que padece o IES Alfredo Brañas de carballo? Cando?
- Por que non se adoptou ningunha medida para frear a praga con anterioridade?
- Ten previsto o Goberno galego acometer as obras necesarias para evitar o perigo certo de caída de cascotes da fachada do IES Alfredo Brañas? Cando?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Daniel Pérez López**
Manuel Lourenzo Sobral
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2023 13:14:38

Daniel Pérez López na data 12/01/2023 13:14:42



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

En recentes datas os rañeiros veñen de coñecer a imposición, por parte do Goberno de Galicia a través de Portos de Galicia, dunha nova taxa sobre xestión de aceites denominada “recepción de residuos”. Esta taxa é habitualmente cobrada aos barcos, pero non ao colectivo de rañeiros que apenas usa as súas embarcacións para acudir ás zonas de traballo e que, comparativamente co uso de aceites que fan os barcos (grandes motores e maquinarias) non teñen apenas impacto.

A taxa que se ven de impoñer ao colectivo de rañeiros é duns 19 euros, aproximadamente, que previsiblemente se comezará a repetir anualmente e que está sendo notificada aos profesionais de maneira inesperada. A pesares de que a percepción pode ser que non é unha taxa excesiva, a realidade é que non responde ao uso de aceites e consumo que fai este colectivo, que ve esta taxa como un novo recurso de Portos para incrementar a súa xa gran presión sobre as persoas traballadoras do mar.

Portos de Galicia continúa así a súa vertente de entidade obstaculizadora da actividade pesqueira e marisqueira, converténdose nunha institución recadadora de taxas e impostos por diversas actividades sen que repercuta de maneira especial no beneficio do sector produtivo. Así ocorre co cobro de taxas por actividades en terreos portuarios que logo non coida nin mantén, ou co cobro por habilitar edificacións e actividades en instalacións portuarias que nada teñen que ver nin redundan no beneficio do sector do mar. Os cobros polas medidas de seguridade que teñen que afrontar os propios barcos ou agora por esta xestión de aceites a un colectivo que apenas o usa é un engadido máis sobre esta función recadadora case única na actual xestión de Portos de Galicia.

Po iso o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Por que o Goberno de Galicia vén de impoñer unha nova taxa ao colectivo de rañeiros por xestión de aceites?
- 2ª) Creo o Goberno de Galicia que esta nova taxa inesperada por xestión de aceites resulta xusta dada a actividade que realizan os rañeiros?
- 3ª) Está valorando o Goberno de Galicia retirar esta taxa de xestión de aceites imposta por Portos de Galicia?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2022





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2023 13:32:44
Nº Rexistro: 46944
Data envío: 12/01/2023 13:32:44.778

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2023 13:01:12

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2023 13:01:34

CSV: BOPGDSPG-rVB4FIPq-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A situación da sanidade pública galega é un evidente problema de xestión que está amosándose en cada punto de Galicia coa saturación dos profesionais, demoras asistenciais froito da falta de profesionais e déficit na capacidade de xestión dos órganos directivos que negan algúns dos obvios problemas como a falta de atractivo dalgunhas prazas e a necesidade de exprimir ao máximo as posibilidades do sistema de obter o maior número de profesionais posibles.

A dirección da Consellería de Sanidade e dende a propia Presidencia da Xunta de Galicia preténdese, nos últimos tempos, poñer o foco no suposto problema da necesidade de máis prazas MIR para Galicia, tentando de autoexculparse con respecto á responsabilidade estatal no proceso de dotación de prazas de formación.

Estas excusas son desbotadas ao coñecer que, dende o cambio de goberno no Estado en 2018, as 5 convocatorias de formación de residentes emitidas foron, sucesivamente, as 5 convocatorias máis grandes da historia. Tamén este dato se cumpre para as prazas especificamente de Galicia e, tamén, para as explícitas de medicina de familia e comunitaria, que agora superan as 200 por ano mentres no período 2011-2018 non chegaron a 100 ningún ano.

Ademais dos datos anteriormente apuntados, cabe mencionar que todas as peticións de habilitación de prazas novas que fixo o Goberno de Galicia foron concedidas e habilitadas polo Goberno de España, sendo a Comunidade Autónoma de España que máis prazas viu aumentadas en habilitación para medicina familiar e comunitaria para a última convocatoria realizada (probablemente o ámbito onde maior tensión se está a producir). Isto é así a pesares de que na anterior atribución de prazas tras o exame MIR, Galicia non foi quen de cubrir todas as súas prazas de medicina de Atención Primaria. Ninguén que se quixera formar en Atención Primaria en Galicia quedou sen praza MIR e Galicia tivo habilitadas todas as prazas MIR que solicitou. O que non foi explicado en ningunha ocasión é por que o Goberno de Galicia renunciou a 180 prazas da propia especialidade de medicina familiar e comunitaria durante a última década, que podían ter sido convocadas por estar habilitadas pero que o Goberno galego evitou convocar por decisión propia a pesares de coñecer das dificultades de persoal que existen neste servizo.

Non entanto dende o Goberno de Galicia, lonxe de afrontar os problemas que ten o sistema sanitario público de por si na falta de profesionais, segue a apuntar que o único problema é a falta de prazas de formación nas convocatorias. E, con esta situación, a



recente convocatoria para 2023 feita polo Goberno de Galicia, toda vez que foron habilitadas polo Goberno de España o total das prazas que podían selo (725), quedou reducida a 620 por decisión propia do Goberno de Galicia de renunciar a máis de 100 prazas só para este ano. Entre elas están 29 de enfermería familiar e comunitaria, específicas do servizo de Atención Primaria. Esta decisión contrasta de maneira frontal co argumento expresado de maneira repetida polo propio goberno sobre a necesidade de máis prazas formativas, que desta maneira queda reducido a unha mera estratexia de desculpas infundadas.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Por que o Goberno galego renunciou a convocar máis de 100 prazas na última convocatoria MIR toda vez que tivo a oferta de habilitación máis grande da historia por parte do Ministerio de Sanidade?

2ª) Por que o Goberno de Galicia renunciou a 180 prazas de medicina familiar e comunitaria durante a última década cando eran perfectamente coñecidos os problemas crecentes de dotación de facultativos no servizo de Atención Primaria?

3ª) Segue mantendo o Goberno de Galicia que a solución para todos os problemas do sistema sanitario galego pasa por ter máis prazas MIR toda vez que renunciou a convocar máis de 100 soamente neste ano 2023 e a 180 de medicina de familia durante a última década?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2023 13:29:11

Marina Ortega Otero na data 12/01/2023 13:29:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, relativa a unhas obras que afectan ou poden afectar directamente ao xacemento etnoarqueolóxico da Telleira (GA36035114), na rúa Canido no Concello de Nigrán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na rúa Canido do concello de Nigrán atópase o xacemento etnoarqueolóxico da Telleira (GA36035114) que forma parte do catálogo do Plan básico autonómico de Galiza e en virtude do disposto no artigo 30.1 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia forma parte do Catálogo de bens cultural di Galicia, e está sometido as súas normas de protección.

No lugar no que se atopa a telleira estanse executando obras para a construción de dúas vivendas unifamiliares que están afectando directamente ao xacemento.

O estado de deterioro actual dos dous fornos de tella é penoso. Parte dos dous fornos están á vista e non parece que se teña feito unha escavación arqueolóxica do xacemento, nin que se teñan tomado medidas para a súa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conservación da Telleira in situ. As obras non se teñen paralizado e o xacemento estase vendo gravemente afectado.

Como se indica a obra afecta ao propio ben cultural non ao seu contorno, polo que pode ser incompatible coa obra de construción das vivendas se ocasiona a destrución do ben, conforme ao que se establece no capítulo III da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia.

Existen queixas de cidadáns preocupados pola situación deste xacemento aos que se lles negou a información alegando non seren parte interesada.

Segundo a Lei 16/1985, do patrimonio histórico español e a Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia os xacementos arqueolóxicos son bens de dominio público, polo que calquera cidadán ten dereito a ser informado sobre calquera cuestión relacionada cos xacementos arqueolóxicos. Polo que, non resulta comprensible que se negue a información á cidadanía sobre a Telleira da rúa Canido (Nigrán), xa que se trata dun xacemento arqueolóxico.

A Xunta de Galicia, ten a obriga de velar pola protección e conservación do patrimonio cultural de Galiza e polo tanto debe actuar ante calquera actuación que poña en perigo calquera dos bens culturais do noso país, entre os que está o xacemento etnoarqueolóxico da Telleira na rúa Canido do Concello de Nigrán.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Contan as obras de construción de dúas vivendas unifamiliares nas parcelas de referencia catastral 5754918NG1655S0001IJ e 5754919NG1655S0001JJ coa pertinente autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ao afectaren ao xacemento etnoarqueolóxico da Telleira (GA36035114), na rúa Canido no concello de Nigrán?

- Foi persoal funcionario da propia Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o que informou os expedientes destas obras ou a elaboración destes expedientes foi externalizada e informados por persoal dunha empresa privada?

- No caso de seren autorizadas as obras de construción destas vivendas. Ordenouse a conservación dos fornos in situ? En que condicións? Que seguimento desta conservación se fixo?

- No caso de non seren autorizadas estas obras e de que estas vivendas se estean a construír de maneira ilegal. Paralizáronse as obras? Abriuse un expediente sancionador?

- En que situación se atopa na actualidade o xacemento etnoarqueolóxico da Telleira?

- Por que non se lle traslada á cidadanía a información solicitada con referencia a este xacemento arqueolóxico?

- Por que aínda non foi remitida a este grupo parlamentario a copia dos expedientes, completos, da Dirección Xeral de Patrimonio 436/18, VI-PO-071.22, VI-PO-082.22, 651/18, 25/19 e 1270/22, relativos ás obras que afectan





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ou poden afectar directamente ao xacemento etnoarqueolóxico da Telleira (GA36035114), na rúa Canido no Concello de Nigrán, solicitados a través do artigo 9 do Regulamento desta Cámara?

- Que actuacións ten previstas a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para a salvagarda do patrimonio, en concreto no caso do xacemento etnoarqueolóxico da Telleira (GA36035114), na rúa Canido no Concello de Nigrán?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2023

Asdo.: Carmela González Iglesias

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 12/01/2023 13:51:31

Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2023 13:51:37



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

